**ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE 2013.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinte e un de marzo de 2013,** constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

**CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Alvárez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona Mª de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Mar Martín García.

**O R D E      DO      D Í A:**

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2013.**

**2. Proposta de rexeitamento de reclamacións contra acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de ordenanzas de ingresos públicos 2012/01.**

**3. Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do Regulamento da Policía Local.**

**4. Solicitude de compatibilidade para actividade pública secundaria de profesor asociado do voceiro do grupo municipal socialista, Don Francisco Reyes Santiás.**

**5. Modificación orzamentaria número 2013-CTO. EXTRAOR-09. Créditos extraordinarios e recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Servicios y Materiales, SA.**

**6. Proposta da alcaldía de designación de representante do Concello na Fundación Down Compostela.**

**7. Proposición do grupo municipal do BNG solicitando á retirada do anteproxecto da Lei de Administración Local.**

**8. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á defensa do mantemento da obra social de Novagalicia Banco.**

**9. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á denegación da renovación das axudas ás hipotecas.**

**10. Dar conta ao pleno do informe anual de queixas e suxestións.**

**11. Dar conta do informe de seguimento do Plan de Axuste, correspondente ao cuarto trimestre do ano 2012.**

**12. Dar conta de acordos da Xunta de Goberno Local polos que solicita á Xunta de Galicia subvencións para o financiamento dos servizos sociais comunitarios e de diversas escolas infantís municipais.**

**13. Dar conta de expediente informativo investigación interna xustificación realización de actividades por parte das asociacións de veciños de Santa Mariña de Verdía e Mestra Victoria Míguez de Vidán, para a concesión de subvencións de 2012.**

**14. Dar conta de resolucións da Alcaldía relativas a:**

**- Corrección da de 26 de febreiro de 2013 pola que se nomean Delegados da Alcaldía.**

**- Designación de membros do grupo municipal popular en Comisións de informe, estudio e proposta, de carácter permanente e especial e representantes en organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, sociedades mercantís con participación municipal e consellos sectoriais de actuación municipal.**

**15. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**

**16. Rogos e preguntas.**

**17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos presentes, inclúese por urxencia o seguinte asunto, que pasa a ser tratado a continuación do punto segundo da orde do día:

**Acordo da Corporación Municipal de Santiago de Compostela para dar solución aos afectados das participacións preferentes e obrigas subordinadas.**

Cumpriméntase así:

## 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta da súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2013 (acta núm. 3).

## 2. PROPOSTA DE REXEITAMENTO DE RECLAMACIÓNS CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS DE INGRESOS PÚBLICOS 2012/01.

Explica polo miúdo o contido do presente asunto -que trata da resolución de dúas reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial de modificación de ordenanzas fiscais que por erro non foron obxecto do acordo plenario de 26 de decembro de 2012-, o seguinte informe da secretaría de Plenos, do día 15 de xaneiro deste ano:

"En escrito del día 8 de este mes de Enero, se solicita por parte de la tesorería de fondos municipales un informe a esta secretaría sobre el modo de proceder ante la existencia de dos reclamaciones presentadas contra el acuerdo de aprobación inicial del expediente 2012/01, de ordenanzas de ingresos públicos para 2013, que no fueron incluidas en la certificación expedida por esta secretaría del Pleno sobre el resultado del trámite de información pública, ni por tanto fueron objeto de estudio en la correspondiente sesión en la que se aprobaron definitivamente las ordenanzas fiscales para el año 2013, sesión celebrada el día 26 de diciembre de 2012.

No se reproducen los antecedentes por estar perfectamente expuestos en la solicitud que eleva la Tesorería municipal a esta secretaría, pero se concluye, a la vista de los documentos aportados, lo siguiente:

- La Asociación Área Empresarial do Tambre presentó el día 10 de diciembre de 2012 en el registro auxiliar del edificio CERSIA, dos reclamaciones, la primera, con registro de entrada 57795, contra la aprobación inicial de la ordenanza número 3.24, reguladora de la tasa por la utilización privativa y el aprovechamiento especial del dominio público local, y la segunda, con registro de entrada 57797, contra la aprobación inicial de las ordenanzas fiscales 1.04- impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras-, 3.09- tasa por licencias y otros servicios urbanísticos-.

- Ambas reclamaciones están presentadas en tiempo y forma, pero por error no han sido incluidas en la certificación emitida por quien suscribe con fecha 17 de diciembre de 2012, comprensiva del resultado del trámite de información pública al que se sometió el acuerdo de aprobación inicial del expediente 2012/01, de ordenanzas de ingresos públicos.

- En consecuencia, las reclamaciones presentadas por la Asociación no se han tenido en cuenta a la hora de aprobar definitivamente el expediente, lo que acaeció en la sesión extraordinaria celebrada el día 26 de diciembre de 2012

## CONSIDERACIONES JURIDICAS

El procedimiento de aprobación de las ordenanzas de ingresos públicos viene recogido, entre otras normas, en:

**- Los artículos 15 al 21 y 24 y 25 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.**

**- Los artículos 47.1, 107, 123.1.d) y 127.1.a de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.**

**- El art. 89.3 del Reglamento Orgánico Municipal del Pleno del Ayuntamiento de Santiago de Compostela.**

El procedimiento aplicable a la tramitación del expediente "Modificación de Ordenanzas Fiscales 2012/01", una vez aprobado provisionalmente el expediente, sería el siguiente:

a. Aprobado provisionalmente el expediente, se somete a información pública en el tablón de anuncios del Ayuntamiento y en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Teniendo en cuenta que Santiago de Compostela cuenta con una población superior a diez mil habitantes deberán publicar el anuncio, además, en uno de los diarios de mayor difusión de la Provincia.

b. Finalizado el plazo de información pública, se adoptará el Acuerdo definitivo que proceda, resolviendo las alegaciones presentadas y aprobando definitivamente el expediente. En caso de que no se hubiesen presentado alegaciones, el Acuerdo provisional se entenderá definitivo, sin necesidad de Acuerdo expreso.

c. El Acuerdo de aprobación definitiva *[expreso o tácito]* y el texto íntegro de las Ordenanzas fiscales modificadas se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia A Coruña, momento en el cual esta entrará en vigor. Asimismo, dicho Acuerdo de aprobación definitiva se notificará a aquellos interesados que hubieran presentado alegaciones.

Como el Concello de Santiago de Compostela cuenta con una población superior a veinte mil habitantes, editará el texto íntegro de las Ordenanzas fiscales modificadas dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.

Para mayor información a los obligados tributarios, la Ordenanza podrá publicarse en el tablón de anuncios del Ayuntamiento.

Al no haberse seguido el procedimiento indicado con anterioridad, estaríamos ante el supuesto previsto en el **artículo 63 de la Ley 30/1992,** de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, que indica que son anulables los actos de la administración que incurran en cualquier infracción del ordenamiento jurídico, incluso la desviación de poder, añadiendo el párrafo segundo de dicho precepto que “no obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados”, como es el supuesto en el que nos encontramos.

La consecuencia práctica es que ante el supuesto de anulabilidad constatado, la Administración municipal forzosamente ha de **retrotraer el expediente** al momento en el que el vicio fue cometido, al amparo de lo que establece el artículo 67 de la norma citada en el párrafo anterior, que trata del instituto de la convalidación, que no es otro que un acto administrativo por el que se subsanan los efectos de un acto anterior anulable. Dice el artículo en su párrafo 1 que la Administración podrá convalidar los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan, y añade en el párrafo 2 que el acto de convalidación producirá efecto desde su fecha, salvo lo dispuesto anteriormente para la retroactividad de los actos administrativos.

Es de interés destacar que el **artículo 66 de la Ley 30/92** señala que el órgano que declare la nulidad o anule las actuaciones dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción.

Del elenco de preceptos citados se extraen las siguientes consecuencias prácticas:

- Ha de retrotraerse el expediente al momento de emisión de certificación del resultado del trámite de información pública al que se sometió el expediente.

- Una vez emitida, se seguirá el mismo procedimiento utilizado para la aprobación definitiva de las ordenanzas de ingresos públicos, es decir, se emitirá informe por parte de los departamentos de intervención y tesorería municipal, se someterá el expediente nuevamente a dictamen de la comisión informativa, y se elevará a acuerdo del Pleno de la Corporación. Por el principio de conservación de actos, el expediente será complementario del ya tramitado y sobre el que recayó acuerdo, e incluirá únicamente lo que se refiere a los dos escritos de reclamaciones no resueltos.

- Una vez adoptado acuerdo, se publicará en el boletín oficial de la provincia de A Coruña el texto íntegro de las ordenanzas afectadas, si es que hubiera habido modificaciones, conservándose la publicación ya insertada en el Boletín Oficial de la

Provincia con fecha 31 de diciembre de 2012 de no producirse modificaciones en el texto.”

As reclamacións ás que se refire o informe transcrito foron á súa vez obxecto do seguinte informe da tesourería municipal, do día 26 de febreiro deste ano:

**“I) ANTECEDENTES**

Ante a constancia da presentación de dous reclamacións contra a aprobación inicial do expediente 2012/01 que non foron incluidas no certificado de reclamacións que consta no citado expediente, o 8/1/2013 a Tesourería remitiu á Secretaría Xeral do Pleno unha petición de informe (páxinas 1008 a 1016).

O 15/1/2013 o Secretario Xeral do Pleno emitiu o informe que consta no expediente (páxinas 1017 a 1018).

Tendo en conta o apartado de “consecuencias prácticas” contido no informe da Secretaría:

a.- retrotraese o expediente ao momento da emisión da certificación do resultado do trámite de información pública do expediente.

b.- o expediente é complementario do xa tramitado e só incluirá os dous escritos de reclamacións non resoltos.

**II) LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRFL, en diante)
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria
- Real decreto lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**III) CONSIDERACIÓNS**

**III.1 RECLAMACIÓNS**

**III.1.1. - RECLAMACIÓNS CONTRA APROBACION INICIAL DO EXPEDIENTE 2012/01**

O acordo de aprobación inicial do expediente 2012/01 de Ordenanzas de ingresos públicos foi adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 31 de outubro de 2012, e publicado no BOP da Coruña de 5 de novembro de 2012.

As reclamacións presentadas durante o prazo de exposición pública, comprendido entre os días 6 de novembro e 12 de decembro de 2012, recollidas no certificado do Vicesecretario de 30 de xaneiro de 2013 (páxina 1019), foron as seguintes:

| DATA REXISTRO | Nº REXISTRO ENTRADA | RECLAMANTE | ORDENANZA |
|---|---|---|---|
| 27/11/2012 | 55652 | GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA | 1.01 Imposto bens inmobles |
| 4/12/2012 | 56946 | DOÑA TERESA FERRER | 1.04 Imposto sobre construcións |
| 10/12/2012 | 57795 | ASOCIACION AREA EMPRESARIAL DO TAMBRE | 3.24 Taxa utilización dominio Público |
| 10/12/2012 | 57797 | ASOCIACION AREA EMPRESARIAL DO TAMBRE | 1.04 Imposto sobre construcións<br>3.09 Taxa licenzas e outros Servizos urbanísticos |
| 12/12/2012 | 58213 | GRUPO MUNICIPAL DO BNG | 1.01 Imposto bens inmobles<br>1.02 Imposto vehiculos<br>0.00 Ordenanza xeral |

As reclamacións que son obxecto deste informe son as presentadas con data 10/12/2012 con nº de rexistro de entrada 57795 e 57797 posto que as demais xa foron obxecto de informe o 17/12/2012 e de acordo plenario o 26/12/2012.

O artigo 18 do TRFL di que terán a consideración de interesados aos efectos de reclamar contra os acordos provisionais das ordenanzas fiscais:

a) os que tiveran un interese directo ou resulten afectados por tales acordos

b) os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituidas para velar polos intereses profesionais, económicos ou vecinais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Respecto á consideración de interesado do reclamante entendemos que encaixa no artigo 18 b) do TRFL.

## III.1.2.- ANALISE DAS RECLAMACIONS PRESENTADAS

Analízanse as reclamacións presentadas desde o punto de vista xurídico e das posibilidades na súa aplicación. Reiteranse algunhas consideracións xerais incluidas no informe de 17/12/2012:

1.- non é obxecto de valoración neste informe a incidencia económica que a aprobación de propostas de modificación do acordo inicial poidan ocasionar no orzamento e na dispoñibilidade de fondos da tesourería municipal.

2.- para o caso de que o goberno teña a vontade de asumir total ou parcialmente as reclamacións, estas deberán ser revisadas desde o punto de vista técnico para aclarar a redacción, fixar os requisitos e criterios, e establecer o procedemento de tramitación posto que as propostas non sempre son precisas desde o punto de vista tributario. Ademais, poden precisarse informes doutros departamentos municipais.

3.- a implantación das medidas contidas nas reclamacións suporá un traballo adicional para a Tesourería, que inclúe o obrigado cambio no programa informático de xestión de ingresos, inclusive dos conceptos de ingreso, co agravante de que coexistirían dous normativas tributarias durante o mesmo exercicio e a conseguinte necesidade de diferenciar as normas e o sistema de xestión en dous períodos anuais. Considerando as dificultades dos cambios é posible que non estiveran operativos ata moi avanzado o ano.

As reclamacións clasifícanse nos seguintes grupos:

1.- reclamacións que afectan á cota tributaria
2.- reclamacións que afectan a beneficios fiscais

### III.1.2.1.- RECLAMACIÓNS QUE AFECTAN A COTA TRIBUTARIA

A.- modificación da cota tributaria da taxa por licenzas e outros servizos urbanísticos no caso de legalización das obras

A reclamación presentada propón a creación dun “epígrafe específico” para a legalización de obras antigas no polígono industrial do Tambre cunha “reducción importante no coeficiente mínimo a aplicar” ou un baremo fixo por superficie. Non se concreta o que se considera por obras antigas, nin cal é a redución, nin o baremo. O interesado basea a reclamación na complexidade e no actual contexto económico, cuestións que poden afectar a outros supostos e non só aos que son obxecto desta reclamación.

Ademais, considerase que é difícil entender que non é precisa a presentación dun estudo económico-financeiro que avale esa proposta en base ao artigo 25 TRFL, máxime cando se está a cambiar a estrutura tarifaria vixente.

No caso de que se considere estimar a reclamación reitéranse os argumentos dos números 2 e 3 do apartado III.1.2. deste informe.

B.- modificación da cota tributaria da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local para os supostos de paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas

A reclamación presentada propón a aplicación do coeficiente 0,25 (ou dun beneficio do 75%) para as actividades enclavadas en parques empresariais.

O interesado basea a reclamación no agravio para as empresas instaladas considerando a necesidade de accesos e a amplitude dos mesmos.

No caso de que se considere estimar a reclamación reitéranse os argumentos dos números 2 e 3 do apartado III.1.2. deste informe.

III.1.2.2.- RECLAMACIÓNS QUE AFECTAN A BENEFICIOS FISCAIS

A.- beneficio fiscal no imposto de construccións, instalacións e obras no caso de legalización de obras

A reclamación presentada propón a exención no ICIO das obras antiguas no polígono industrial do Tambre. Non se concreta o que se considera por obras antiguas. O interesado basea a reclamación na complexidade e no actual contexto económico, cuestións que poden afectar a outros supostos e non só aos que son obxecto desta reclamación.

En materia de beneficios fiscais rixe o principio de reserva de lei (artigo 9 do TRFL) e considerase que a proposta non ten encaixe nos supostos previstos legalmente.

Ademais, a data de devengo do imposto é a que determina a normativa aplicable na materia e, polo tanto, non podería aplicarse con carácter retroactivo unha suposta exención ás obras xa executadas posto que e, ata de agora, non estaba prevista esta posibilidade nas ordenanzas fiscais vixentes.

No caso de que se considere estimar a reclamación reitéranse os argumentos dos números 2 e 3 do apartado III.1.2. deste informe.

**IV) CONCLUSIÓNS**

En cumprimento do disposto no artigo 17 do TRFL:

1.- debe emitirse proposta de resolución das reclamacións presentadas contra as ordenanzas 1.04, 3.09 e 3.24, e deberán seguir os mesmos trámites que as propostas de aprobación inicial, incluída a aprobación polo Pleno

2.- segundo o informe da Secretaría:

a.- se as reclamacións son estimadas, deberán publicarse no BOP os textos modificados das Ordenanzas antes da súa entrada en vigor.

b.- se non se estiman as reclamacións e, polo tanto, o texto definitivo das ordenanzas é o mesmo que o vixente o 1/1/2013, a Secretaría di que non é necesaria a publicación do texto íntegro das ordenanzas.

Solicítase aclaración á Asesoría Xurídica sobre se é necesaria a publicación no BOP do acordo de rexeitamento das reclamacións, sobre a necesidade de notificación persoal aos reclamantes da estimación ou rexeitamento e sobre o dies a quo para a interposición dun eventual recurso contencioso administrativo."

A proposta da concelleira-delegada de Facenda do día 12 deste mes de marzo emítese no senso de rexeitar as reclamacións, tendo en conta a necesidade de elaborar estudos económicos e os prazos necesarios para a implantación dos cambios esenciais contidos nas reclamacións, do que se traduce a conveniencia de non aprobalas agora, senon iniciar as análises económico-financeiras necesarias para poder fundamentar a decisión.

Por último, consta no expediente o informe desta Secretaría Xeral, do día 18 deste mes, en resposta á solicitude efectuada no  da Tesourería Municipal, que ten o seguinte contido:

**"Aclaración a solicitud de propuesta de Concejala de Facenda de fecha 12 de Marzo de 2013.**

Tal como se ponía de manifiesto en el Informe emitido por esta Asesoría Jurídica de fecha 15 de Enero de 2013,

* Una vez adoptado acuerdo, se publicará en el boletín oficial de la provincia de A Coruña el texto íntegro de las ordenanzas afectadas, si es que hubiera habido modificaciones, conservándose la publicación ya insertada en el Boletín Oficial de la

Provincia con fecha 31 de diciembre de 2012 de no producirse modificaciones en el texto.

Es decir no sería necesaria realizar una nueva publicación si no se producen modificaciones, sin perjuicio de la necesaria notificación del acuerdo de publicación a los reclamantes, siendo el dies a quo para el cómputo de un eventual recurso contencioso-administrativo el día siguiente al de la recepción de la notificación del acuerdo que en el Pleno de la Corporación, en su caso, adopte en la Sesión de 21 de Marzo de 2013."

Dona Cecilia Sierra inicia o debate explicando que o acordo de aprobación inicial do expediente 2012/01, de ordenanzas de ingresos públicos, foi adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 31 de outubro de 2012, e publicado no BOP da Coruña de 5 de novembro de 2012.

O 26 de decembro de 2012 tivo lugar a sesión plenaria na que se aprobou definitivamente o expediente 2012/01 de ordenanzas de ingresos públicos e o día 31 seguinte publicouse no BOP da Coruña o acordo de aprobación definitiva, que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2013.

As reclamacións que foron tidas en conta para a adopción do acordo plenario de 26 de decembro foron as recollidas no certificado do Secretario Xeral do Pleno de 17 de decembro de 2012. Sen embargo, ante a constancia da presentación de dúas reclamacións contra a aprobación inicial do expediente que non foron incluídas no citado certificado e que polo tanto non foron obxecto de acordo plenario de aprobación definitiva, enviouse un novo certificado polo vicesecretario do Concello das reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do expediente.

As ditas reclamacións formúlanse pola Asociación Área Empresarial do Tambre, con respecto á taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial de dominio público local, e ao imposto sobre construcións e taxa polas licenzas e outros servizos urbanísticos.

Explica tamén a concelleira que foi solicitado informe ao Sr. Secretario Xeral do Pleno, que emite o 15 de xaneiro de 2013, e no que conclúe:

1. Deberá retrotraerse o expediente ao momento da emisión da certificación do resultado do trámite de información pública do expediente.

2. O expediente é complementario do xa tramitado e só incluirá os dous escritos de reclamacións.

Emítese un novo informe polo Secretario do Pleno con data do 18 de marzo de 2013, no que se sinala que unha vez adoptado o acordo se publicará no Boletín da Provincia da Coruña o texto íntegro das ordenanzas afectadas, de existir modificacións, conservándose a publicación do Boletín da Provincia de 31 de decembro de 2012 se non as houbera, que é o caso que nos ocupa, é dicir, neste caso concreto non é necesaria unha nova publicación, dado que non se producen modificacións, sen prexuízo da necesaria notificación do acordo de publicación aos reclamantes.

En relación coas reclamacións con número de rexistro de entrada 57795 e 57797 presentadas pola Asociación da Área Empresarial do Tambre, e habida conta do informe de tesourería sobre a necesidade de elaborar estudos económicos, e os prazos necesarios para a implantación dos cambios esenciais contidos nas reclamacións, di a concelleira que parece conveniente non aceptalas agora, e iniciar as análises económico-financeiras necesarias para tomar a decisión no próximo exercicio, e ese é o compromiso do grupo de goberno.

Por esta razón, a Sra. Sierra propón a aprobación polo pleno da desestimación das reclamacións contra o acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de ordenanzas de ingresos públicos 2012/01, presentadas pola asociación da área empresarial do Tambre.

Don Rubén Cela indica que este punto ven hoxe ao pleno municipal porque no seu día, cando se trataron as alegacións ás ordenanzas de ingresos públicos do Concello de Santiago, polas razóns que foran, non se abordaron as que se presentaran en tempo e forma por parte da asociación da área empresarial do Polígono do Tambre. En concreto, por parte dos empresarios do Tambre o que se lle demanda a este Concello é un epígrafe específico, para a legalización de obras antigas no Polígono Industrial, cunha redución importante no coeficiente mínimo a aplicar ou cun baremo fixo por superficies. Fundamentan o seu pedimento na actual situación económica que está a atravesar o Concello de Santiago e o conxunto do noso país, e piden tamén aplicar un coeficiente do 0,25 a respecto dos vados do Polígono do Tambre, é dicir, que haxa unha redución no que teñen que pagar os empresarios do Polígono do Tambre dun 75% a respecto dos seus vados, xustificándoo en base a que é un elemento consustancial a unha nave industrial, e que á parte eses vados teñen que ser dunhas dimensións o suficientemente amplas para poder maniobrar os camións e demais vehículos pesados desas empresas. E en último lugar, o que solicitan é un beneficio fiscal no imposto de construcións, instalacións e obras no caso da legalización de obras.

Indica o concelleiro que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego non está en desacordo con que este concello adopte medidas que poidan ser activas no impulso ou reimpulso da actividade industrial e comercial na cidade, e opina que de igual xeito que hai que ter sensibilidade coa situación tan difícil que atravesan moitos dos nosos

empresarios, tamén hai que pedila para quen non é empresario. Neste senso, lembra o concelleiro que no trámite ordinario de debate desas alegacións, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego plantexou toda unha serie de propostas a respecto do imposto de bens inmobles, principalmente pensadas nas rentas máis baixas desta cidade, que son as vítimas desta crise, para que este concello tivera unha especial sensibilidade con aquelas persoas que peor o están a pasar neste momento. O que obtiveron daquela foi un non como resposta a toda esa batería de medidas, que se poderían ter en conta na ordenanza do ano vindeiro, beneficiando non só ós empresarios senon tamén ao conxunto das familias, e ao conxunto dos veciños de Santiago.

Don Francisco Reyes intervén a seguir, e di que efectivamente a aprobación inicial de ordenanzas de ingresos públicos de 2012 tivo lugar no pleno de 31 de outubro de 2012, o que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 5 de novembro de 2012, abrindo o prazo para a presentación das alegacións, que transcorreu dende o 6 de novembro ao 12 de decembro de 2012. O 10 de decembro de 2012, como é recoñecido e se recolle no expediente, se presentaron en tempo e forma as reclamacións da asociación da área empresarial do Tambre sobre a taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, e sobre o imposto sobre construcións, e a taxa polas licenzas e outros servizos urbanísticos. A pregunta que habería que facer é por qué non foron incluídas estas reclamacións no certificado de reclamacións que consta no expediente de aprobación das ordenanzas de ingresos públicos, e neste senso o informe emitido polo secretario xeral é claro ao respecto cando indica que se debería retrotraer o expediente ao momento da emisión da certificación do resultado do trámite de información pública, en aplicación dos artigos 63 e 67 da Lei 20/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Para o concelleiro, todo isto é froito do que entende como falta de coordinación, nun servizo que conta cunha concelleira con dedicación exclusiva, unha directora de área, tres interventores e dous tesoureiros.

Entrando xa nas reclamacións, manifesta o concelleiro que a Asociación da Área Empresarial do Tambre é unha asociación con interese directo no expediente, que resulta directamente afectada polo acordo acadado, xa que vela polos intereses económicos dos empresarios do Polígono do Tambre, e como interesada, encaixa claramente no artigo 18 na letra b) do Texto Refundido de Facendas Locais. Dende o seu punto de vista, as reclamacións presentadas estarían xustificadas no contexto económico actual, e en consecuencia, o seu rexeitamento supón un grave prexuízo económico para todas as empresas ubicadas no ámbito dese polígono, empresas que teñen a posibilidade de xerar o emprego que tanto necesita a nosa cidade. Entende o concelleiro que se produciu un erro, neste caso do goberno, que puido dar lugar a unha situación de indefensión, e a maneira de solventar ese erro sería ter en conta as reclamacións que propón a asociación das empresas do Polígono do Tambre.

Dona Cecilia Sierra explica a seguir que dende a concellería de facenda xa se mantiveron contactos coa asociación de empresarios, e quedou sobre a mesa o compromiso municipal de actuar con bonificacións fiscais no IBI para o próximo exercicio de 2014. Por outra parte, existe o compromiso en firme de estudar reducións e bonificacións no que respecta á ocupación de vía pública, ó ICIO e ás licenzas. Tamén asumiu o goberno un compromiso en firme de estudar modificacións e reducións no tipo do imposto da contribución, compromiso que tamén se transmitiu ós representantes da asociación de empresarios, que nestes momentos constitúen un motor económico para todo o Concello.

Don Rubén Cela opina que logo da intervención da concelleira de facenda reafírmase no mantido con anterioridade, de que o BNG non está en contra de que se analicen as consecuencias económicas e as repercusións que para o Concello pode supoñe-la revisión na porcentaxe aplicada aos vados, ou ó ICIO no ámbito da área industrial do Polígono do Tambre. Sen embargo, o seu grupo esixe esa mesma sensibilidade para o conxunto da poboación. O Bloque Nacionalista Galego fixo toda unha serie de propostas moi concretas de bonificacións que afectarían ás familias e persoas, que neste momento o están a pasar peor, e nese sentido cree que sería bo que o compromiso que a concelleira de facenda acaba de anunciar de cara aos empresarios do Polígono do Tambre sexa extensible para o conxunto da poboación, sobre todo para as rendas máis baixas, e para as persoas que agora están en situación de desemprego, ou para persoas que teñen a outras ao seu cargo.

Don Francisco Reyes, pola súa banda, di que tamén o PSdeG-PSOE no seu momento formulou unhas alegacións no sentido de afectar a tramos da poboación máis amplos para ter boas bonificacións, nestes momentos tan difíciles para tantas familias e para tantos sectores, aínda que o certo é que hoxe neste momento e neste pleno estamos a falar exclusivamente das reclamacións dos empresarios do Polígono do Tambre.

O seu grupo vai estar alerta sobre o manifestado pola concelleira de facenda, para ver se para o vindeiro exercicio se cumpren os compromisos adquiridos por ela neste foro, aínda que pensa que o menor problema sería a dilatación na aprobación desta ordenanza e ter en conta xa neste ano as reclamacións que fixo a asociación de empresarios do Polígono do Tambre. Por último, solicita o Sr. Reyes que esta situación de que non se recollan as reclamacións formuladas en tempo e forma non se volva a producir.

Xa que logo, de conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Facenda, os informes transcritos con anterioridade e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime interior, Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do pasado día 18, o Pleno da Corporación acorda por acorda por 12 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 11 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, rexeitar as reclamacións presentadas pola Asociación da Área

Empresarial do Tambre con data do 10 de decembro de 2012, de conformidade co informado pola Tesourería de Fondos Municipais, e tendo en conta a necesidade de elaborar estudos económicos e os prazos necesarios para a implantación dos cambios esenciais contidos nas mesmas, do que se traduce a conveniencia de non aprobalas agora, senon iniciar as análises económico-financeiras necesarias para poder fundamentala decisión. En consecuencia, enténdese definitivamente adoptado, sen variacións, o acordo de aprobación inicial das ordenanzas núms. 3.09, reguladora da taxa por licencias e outros servizos urbanísticos, e 3.24, reguladora da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, adoptado en sesión plenaria de 31 de outubro de 2012, e tamén se entende definitivamente adoptado, sen variacións, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza 1.04, reguladora do imposto sobre construccións, instalacións e obras, acordo adoptado en sesión plenaria de 26 de decembro de 2012.

O presente acordo notificarase aos interesados.

Expón o Sr. Alcalde que diante do pedimento do público congregado na sala, e da anuencia dos grupos municipais, vaise tratar seguidamente, alterando a orde do día preestablecida, o asunto denominado "acordo da Corporación Municipal de Santiago de Compostela para dar solución aos afectados das participacións preferentes e obrigas subordinadas", que se inclúe por unanimidade pola vía da urxencia:

**3. ACORDO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DAR SOLUCIÓN AOS AFECTADOS DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS.**

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade a seguinte moción para dar solución aos afectados polas participacións preferentes e obrigas subordinadas:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As participacións preferentes e obrigas subordinadas son produtos financieiros tóxicos que foron comercializados entre persoas que eran pequenas aforradoras, ocultándolles información e, na maioría dos casos, facéndolles crer que se trataba de produtos seguros, identificados como depósitos a prazo fixo, e sen facelas partícipes dos riscos inherentes a este tipo de produtos. Transcorrido máis dun ano dende o comezo do conflito, a maioría das persoas afectadas seguen a agardar pola solución comprometida antes pola entidade e agora polo Goberno do Estado, xa que está nacionalizada ao 100%.

A neglixente comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas foi recoñecida pola propia entidade financeira, a Xunta de Galicia, o Ministro de Economía,

o goberno do Estado e a Unión Europea. O Fiscal Xeral de Galicia, que o cualifica de estafa masiva, ten presentada unha denuncia colectiva que nestes momentos xa está admitida a trámite, pendente de resolución, e sobre a cal manifestou publicamente que está disposto a levar esta causa ata o Tribunal Supremo, para acadar a anulación dos contratos.

O certo é que estas persoas vense privadas dos seus aforros no momento en que máis necesidade teñen deles. A situación de crise que está a vivir o país está levando a que as familias afectadas, privadas dos seus aforros e, en moitos casos, con parte dos seus membros en situación de desemprego, se atopen nunha situación desesperada, que require dunha resposta inmediata que supoña un alivio para un padecemento inxustificado.

Ata o momento, a única fórmula ofertada para a anulación dos contratos foi a arbitraxe de consumo, solución parcial para a inmensa maioría dos afectados.

A situación a día de hoxe é que:

- O 82% dos afectados/as por preferentes e subordinadas (máis de 50.000 persoas) seguen sen recuperar os seus aforros.

- A arbitraxe solucionou 2 de cada 10 casos de estafa.

- O Real Decreto Lei 24/2012, (logo Lei 9/2012, do 15 de novembro) vai aplicarlle unha "quita" aos aforros en preferentes ou subordinadas e un canxe do resto por accións non cotizábeis, o que supón un espolio do 100% dos aforros de toda a vida e unha nova estafa. Resulta unha desvergoña solicitarlle ao Banco de España, FROB, Ministerio de Economía e Facenda ou Comisión Europea, que reduza ou non se produzan as quitas cando éstas son resultado directo da aplicación da Lei 9/2012. Esta lei deriva das negociacións coa Unión Europea establecidas a través do "Memorando de entendemento" no que se acordan as quitas e os trocos que deben asumir os tenedores de preferentes e subordinadas da banca nacionalizada, o que supón a "legalización" da estafa da que foron vítimas milleiros de pequenos e pequenas aforradores/as enganados/as.

A Plataforma de afectados por participacións preferentes e obrigas subordinadas de Compostela e comarca ten como obxectivo principal a recuperación do 100% dos aforros para todos os afectados desta estafa.

Por todo o exposto a Corporación municipal acorda:

1. Que o Concello realice as xestións necesarias para obter toda a información relativa ao número de afectados, número de solicitudes de arbitraxe, número de laudos resoltos favorablemente, os cartos secuestrados e devoltos aos veciños de Compostela, e ter unha información real e actualizada.

2. Instar á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros, a través dun procedemento universal e extraxudicial, que dite a anulación de todos os contratos de participacións preferentes ou obrigas subordinadas dos clientes de NCG Banco afectados pola fraude.

3. Instar ao goberno do Estado para que se adopten as solucións legais oportunas para eliminar nas quitas e os canxes por outro tipo de produtos sen liquidez, que supoñan perdas por parte dos aforradores que sexan titulares de particpiacións preferentes e obrigas subordinadas.

4. Instar ao Instituto Galego da Consumo á colaboración co Concello de Santiago de Compostela mediante o mecanismo que se determine para dotar de asesoramento a todas as persoas afectadas pola fraude na adquisición de participacións preferentes e obrigas subordinadas."

**4. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DA POLICÍA LOCAL.**

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2012, aprobou inicialmente o Regulamento da Policía Local, o que se someteu á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 17 de xaneiro deste ano.

No prazo de exposición ó público presentaron alegacións os seguintes interesados:

* D. Gabriel Monteagudo Romero, en representación da sección sindical do CSIF do Concello de Santiago, con data do 15 de febreiro e número de rexistro de entrada 8844.

* O grupo municipal socialista, con data do 15 de febreiro e rexistro de entrada número 8999.

* D. José Pombo Boquete, en representación da sección sindical do SPPME-Galicia, con data do 16 de febreiro e rexistros de entrada números 9030 e 9031.

* D. Francisco Javier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, con data do 21 de febreiro e rexistro de entrada 10103.

As alegacións presentadas foron obxecto do seguinte informe do departamento de tráfico, do día 13 deste mes:

**“**Por acordo do Pleno da Corporación con data do 27 de decembro de 2012 foi aprobado inicialmente o Regulamento da Policía Local do Concello.

O 17 de xaneiro de 2013 foi publicada no BOP a apertura do prazo de información pública do documento, que rematou o 21 de febreiro de 2013.

Neste prazo foron presentadas as seguintes alegacións, como se fai constar no certificado asinado polo Vicesecretario desta Corporación:

- Alegación do Grupo Municipal Socialista, presentada o 15 de febreiro, con número de rexistro de entrada 8999.
- Alegacións de don José Pombo Boquete, en representación da Sección Sindical do SPPME-Galicia, con data do 16 de febreiro e con números de rexistro de entrada 9030 e 9031.
- Alegación de don Gabriel Monteagudo Romero, en representación da Sección Sindical do CSIF do Concello de Santiago, con data do 15 de febreiro e con número de rexistro de entrada 8844.
- Alegación presentada por don Fco. Javier Picón Picallos, en representación da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, con data do 21 de febreiro e con número de rexistro de entrada 10103.

**PRIMEIRA.-** Na alegación presentada polo Grupo Municipal Socialista recóllese o seguinte:

1.- En canto á uniformidade, alégase que no artigo 3 da Orde do 22 de xullo de 2010, pola que se establece a descrición e as características das distintas pezas da uniformidade dos corpos da policía local, se recolle o seguinte: “de igual modo establecerán os períodos de renovación das pezas da uniformidade, tendo en conta o tipo, características e estado de conservación das mesmas”. Os artigos 42 e 45 da norma non establece cal é o período de renovación das pezas da uniformidade pero o anterior regulamento establecía no seu artigo 50 que a uniformidade se renovaría anualmente.

Con base nisto, entenden que a norma no cumpre a determinación contida na Orde e que deben establecerse uns prazos de renovacións das pezas da uniformidade.

En relación co alegado cómpre sinalar que a regulación anterior semellaba totalmente excesiva. Non ten sentido renovar anualmente todas as pezas da uniformidade e, ademais, os orzamentos municipais non poden facer fronte a este gasto. Por iso, a

regulación contida no artigo 43 sinala que a renovación se producirá cando, polo estado ou características de cada peza, sexa conveniente e necesario.

Porén, efectivamente, o artigo 3 da Orde do 22 de xullo de 2010 determina a necesidade de establecer cales serán os períodos de renovación das pezas e, neste senso, e para dar cumprimento á dita disposición, proponse engadir ao parágrafo segundo do devandito artigo 43 o seguinte:

**Artigo 43. O Concello dotará ao persoal do corpo da Policía Local da uniformidade correspondente para a mellor prestación do servizo, e levará a cabo a súa renovación cando, polo estado ou características de cada prenda, sexa conveniente e necesario. En todo caso, a renovación das pezas de uniformidade axustarase aos prazos contidos no anexo I deste Regulamento.**

**O anexo terá o seguinte contido:**

**Criterios para a renovación das pezas da uniformidade**

**1. Uniformidade ordinaria**
**a) Polo de manga corta: 1 ano.**

**b) Polo de manga longa: 1 ano.**
**c) Pantalón: 1 ano.**
**d) Zapatos: 1 ano.**
**e) Botas e botas de auga: 2 anos.**
**f) Calcetíns e medias: 1 ano.**
**g) Xersei: 4 anos.**
**h) Suéter polar: 2 anos**
**i) Cazadora tipo polar: 4 anos.**
**j) Chaquetón: 4 anos**
**k) Camiseta interior térmica: 1 ano.**
**l) Cubre pantalón: 2 anos**
**m) Gorra de béisbol: 2 anos.**
**n) Cinto: indefinido.**
**ñ) Colo tipo polar: 2 anos.**
**r) Guantes técnicos: segundo a homologación.**
**o) Chaleco reflectante: segundo a homologación.**

**2. Uniformidade de unidades de motorista:**

**a) Casco integral: Segundo homologación.**
**b) Casco semiintegral: Segundo homologación.**

**3. As pezas específicas da uniformidade de gala terán una renovación indefinida, en todo caso suxeita ao principio xeral da súa necesidade ou conveniencia.**

2.- Con relación ao alegado sobre a escuadra de honra, ten que sinalarse que esta función non ten por que ser desempeñada por membros do corpo da Policía Local xa que non é unha función asignada ao dito corpo entre as que se enumeran no artigo 8 da Lei 4/2007 de coordinación da Policía Local de Galicia, polo que non ten por que estar incluída neste regulamento.

3.- En canto aos premios e distincións, a alegante propón que se modifique este capítulo da ordenanza e se adapte ao disposto no Decreto 243/2008. En relación con isto ten que manifestarse que nesta disposición se recollen unha serie de premios e distincións que non son concedidos polo Concello; así, no artigo 98 establécese que a competencia para a concesión da placa colectiva e individual e a da medalla ao mérito da Policía Local será do conselleiro competente en materia de seguridade. En consecuencia, non teñen por que preverse estas distincións no Regulamento municipal da Policía Local xa que, o feito de que non o estean, non exclúe a posibilidade de que o corpo ou os seus membros sexan merecedores destas distincións.

O mesmo sucede co distintivo de permanencia, que segundo a regulación contida no Decreto se entregará anualmente mediante resolución do titular da unidade directiva competente en materia de coordinación de policías locais, e coas felicitacións públicas, que serán concedidas de xeito discrecional mediante resolución do titular da unidade directiva competente en materia de coordinación das policías locais.

En resumo, ningún dos premios e distincións que inclúe o Decreto de referencia son méritos que outorguen os distintos concellos, polo tanto, non se considera axeitado substituír os premios e distincións municipais por aqueles que non son concedidos pola propia Corporación municipal e que, en todo caso, non os exclúen xa que tanto o corpo da Policía Local como os seus membros poden ser destinatarios deles sempre que se dean as condicións que establece a dita norma e así o acorden os órganos competentes para outorgalos.

Alegan, así mesmo, desconformidade coa composición da Comisión de Valoración xa que entenden que se ata agora a proposta sempre partiu do xefe da Policía Local e, co novo texto, este fai a proposta pero non preside a Comisión de Valoración se produce unha incongruencia. Propoñen ao respecto, que a Comisión estea presidida polo xefe da Policía Local e en ningún caso polo xefe de área.

A composición da Comisión de Valoración que se propón no texto da ordenanza pretende obxectivar a concesión de premios e distincións, de tal xeito que non quede á decisión unilateral do xefe da Policía Local.

O alegado en canto á presidencia da Comisión e a posible incoherencia porque o xefe da Policía, que é quen propón, non sexa o presidente da Comisión, non pode aceptarse, toda vez que as propostas nun órgano colexiado poden ser formuladas por calquera doa seus membros, non ten por que ser o presidente quen teña necesariamente que formulalas. Estas propostas incluiranse na orde do día da Comisión que para este efecto se celebre, consonte o disposto na regulación dos órganos colexiados contida no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

A Comisión de Valoración é unha comisión de traballo semellante ás comisións de avaliación do desempeño e á comisión de investigación e resolución dos casos de acoso psicolóxico no traballo. Estas comisións de traballo poden estar presididas por persoal municipal e tamén poden formar parte delas persoas alleas ao Concello. Co fin de garantir a transparencia e a obxectividade no outorgamento dos premios e distincións proponse a creación desta comisión de traballo e tamén, en aras de conseguir os ditos obxectivos, estímase conveniente que a presida a directora da área para evitar que quen propoña a concesión dos recoñecementos sexa a mesma persoa que preside a comisión.

A proposta da comisión será elevada ao alcalde ou ao concelleiro delegado quen, se así o considera, a elevará ao Pleno da Corporación.

Isto é un procedemento normal de funcionamento das comisións de traballo, polo que non se entende que exista xustificación para modificar nin a composición nin a presidencia da comisión, malia que, para utilizar unha nomenclatura máis rigorosa e acorde co disposto no artigo 130.3 da Lei 7/85, se propón substituír a referencia ao xefe de área pola de director/a de área.

Por todo isto, a redacción do artigo 41.1 queda coma segue:

**Artigo 41.1. O procedemento para a concesión dos distintos premios e distincións iniciarase de oficio. As propostas serán formuladas pola xefatura do corpo e serán sometidas á valoración e informe da Comisión de Valoración que para este efecto se creará e que estará formada polo/a xefe da Policía Local, os titulares de cada unha das unidades operativas do corpo, o/a director/a de área, un funcionario/a designado polo departamento de persoal, que exercerá as funcións de secretario/a con voz e sen voto, sendo o seu presidente o/a director/a de área.**

4.- Polo que se refire ao manifestado na alegación a respecto da cuestión da segunda actividade e a redacción do artigo 56 do Regulamento, ten que informarse que efectivamente "en espera de destino en segunda actividade" non é unha situación administrativa e en ningún momento se ten pretendido que así sexa. É máis, tampouco a segunda actividade é unha situación administrativa consonte o disposto no EBEP, aínda que a Lei 4/2007 de coordinación a trate como tal. Os funcionarios dos corpos da Policía Local que se atopen en segunda actividade seguen a estar en situación administrativa de servizo activo, aínda que se destinen a un posto clasificado como de segunda actividade.

Polo tanto, a propia Lei de coordinación induce a erro ao entender que a segunda actividade é unha situación administrativa.

O que se pretende coa redacción do artigo 56 non é de ningún xeito mudar a situación administrativa dos funcionarios que poidan pasar á situación de segunda actividade. Estes funcionarios seguen a estar en situación de servizo activo; poren, se non existen postos vacantes de segunda actividade e non se amplía o número destes para que poidan ser cubertos por estes funcionarios, non parece lóxico que sigan a desempeñar as mesmas funciones que estaban levando a cabo nos seus postos de orixe pois en moitos casos isto podería ser un problema para a súa saúde física ou psicolóxica.

Esta situación é máis difícil que poida darse no suposto do persoal funcionario do corpo da Policía Local que pase a desempeñar postos de segunda actividade por ter chegado á idade establecida xa que está situación é previsible, polo que o concello pode tomar as medidas axeitadas para asignar a ese funcionario un posto de segunda actividade incluíndoo no catálogo ou aumentando o número destes para facer fronte a esta necesidade.

Porén, o suposto de pasar a desempeñar un posto de segunda actividade por razón de enfermidade física ou psicolóxica é moito máis imprevisible. Deste xeito, pode ocorrer que un funcionario que se atope nesta situación teña que agardar un tempo, que pode ser longo, para poder desempeñar unha tarefa acorde coas limitacións derivadas da súa enfermidade.

É por isto polo que se propón que aos funcionarios que se atopan en situación de "espera de destino en segunda actividade" se lles recoñeza unha preferencia na asignación destes postos e, ademais, durante o tempo que teñan que permanecer na devandita situación se lles asignen unhas tarefas acordes coas súas limitacións.

Se ben, e para non inducir ao erro ao que, ao parecer, pode levar a redacción do artigo no senso de entender que "en espera de destino" é unha situación administrativa,

Se proponse modificar a redacción do artigo para clarificar este extremo, aínda que se mantén o seu contido substancialmente.

O artigo redactaríase coma segue:

**Artigo 56. Se o sinalado no artigo anterior non fose posible ao non existir postos vacantes de segunda actividade, o funcionario encontrarase en espera de destino en segunda actividade, prorrogándose a situación administrativa de servizo activo con determinación das funcións e tarefas a desempeñar, e terá preferencia nos postos de segunda actividade que vaian quedando vacantes. A orde de prelación das solicitudes será a mesma que se recolle no artigo anterior destas normas.**

5.- Sobre a estrutura e organización, o interesado manifesta que o artigo 18.2 regula a organización interna da Policía Local  en unidades sen facer unha somera descrición destas.

En relación con isto cómpre sinalar que, desde o punto de vista organizativo, non semella operativo describir o contido das distintas unidades no Regulamento xa que isto podería condicionar o funcionamento do corpo pois calquera modificación que, dende o punto de vista organizativo ou de eficacia e eficiencia na xestión, fose preciso realizar suporía a necesidade de modificalo con toda a complexidade administrativa e o tempo que isto require. Porén, tendo en conta o alegado, proponse incluír unha disposición adicional na norma que remita a concreción e descrición destas unidades a unha resolución da Alcaldía.

Ao abeiro do disposto no artigo 124 da Lei 7/85, o Alcalde é o órgano competente para dirixir a administración municipal, ademais de exercer a xefatura da Policía Local. En consecuencia, considérase que é este órgano quen debe, en exercicio das súas competencias, definir as unidades do corpo e determinar o contido das funcións asignadas a cada unha delas, así como das seccións en que se divide a unidade operativa do corpo. Isto permitirá que calquera modificación que teña que levarse a cabo para facer fronte a unha conxuntura determinada ou para mellorar a eficacia e eficiencia na xestión poida efectuarse de xeito áxil, permitindo unha maior operatividade.

Asemade, e co fin de facilitar a modificación dos criterios de renovación das pezas da uniformidade proponse que se faga tamén mediante resolución da alcaldía.

A disposición adicional terá o seguinte contido:

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. A descrición, contido e funcións das distintas unidades operativas e seccións en que se estrutura e organiza o corpo da Policía Local determinarase mediante decreto da Alcaldía; asemade, a**

**modificación do anexo no que se recollen os criterios de renovación das distintas pezas da uniformidade modificarase por resolución do/a alcade/esa.**

**SEGUNDA.-** Alegacións de don José Pombo Boquete, en representación da Sección Sindical do SPPME-Galicia, con data do 16 de febreiro e con números de rexistro de entrada 9030 e 9031.

Na primeira das alegacións, a que figura co número de rexistro de entrada 9030, sinálase que o artigo 66 non recolle a redacción do artigo 71 da Lei 4/2007, e este foi o acordo ao que se chegou na Mesa de Negociación.

Efectivamente, comprobada a redacción do artigo 66 en relación co artigo 71 da Lei 4/2007, detéctase a existencia dun erro cuxa corrección se considera procedente. Así, o artigo 66, parágrafo primeiro, queda redactado como segue:

**Artigo 66. O pase á situación de segunda actividade non suporá ningunha diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas.**

Na segunda das alegacións, a número 9031 de rexistro de entrada, solicítase que se estableza o prazo dun ano para a renovación da uniformidade e se asigne unha cantidade a cada axente para a renovación das pezas.

En relación con isto, remitímonos ao informado na primeira alegación, a presentada polo Grupo Municipal Socialista, en canto á nova redacción do parágrafo primeiro do artigo 43 e ao anexo

**TERCEIRA.-** Alegación de don Gabriel Monteagudo Romero, en representación da Sección Sindical da CSIF do Concello de Santiago, con data do 15 de febreiro e con número de rexistro de entrada 8844

Nesta alegación proponse unicamente a corrección do disposto no artigo 66, sobre a que xa se informou na alegación anterior aceptando o presentado, polo que nos remitimos ao sinalado na devandita alegación presentada por don José Pombo Boquete en representación da Sección Sindical do SPPME-Galicia

**CUARTA.-** Alegación presentada por don Fco. Javier Picón Picallos, en representación da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, con data do 21 de febreiro e con número de rexistro de entrada 10103.

Nesta última alegación solicítase a definición no texto do Regulamento das distintas unidades e seccións previstas no artigo 18 xa que entenden que unha finalidade básica da norma ten que ser definir a propia estrutura do Corpo e non simplemente nomeala.

En relación co alegado remitímonos tamén ao informado en relación coa alegación presentada polo Grupo Municipal Socialista.

Á vista do exposto, proponse:

PRIMEIRO.- ESTIMAR INTEGRAMENTE as alegacións presentadas por:

- Don Jose Pombo Boquete, en representación da Sección Sindical do SPPME-Galicia, con data do 16 de febreiro e con números de rexistro de entrada 9030 e 9031.

- Don Gabriel Monteagudo Romero, en representación da Sección Sindical do CSIF do Concello de Santiago, con data do 15 de febreiro e con número de rexistro de entrada 8844

ESTIMAR PARCIALMENTE as alegacións presentadas polos interesados que de seguido se indican, no sentido indicado neste informe:

- Alegación do Grupo Municipal Socialista, presentada o 15 de febreiro, con número de rexistro de entrada 8999.

- Don Fco. Javier Picón Picallos, en representación da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, con data 21 de febreiro e número de rexistro de entrada 10103.

SEGUNDO.- APROBAR definitivamente o Regulamento da Policía Local de Santiago, coas as modificacións propostas neste informe e que, incorporadas ao texto aprobado inicialmente, dan como resultado o documento que de seguido se incorpora a este informe.

De acordo co disposto no artigo 52 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico Das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Ordenanza non producirá efectos xurídicos ata que non se leve a cabo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ademáis tiveran transcurrido os 15 días soltos previstos no artigo 65 da LBRL."

Don Luís García Bello expón que por acordo do pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2012 foi aprobado inicialmente o Regulamento da Policía Local do Concello co fin de adaptalo á lexislación vixente e dar cumprimento aos prazos esixidos para levar a cabo dita adaptación, o que se someteu á información pública ata o 21 de febreiro de 2013.

O texto aprobado inicialmente pasou pola mesa de negociación e a única cuestión que se plantexou, e sobre a que non houbo acordo, foi a necesidade de descripción das unidades e as seccións nas que se estrutura o Corpo.

No prazo de alegacións presentáronse cinco, unha do grupo socialista, dúas do sindicato de policías municipais, unha do sindicato de funcionarios CSIF, e unha da CIG.

Diante da interrupción de membros da plataforma de afectados polas participacións preferentes, solicita o alcalde que abandonen o salón, e prega á policía municipal que retiren á xente.

Prosegue explicando Don Luís García Bello que nunha das alegacións do sindicato de policías e na do CSIF se plantexou a existencia dun erro na redacción do artigo 66, xa que na mesa de negociación se tiña acordado que se recollera o contido do artigo 60 e 71 da Lei 4/2007, de coordinación de policías locais de Galicia, a respecto das remuneracións básicas e complementarias dos policías en situación de segunda actividade, por razón de idade ou enfermidade, e ao transcribir o texto produciuse un erro que agora se corrixe.

Na alegación da CIG e nunha das alegacións do grupo municipal socialista plantéxase que deben describirse as seccións e unidades nas que se estrutura o Corpo, e en relación con iso cómpre sinalar que dende o punto de vista organizativo non sería operativo describir o contido das ditas unidades no Regulamento, xa que isto podería condicionar o funcionamento do Corpo, pois calquera modificación que dende o punto de vista organizativo, ou de eficacia e eficiencia na xestión, fose preciso realizar, suporía a necesidade de modificalo, con toda a complexidade administrativa e o tempo que isto require.

Tendo en conta o alegado, proponse incluir unha disposición adicional na norma que remita a concreción e descripción destas unidades a unha resolución da Alcaldía, tendo en conta que o Alcalde é o órgano competente para dirixir a administración municipal, ademais de exercer a xefatura da policía local.

As outras alegacións do grupo municipal socialista refírense ao establecemento duns prazos para a renovación das pezas da uniformidade, e así, de conformidade co disposto no artigo 3 da Orde de 22 de xullo de 2010, que desenvolve a lei de coordinación, se procede nun anexo da norma a sinalar os prazos de renovación. Na disposición adicional incluída agora se deixa tamén a unha resolución da Alcaldía a modificación do anexo, pola mesma razón que a alegación anterior, para conquerir unha maior flexibilidade á hora de poder modificar ditos prazos, sen necesidade de tramitar unha modificación regulamenteria.

Outra cuestión plantexada polo grupo socialista é a pretensión de que o regulamento contemple os mesmos premios e distincións que se conteñen no Decreto 243/2008, que desenvolve a Lei de Coordinación, e en relación coa solicitude formulada sinala o sr. Bello que nese decreto se recollen unha serie de premios e distincións que non son concedidos polo Concello, senón polo Conselleiro da Xunta de Galicia competente en materia de seguridade. O feito de que non se inclúan no Regulamento non exclúe a posibilidade de que membros do Corpo municipal da policía poidan obter ditos premios e distincións outorgados pola Consellería. Deste xeito, non semella xustificado modificar os premios e distincións que dende fai moitos anos se veñen outorgando pola Corporación Municipal, ademais de que, facendo unha comparativa dos premios e distincións dunha e outra norma, o concelleiro chega á conclusión de que ambos son semellantes, pois somentes existen pequenas diferenzas, como o feito de que o Galón de Méritos - ou medalla ao mérito segundo a norma autonómica -, se concedería a aqueles que levaran a cabo tres accións heroicas ou humanitarias, mentres que o Galón Municipal non requeriría máis que unha acción deste tipo, o que é máis realista na nosa cidade, posto que as incidencias, ou a criminalidade nela non son tan altas como para poder esixir que se produciran tres actuacións deste tipo. No tocante ao distintivo de permanencia, en ambas as dúas normas se contempla a súa concesión a aqueles policías que levan un determinado número de anos en activo, no Regulamento son trinta anos, e no Decreto 25. Neste intre, e atendendo a que se ten retrasado a idade de xubilación, semella axeitado o prazo que establece o Regulamento Municipal de 30 anos.

Por outra banda, e relacionado co tema dos premios e distincións, o grupo socialista plantexa que o Presidente da Comisión de Valoración debe ser o xefe da policía e non o Director/a de área. En relación con esta pretensión, sinala o concelleiro que a comisión de valoración é unha comisión de traballo semellante ás comisións de avaliación do desempeño e á comisión de investigación e resolución dos casos de acoso psicolóxico no traballo. Estas comisións de traballo poden estar presididas por persoal municipal, e tamén poden formar parte delas persoas alleas ao Concello, e co fin de garantir a transparencia e obxectividade no outorgamento dos premios e distincións proponse a creación desta comisión de traballo e tamén, en aras a conquerir os ditos obxectivos, estímase conveniente que a presida o Director ou Directora de Área, para evitar que quen propoña a concesión dos recoñecementos sexa a mesma persoa que preside a comisión.

En derradeiro lugar, e en relación coa escuadra de honra, sinala o concelleiro que esta función non está incluída no artigo 8 da Lei 4/2007 de coordinación da policía local de Galicia, que recolle as funcións propias da policía local, polo que non ten porque estar incluída neste regulamento. A situación da Escuadra de Honra é semellante á dos maceiros, polo que se estudará e acometerá o tema conxuntamente polas diversas concellarías afectadas, réxime interior e protocolo. A concellería de seguridade colaborará en todo aquilo que sexa necesario para a resolución desta problemática, todo

isto sen prexuízo de que mentres non se resolva doutro xeito, a policía local seguirá a prestar dito servizo.

Polo que se refire ao manifestado na alegación do grupo socialista, a respecto da cuestión de segunda actividade, e á redación do artigo 56 do Regulamento, que fai referencia á situación do funcionariado que non ten asignado un posto de segunda actividade, porque o mesmo aínda non existe, como en espera de destino en segunda actividade, explica o concelleiro que o grupo socialista plantexa que a espera de destino en segunda actividade non é unha situación administrativa. E efectivamente isto é así, pois en ningún momento se ten pretendido que fora doutro xeito, e é máis, tampouco a segunda actividade é unha situación administrativa consonte ao disposto no Estatuto Básico de Emprego Público, norma aplicable a todos os funcionarios, aínda que a Lei 4/2007, de Coordinación a trate como tal. Os funcionarios do Corpo da policía local que se atopen en segunda actividade seguen a estar en situación administrativa de servizo activo aínda que se destinen a un posto clasificado como de segunda actividade, e o que se pretende coa redacción do artigo 56 non é de ningún xeito mudar a situación administrativa dos funcionarios, senon dar solución a aqueles supostos nos que un polícia que non poda cubrir un posto de segunda actividade porque non existe na plantilla, ou non estea vacante, teña que seguir a desempeñar as súas funcións como se estivera en situación de servizo activo, cando en realidade se atopa limitado por idade ou enfermidade para desenvolver ditas funcións.

É certo que nos supostos de pase a segunda actividade por cumprimento da idade é fácil prever a situación e crear postos de segunda actividade para estes funcionarios, mais para os supostos de pases de segunda actividade por razón de enfermidade física ou mental, a previsión non se dá, polo que é probable que non existan postos vacantes para cubrir por estes funcionarios. Por esta razón, o Regulamento contempla que estes funcionarios se atopen en espera de destino, e que mentres tanto sexa por Decreto da Alcaldía a vía que determine cales serán as funcións a desempeñar ou aquelas que non poden levar a cabo en atención ás súas circunstancias de idade ou saúde. De tódolos xeitos, proponse modificar a redacción do artigo para clarificar a cuestión relativa á situación administrativa do funcionario en espera dun posto de segunda actividade.

En conclusión, estímanse íntegramente as alegacións do sindicato de policías municipais, as do CSIF, e parcialmente as do grupo socialista e da CIG, e en consecuencia proponse así aprobar definitivamente o Regulamento coas modificacións derivadas da estimación total e parcial das alegacións, do que resulta que se redactan de novo, coas precisións sinaladas, os artigos 41.1, 43, 56, 66 e se inclúe un anexo sobre renovación de pezas de uniformidade, e unha disposición adicional.

Don Rubén Cela indica que aínda que o Bloque Nacionalista Galego non presentou alegacións, comparte algunhas das que se plantexan tanto por parte da Confederación

Intersindical Galega, como polo grupo socialista, en temas centrais que o seu grupo defendeu na sesión onde se procedeu á aprobación inicial deste Regulamento da Policía Local. En concreto, o primeiro que para o seu grupo non deixa de ser curioso é que para que se cumpra a lei haxa que plantexar alegacións. Xa no anterior pleno o concelleiro manifestaba que no artigo 3 da Orde do 22 de xullo de 2010 se determinaba precisamente a necesidade de establecer cales eran os períodos de renovación das pezas dos uniformes dos policías locais, e que polo tanto, iso si ou si debía de estar recollido naquel regulamento. Daquela, o goberno municipal insistía en que non era así, pero afortunadamente presentouse unha alegación que dá lugar á oportuna corrección no artigo 43, cumprindo así os ditados da norma, o que se debería ter feito dende o primeiro momento. Algo parecido sucede no ámbito da segunda actividade, e aquí a redacción que se propón mellora notablemente a anterior. Sen embargo, hai outra serie de cuestións nas que xa o BNG non é tan coinicidente, e refírese o Sr. Cela por exemplo ós premios e distincións, ou ó tema da organización e estrutura do corpo, no que se opta por unha solución intermedia. Cando se falou da aprobación inicial, o BNG argumentaba que non era lóxico que nun regulamento da policía local non viñera tipificado precisamente como ia ser o contido e as funcións asinadas a través desas áreas que entendían que tiñan que figurar no Regulamento, ó que o goberno municipal se negaba. Agora, vía resolución de alegacións, non se di nin branco nin negro, pois as funcións non van estar recollidas no propio Regulamento, nin van desaparecer por completo, xa que se fixarán a través dun Decreto da Alcaldía.

Por último, e con respecto á xustificación que o goberno ofrece para non incluir a Escadra de Honra  neste Regulamento, facendo mención ao artigo 8 da Lei 4/2007 de Coordinación da Policía Local de Galicia, a pregunta é evidente, pois se non se recolle aquí non se ve ónde se vai recoller, se se recolle nalgún sitio, e queda sen determinar quen a vai  conformar no caso de que siga existindo.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén a seguir, indicando que o grupo municipal socialista presentou alegacións ao presente Regulamento na fase de exposición ao público tentando dar forma ás cuestións que xa tiñan verbalizado nalgunha reunión previa e tamén no debate da aprobación inicial. Indica que o actual concelleiro de seguridade cidadá, Don Luís Bello, na comisión informativa do pasado lúns, manifestou que podería haber unha reunión de traballo para falar destas cuestións onte pola mañan, pero nin onte nin hoxe tivo lugar.

O grupo municipal socialista fai alegacións sobre cinco extremos deste Regulamento. O primeiro deles é relativo á uniformidade, alegación coincidente coas presentadas por Don José Manuel Pombo Boquete, en representación da sección sindical de policías municipais de Galicia, e por  Don Xabier Picón Picallos en representación da sección sindical da CIG. Xa dende o primeiro momento o seu grupo dixo que isto supoñía un paso atrás neste Concello, que leva moitísimos anos consignando unha partida

importante para o vestiario da policía local, como mostra de dignificación do seu traballo. Dende o primeiro momento eliminouse do regulamento actualmente vixente o artigo que manifestaba que anualmente se tiña  que proceder á renovación do vestiario da policía local, o que supón un recorte máis dos dereitos dos traballadores deste concello. O informe do departamento sobre a resolución das alegacións presentadas di expresamente que non ten sentido renovar  anualmente todas as pezas da uniformidade, engadindo que a regulación anterior semellaba totalmente excesiva e afirmando que os orzamentos non poden frente a este gasto. Dende o grupo municipal socialista nunca se plantexou que tivera que renovarse todo o vestiario da policía local anualmente, pois o procedemento seguido significaba que a partida que anualmente se establecía nos orzamentos deste concello, na súa totalidade se dividía entre os axentes en activo desta policía local, e eles mesmos, en función do deterioro das prendas que utilizaban, eran os que pedían e decidían cales eran as prendas que se ian renovar. Así, en ningún momento se mudaba o traxe de gala, por exemplo, que se utiliza unha vez ao ano. Tamén é preciso sinalar que a renovación do vestiario era froito dunha negociación que sempre se levaba a cabo cos representantes das seccións sindicais da policía municipal de Santiago de Compostela, por tanto o grupo socialista non está de acordo coa afirmación de que manter os dereitos dos traballadores, neste caso da policía local de Compostela, é excesivo.

A seguir, e en relación coa Escuadra de Honra, o informe di que non é unha función asinada a este corpo, por non estar prevista no artigo 8 da Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia, pero o certo é que se non esta previsto neste Regulamento, os funcionarios da policía municipal de Compostela non teñen porque desenvolver ese servizo se ningunha normativa municipal lles obriga. En relación con isto, a concelleira formulou na comisión de facenda unha pregunta que non foi contestada oralmente, sobre quen vai facer esta función, salvo que o goberno decida que a Escuadra de Honra se retira do funcionamento deste Concello.

No tocante á homologación dos premios e distincións establecidos na Lei 4/2007, desenvolvida no Decreto 243/2008, non pretende a alegación  que sexa o Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia quen veña a outorgar os premios da policía local de Santiago de Compostela, pois os teñen que outorgar o alcalde, o concelleiro ou o órgano en quen delegue. O que se pretendía era moi simple, pois xa que se tiñan establecido uns criterios obxectivables, deberían na medida do posible trasladarse ao Regulamento que se vai aprobar.

Continúa a súa intervención a Sra. Santullano dicindo que unha vez máis neste informe de resolución de alegacións fanse algunhas manifestacións e valoracións ó seu ver erradas, pois dise que se pretende obxectivar a  concesión destes premios para que non quede a decisión unilateral do xefe do Corpo, cando o anterior goberno municipal sempre creeu na obxectividade das propostas da xefatura do Corpo. Ademais, as

propostas nun órgano colegiado poden ser formuladas por calquera dos seus membros, e non ten porque ser o presidente o que o faga,  pero o certo é que o artigo 41 do texto que hoxe se somete a aprobación di que a única proposta que sometera a valoración esa comisión é a proposta do xefe da policía local, e en ningún momento e en ningún caso di que o resto dos membros da comisión poidan facer outro tipo de propostas diferentes da xefatura do Corpo. Di tamén que a presidenta da Comisión, ou Presidente, será o xefe ou xefa da área, para que non coincida quen propón e quen preside a comisión, pero a concelleira opina que esa non é unha resposta axeitada, pois en moitas outras comisións, como pode ser a de Patrimonio Histórico, ou incluso na Xunta de Goberno Local, tanto a Sra. Pardo como o Sr. Alcalde presiden pero á vez firman algunhas das propostas que se someten á aprobación neses órganos colexiados.

A seguir di a concelleira que non son equiparables outras comisións citadas no debate, como a de acoso laboral ou a de avaliación do desempeño, órganos que contan con representación sindical, a diferencia da comisión de informe e valoración dos premios e distincións da policía local.

Outra das cuestións formuladas polo seu grupo nas alegacións presentadas ten que ver coa situación administrativa “en espera de destino”, pois xa o artigo 77 do Decreto 243/2008 de 10 de outubro establece cal é a situación dos funcionarios da policía local aos que non se lles pode asignar un posto de segunda actividade, razón pola que non era necesario crear unha denominación específica neste regulamento, ao marxe de que fora ou non unha situación administrativa. Ademais, e en aplicación do principio de xerarquía normativa, se desbota que un informe de resolución das alegacións dunha ordenanza municipal non pode contradicir o establecido nunha lei autonómica.

Outra das alegacións refírese á descripción das unidades do Corpo, coincidente en parte tamén coa presentada pola Sección Sindical da CIG. En relación co argumento do informe de que calquera modificación dende o punto de vista organizativo suporía unha modificación do regulamento, o que non sería operativo, opón a concelleira que as unidades do Corpo non se modifican todos os días, á parte de que non se esixe unha descripción polo miúdo, senon somera, de cales son esas unidades, tal e como se facía no texto actualmente vixente. Ademais, o seu grupo non está de acordo coa disposición que se engade na que se indica que sería unha resolución do alcalde o que determine as unidades, ó entender que iso nin se pode nin se debe facer sen negociación cos representantes dos traballadores, e sen estar acordado na mesa de negociación.

No debate mantido con ocasión da aprobación inicial, o representante do goberno municipal manifestou que a proposta estaba consensuada cos representantes dos traballadores e coa policía municipal de Santiago de Compostela, e é unha magoa comprobar unha vez máis que non é verdade, e que na mesa de negociación a proposta que se someteu a aprobación únicamente foi votada a favor por unha sección sindical e

en contra polo resto. Opina a concelleira que esta proposta de regulamento é un paso atrás, e esta afirmación ven refrendada por unha política de falta de negociación colectiva instaurada no concello dende que o partido popular goberna a cidade. Por estas razóns, o voto do grupo socialista vai ser contrario á aprobación definitiva do regulamento.

Don Luís García Bello fala seguidamente, e pide disculpas por non ter convocado a reunión prometida, debido á carga de traballo dos últimos días.

No que respecta á renovación da uniformidade, di o concelleiro que non todas as prendas se deterioran ó mesmo tempo, e por exemplo o chaquetón, a cazadora polar ou o cinto non hai por que cambialos cada ano, pois os cartos da administración son escasos, mentres outras prendas de uso continuado si sofren desgaste, e ao mellor non hai que esperar un ano para renovalas, como pode ser un polo, un pantalón ou uns zapatos.

Polo que atinxe á escadra de honra, segundo a Lei de Coordinación de Policías Locais o certo é que os membros da policía local non están obrigados a facer este servizo, por tanto habería que poñerse en contacto con distintos departamentos, coa concellería de persoal e con protocolo para ver de que xeito, e que persoal pode facer este tipo de funcións, que non van quedar en descuberto en ningun momento, xa que hai plena disposición dos membros da policía local para desempeñalas.

No tocante ós premios e distincións, opina o concelleiro que o xefe da policía local é o que fai unha valoración ou proposta, pero que despois calquera membro da comisión pode facer á súa vez aportacións.

Prosegue a súa intervención o concelleiro indicando que o regulamento que hoxe se propón aprobar tiña que empezar a redactarse no ano 2008, e no 2010 tiña que aprobarse unha primeira fase. Sen embargo, estamos no ano 2013 e tivo que ser o goberno popular o que redacte un regulamento, tentando facelo o mellor posible, e falando cos sindicatos. De feito, só hai unha alegación do sindicato da policía, que se acepta na súa totalidade.

Para Dona Marta Álvarez-Santullano, ter convocado a reunión prometida é unha cuestión de vontade política, pois non era obriga do concelleiro facela. No que atinxe ó procedemento para compra de uniformes, explica que non dixo que hobera que renovar anualmente tódolos uniformes, de feito houbo unha importante rebaixa do 30% na correspondente partida do capítulo II nos últimos tempos, e hai que dicir que tanto os policías como as seccións sindicais sempre foron responsables coa situación xeral que se estaba a vivir e nunca plantexaron ningunha cuestión. Sen embargo, coa redacción actual do regulamento desaparece a obrigatoriedade de que o goberno municipal teña

que consignar unha cantidade anualmente nos orzamentos do Concello de Santiago, e se pasa de dicir que non hai que renovar a uniformidade anualmente a manter que se pode renovar cada seis meses, o que é algo sorprendente, e difícil de xestionar nunha administración local cun orzamento anual.

Por outra banda, a concelleira manifestou que non tiña ningun empeño en que fora a policía local a que desempeñe as funcións de escuadra de honra, e diante do feito de que agora normativamente non se contempla este cometido, pregunta cal é a solución, que deberá buscar o goberno municipal.

En relación á comisión de valoración, a Sra. Santullano dá lectura ó contido do artigo 41, que indica que as propostas serán formuladas pola xefatura do Corpo, e esas propostas formuladas pola xefatura do Corpo serán sometidas á valoración e informe da Comisión de Valoración que para este efecto se creará e que estará formada polas seguintes persoas…. Esta redacción o que en definitiva di é que a proposta que se someterá a valoración é a do xefe da policía local, non a do resto dos membros da Comisión.

A concelleira mantén que o seu grupo presenta as alegacións que estima convenientes porque a norma lles outorga tal posibilidade no período de información pública, como xa confirmou o secretario desta Corporación, informando que os grupos da oposición teñen os mesmos dereitos que os cidadáns en xeral, engadindo a Sra. Santullano que nas alegacións presentadas non se introduciu ningunha cuestión que non fora abordada con anterioridade.

Repite finalmente que na mesa de negociación non foi aprobada por unanimidade esta proposta, e que non se presentou só unha alegación, como afirmou o concelleiro de seguridade, pois no expediente constan unha da CIG, unha de D. José Manuel Pombo Boquete en nome da sección sindical da Policía Local dos Concellos, outra de D. José Manuel Pombo Boquete, e unha máis do CSIF que presenta D. Gabriel Monteagudo.

Unha vez máis e en coherencia co que o seu grupo ven mantendo dende o inicio do proceso, por entender que a proposta é un recorte dos dereitos dos traballadores do Concello, o seu grupo votará en contra da mesma.

De conformidade co informe transcrito con anterioridade, a proposta do Concelleiro-Delegado de Seguridade, Tráfico, Mobilidade, Grúa e ORA, do día 14 deste mes, e o dictame favorable da Comisión de Comisión de Presidencia, Réxime interior, Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do pasado día 18, o Pleno da Corporación acorda por 12 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 8 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG:

a) Estimar as alegacións presentadas por D. José Pombo Boquete, en representación da sección sindical do SPPME-Galicia, e por D. Gabriel Monteagudo Romero, en representación da sección sindical do CSIF do Concello de Santiago.

b) Estimar parcialmente as alegacións formuladas polo grupo municipal socialista, e por D. Francisco Javier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago, no senso indicado no informe transcrito do departamento de tráfico.

c) Aprobar definitivamente o Regulamento da Policía Local de Santiago, coas modificacións, con respecto ó texto aprobado inicialmente, que se derivan da estimación total ou parcial das alegacións presentadas, e que afectan ós artigos 41.1, 43, 56, 66.1, e á introducción no texto dun anexo e dunha disposición adicional única.

O texto aprobado definitivamente, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, é o seguinte:

## REGULAMENTO DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### TÍTULO I

### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1

O corpo da Policía Local ten como misión a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades e contribuirá a garantir a seguridade cidadá e a consecuencia ao benestar social, cooperando con outros axentes sociais especialmente nos ámbitos preventivo, asistencial e de rehabilitación.

#### Artigo 2

O corpo da Policía Local é un instituto armado de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizadas.

A Policía Local intégrase nun corpo propio e único sen prexuízo das especialidades que poidan existir de acordo coas necesidades.

#### Artigo 3

O Alcalde ou Alcaldesa exerce a superior autoridade da Policía Local, poderá exercer por si ou delegar as competencias previstas neste regulamento no membro da Corporación que considere, nos termos establecidos na lexislación aplicable.

O mando inmediato e operativo da Policía Local corresponderá ao xefe do corpo.

**Artigo 4**

Os membros pertencentes ao corpo de Policía Local serán funcionarios de carreira e no exercicio das súas funcións terán a consideración de axentes da autoridade para todos os efectos.

**Artigo 5**

1.- O ámbito de actuación da Policía Local estará constituído polo territorio do termo municipal. Non obstante, os seus membros poderán actuar fóra del cando sexan requiridos pola autoridade competente en situacións de emerxencia e coa autorización previa do Alcalde ou Alcaldesa ou do concelleiro/a delegado/a. Nestes supostos, actuarán baixo a dependencia do Alcaldeou Alcaldesa do concello que os require e baxio o mandato do xefe do corpo de policía dese concello; sen perxuizo das tarefas de coordinación que correspondan consellería competente en materia de coordinación de policías locais e emerxencia.

2.- Cando exerzan funcións de protección de autoridades da Corporación, poderán actuar fóra do termo municipal segundo o disposto na lexislación vixente.

3.- Eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos fose necesario reforzar o cadro de persoal do corpo de Policía, O Alcalde ou Alcaldesa o no seu caso o concelleiro/a delegado/a, poderá chegar a acordos con outros concellos para que membros da policía destes poidan actuar no ámbito territorial do concello, por tempo determinado e, se fose preciso, en réxime de comisión de servizos aceptado voluntariamente polos funcionarios.

4.- Para os efectos previstos nos apartados anteriores, poderá instarse a colaboración da consellería competente en materia de seguridade á que, en todo caso, se dará conta dos acordos adoptados polo Concello para a súa inscrición no Rexistro de policías locais de Galicia.

**Artigo 6**

Con caracter xeral, os servizos de seguridade publica de competencia municipal que impliquen exercicio de autoridade serán desempenados por funcionarios da Policía

Local para maior garantía de obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio das súas funcións.

Porén, o Concello poderá crear, por acordo do Pleno da Corporación, corpos de funcionarios para o exercicio exclusivo das funcións contidas no parágrafo b) do artigo 53 da Lei orgánica 2/86, do 13 de marzo de forzas e corpos de seguridade, nomeadamente ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación. Os axentes de mobilidade no exercicio destas funcións terán a consideración de axentes da autoridade.

**Artigo 7**

Son principios básicos da actuación dos membros do corpo da Policía Local, de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 2/1986, os seguintes:

1. Adecuación ao ordenamento xurídico vixente. Especialmente:

a. Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución, ao Estatuto de autonomía e ao resto do ordenamento xurídico.

b. Actuar no cumprimento das súas funcións con absoluta neutralidade política e imparcialidade e, en consecuencia, sen discriminación ningunha por razón de raza, etnia, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou crenzas persoais, opinión, sexo, orientación sexual, lingua, lugar de veciñanza, lugar de nacemento ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c. Actuar con integridade e dignidade. En particular, deberán absterse de todo acto de corrupción e opoñerse a el resoltamente.

d. Suxeitarase na súa actuación profesional aos principios de xerarquía e subordinación. En ningún caso, a obediencia debida amparara ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito ou sexan contrarios á Constitución e ás leis.

e. Colaborar coa Administración de Xustiza e auxiliala nos termos establecidos na lei.

2. Relacións coa comunidade. Singularmente:

a. Impedir no exercicio da súa actuación profesional calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria que supoña violencia física ou moral, con especial atención ás derivadas das desigualdades por razón de xénero.

b. Observar en todo momento un trato correcto e esmerado nas súas relacións coa cidadanía, á que procurarán auxiliar e protexer sempre que as circunstancias o aconsellen ou sexan requiridos para facelo, en especial en todos os supostos e manifestacións de violencia de xénero, proporcionando cumprida información, tan ampla como sexa posible, sobre as causas e finalidade das actuacións.

c. No exercicio das súas funcións deberán actuar coa decisión necesaria e sen demora, cando disto dependa evitar un dano grave, inmediato e irreparable, rexéndose ao facelo polos principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance.

d. Usar armas soamente en situacións en que exista un risco racionalmente grave para a súa vida, a súa integridade física ou as de terceiras persoas, ou naquelas circunstancias que poidan supoñer un grave risco para a seguridade cidadá consonte os principios a que se refire o parágrafo anterior.

2. Tratamento de detidos. Especialmente:

a. Os membros do corpo da Policía Local deberanse identificar debidamente como tales no momento de efectuar unha detención.

b.Velarán pola vida e integridade física das persoas detidas ou que se atopen baixo a súa custodia, respectando os seus dereitos, a súa honra e a súa dignidade.

c. Darán cumprimento e observarán coa debida dilixencia os tramites, prazos e requisitos esixidos polo ordenamento xurídico cando se proceda á detención dunha persoa.

4. Dedicación profesional.

No cumprimento das súas funcións, deberan intervir sempre, en calquera tempo e lugar, estean ou non de servizo, en defensa da lei e da seguridade cidadá.

5. Segredo profesional.

Deberán gardar rigoroso segredo respecto a todas as informacións que coñezan por razón ou con ocasión do desempeno das súas funcións. Non estarán obrigados a revelar as fontes de información salvo que o impoña o exercicio das súas funcións ou as disposicións legais.

6. Responsabilidade.

Son responsables persoal e directamente dos actos que na súa actuación profesional leven a cabo infrinxindo ou vulnerando as normas legais ou regulamentarias e os principios enunciados anteriormente, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que poida corresponder á Administración publica.

## CAPÍTULO II. DAS FUNCIÓNS DA POLICÍA LOCAL

### Artigo 8

O corpo da Policía Local debera exercer as funcións que se establecen no artigo 53 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade, as que se deriven da Lei reguladora das bases do réxime local e cantas puideran establecer outras disposicións que sexan de aplicación.

### Artigo 9

Serán funcións do corpo da Policía Local as seguintes:

1. Protexer ás autoridades da Corporación municipal e vixiar ou custodiar os edificios, monumentos, parques e xardíns e instalacións de todo tipo que constitúen o patrimonio municipal.

2. Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia, nas vías urbanas de titularidade municipal así como naquelas cuxa competencia fose cedida ao Concello

3. Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do ámbito de competencia sinalado.

4. A retirada de vehículos nas vías urbanas de titularidade municipal e naquelas cuxa competencia fose cedida ao Concello e o seu posterior depósito, nos casos e condicións que se determinen regulamentariamente.

5. Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.

6. Participar e cooperar nos actos de representación corporativa.

7. Participar nas funcións da Policía Xudicial na forma establecida na normativa vixente e nos acordos ou convenios que se asinen para o desenvolvemento desta función.

8. Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade publica, participando na forma prevista nas leis na execución dos plans de protección civil.

9. Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.

10. Vixiar os espazos públicos e colaborar coas restantes forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para isto.

11. Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para facelo.

12. Calquera outra función en materia de seguridade pública que, de acordo coa lexislación vixente, lles sexan encomendada.

**Artigo 10**

As actuacións que practique o corpo da Policía Local no exercicio das funcións incluídas nos apartados 3 e 8 do artigo anterior deberán ser comunicadas ás forzas e corpos de seguridade do Estado e á Policía de Galicia, segundo corresponda, consonte a lexislación orgánica de fozas e corpos de seguridade.

**Artigo 11**

En virtude de convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello, no marco das competencias da Policía de Galicia, o corpo de Policía Local tamén poderá exercer, dentro do termo municipal, as seguintes funcións:

a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, do medio ambiente, da saúde e da muller, sobre todo no ámbito da violencia de xénero.

b) As de vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos servizos.

c) A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita.

d) O uso da coacción para a execución forzosa dos actos e disposicións da propia Comunidade Autónoma.

## TÍTULO II. NORMAS BÁSICAS DE ESTRUTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### CAPÍTULO I. NORMAS BÁSICAS DE ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

#### Artigo 12

É competencia municipal organizar o corpo da Policía Local, respectando as normas e principios básicos que se establecen neste regulamento.

#### Artigo 13

1. O corpo da Policía Local estrutúrase xerarquicamente nas seguintes escalas e categorías:

a) Escala superior, que comprende a categoría de superintendente. Esta praza non é obrigatoria, porén poderá crearse se así se considera.

b) Escala técnica, que comprende as categorías de intendente principal e intendente.

c) Escala executiva, que comprende as categorías de inspector principal e inspector.

d) Escala básica, que comprende a categoría de oficial e policía.

2. Cada escala corresponde cos seguintes grupos de clasificación:

a) As escalas superior e técnica, subgrupo A1.

b) A escala executiva, subgrupo A2.

c) A escala básica, subgrupo C1.

Non poderá haber na estrutura de cada escala tres ou máis postos da mesma categoría sen que exista a inmediata superior, aínda que esta estea composta por un só integrante.

3. A titulación exixible para cada grupo será a establecida na lexislación xeral sobre función pública.

4.- Para o establecemento dunha categoría superior será necesaria a preexistencia de todas as categorías inmediatamente inferiores.

#### Artigo 14

1. Sen prexuízo doutras funcións que se lles atribúan, de acordo coas disposicións vixentes, corresponderalles aos funcionarios de cada escala, con carácter xeral, as seguintes:

a) Escala superior: a organización, dirección, coordinación e supervisión das distintas unidades e servizos do corpo.

b) Escala técnica: a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.

c) Escala executiva: o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas das unidades ao seu cargo.

d) Escala básica: o cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores.

2. Corresponderanlle, en todo caso, ao xefe do corpo as funcións atribuídas á escala superior, e en concreto aquelas relacionadas no artigo 16 desta norma

**Artigo 15**

1. Por acordo do Pleno da Corporación poderá crearse a subescala facultativa, á cal lle corresponderá desempeñar tarefas de cobertura e apoio ás funcións policiais nas especialidades que se consideren oportunas, segundo as súas peculiaridades propias de organización e funcionamento.

2. O acceso ás distintas escalas e categorías do corpo da Policía Local realizarase polos sistemas de quenda libre, promoción interna ou mobilidade, segundo os casos e ao abeiro do disposto no Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

3. O ingreso inicial no Corpos da Policía Local efectuarase á categoría de policía pola quenda libre e polo procedemento de oposición, de acordo co artigo 35 da Lei 4/2007, agás no caso de mobilidade horizontal desde outros corpos que será polo procedemento de concurso de méritos, recollido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Os aspirantes, ademais do cumprimento dos requisitos legalmente esixibles para tomar parte no proceso selectivo, unha vez que superen a oposición seguirán un curso na Academia Galega de Seguridade Pública, coa duración e contido que determina o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 e demais normativa aplicable e que, en todo caso, terá por obxecto o coñecemento da estrutura, funcións e réxime estatutario dos corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de

Galicia, así como a adecuación dos coñecementos propios da especialidade de que se trate ás necesidades da función policial.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en cada convocatoria reservarase ata un 25 por cento das prazas convocadas para a súa provisión polo sistema de concurso-oposición entre os membros dos corpos da Policía Local de Galicia, sempre que conten coa titulación necesaria e cunha experiencia de polo menos cinco anos no exercicio da función policial.

Neste caso, os aspirantes que superen o concurso-oposición seguirán un curso na Academia Galega de Seguridade Pública, coa duración e contido que regulamentariamente se determine e que, en todo caso, terá por obxecto a adecuación dos coñecementos propios da especialidade de que se trate ás necesidades da función policial.

**Artigo 16**

1. O nomeamento do/a xefe do corpo de Policía local será efectuado polo Alcalde ou Alcaldesa polo sistema de libre designación, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, tras a convocatoria pública en que poderán participar funcionarios de carreira que teñan a máxima categoría do cadro de persoal do corpo de Policía do Concello, ou entre funcionarios de carreira dos corpos de policía local doutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Policía de Galicia, sempre e cando pertenzan a unha categoría igual á da praza que se vai cubrir e cumpran os requisitos do posto de traballo.

2. O posto de xefatura exerce a máxima responsabilidade na Policía Local e ten o mando inmediato sobre todas as unidades, seccións e servizos en que se organiza baixo a superior autoridade do Alcalde ou Alcaldesa ou do concelleiro/a en quen delegue.

3. Correspóndelle ao xefe do corpo:

a) Transformar en ordes concretas as directrices recibidas do Alcalde ou Alcaldesa e do concelleiro/a delegado/a da Policía Local.

b) Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia.

c) Avaliar as necesidades de recursos humanos e materiais e formular as correspondentes propostas.

d) Informar ao Alcalde ou Alcaldesa ou ao concelleiro/a delegado/a do funcionamento do servizo e do cumprimento dos obxectivos e ordes recibidas.

e) Cumprir calquera outra función que lle atribúa este regulamento.

4. Nos casos de ausencia ou enfermidade do funcionario titular, O Alcalde ou Alcaldesa poderao substituír por outro funcionario do corpo da mesma categoría ou, se non o hai, da inmediata inferior, atendendo os criterios de mérito e capacidade. Esta substitución será sempre temporal.

5. En caso de vacante, O Alcalde ou Alcaldesa cubrirá o posto de forma inmediata polo procedemento anterior e, en todo caso, no prazo máximo de doce meses publicará a convocatoria pública do posto.

**Artigo 17**

1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación a aprobación do cadro de persoal do corpo de Policía Local, no que se integrarán todas as prazas correspondentes a cada escala e categoría previstas nesta norma coa determinación dos niveis respectivos.

2. A aprobación do cadro de persoal seralle comunicada á consellaría competente en materia de seguridade.

**Artigo 18**

1. O corpo da Policía Local de Santiago de Compostela organízase en unidades:

a. Xefatura.

b. Unidade operativa

c. Unidade de réxime interior

d. Unidade de coordinación

e. Tamén se poderán crear, entre outras, unidades de policía de barrio e de policía xudicial, aténdose ao disposto na Lei de forzas e corpos de seguridade e ao Regulamento da policía xudicial.

2. As unidades organizaranse internamente, á súa vez, en seccións, equipos e grupos, segundo a amplitude e necesidades de cada unha.

a. Xefatura

b.Unidade operativa, con tres seccións:

- Sección territorial

- Sección central

- Sección de servizos especiais.

c. Unidade de réxime interior

d. Unidade de coordinación

3. As unidades estarán mandadas por inspectores principais ou inspectores, as seccións estarán mandadas por inspectores e os grupos e equipos por inspectores ou oficiais.

4. Nos casos de ausencia ou enfermidade do funcionario titular ou de vacancia no posto, o Alcalde ou Alcaldesa poderao substituír por outro funcionario do corpo da mesma categoría ou, se non o hai, da inmediata inferior, atendendo os criterios de mérito e capacidade. Esta substitución será sempre temporal.

**Artigo 19**

A organización das diferentes unidades será responsabilidade da xefatura do corpo, a quen corresponde establecer o número de integrantes de cada unha, de acordo coas necesidades do servizo e as prioridades establecidas pola Alcaldía, así como designar o persoal que as integre consonte as condicións que se establezan.

Os funcionarios do corpo da Policía Local, como todos os funcionarios municipais, teñen asegurado o seu dereito ao cargo, sen prexuízo da súa adscrición a uns ou outros postos de traballo, neste senso pertencer a unha ou outra unidade ou sección non implicara destino fixo nela.

**Artigo 20**

A provisión de vacantes e destinos nas distintas unidades do corpo, así como as condicións requiridas para o seu desempeno e o baremo que se utilice faranse públicos no taboleiro de anuncios para xeral coñecemento dos compoñentes do corpo interesados en optar a elas. Os postos de servizo nas diferentes categorías proveranse de acordo cos principios de igualdade, capacidade, mérito e antigüidade.

## Artigo 21

O Pleno da Corporación poderá crear unha Escola de Seguridade Pública e Protección Civil, que terá como función a elaboración, programación e desenvolvemento dos criterios de selección, formación e perfeccionamento dos membros dos servizos de Seguridade Publica e Protección Civil do Concello de Santiago.

Poderá impartir, ademais dos cursos selectivos de formación básica para funcionarios en prácticas, cursos de aptitude para ascensos e cursos de especialización e reciclaxe.

Estará rexida por un consello reitor formado polo Alcalde ou Alcaldesa, como presidente, e como vogais os concelleiro/as delegado/as das áreas de protección cidadá e educación, os xefes da Policía Local e do Servizo Municipal de Extinción de Incendios, o director da escola, un técnico municipal designado pola Alcaldía e dous funcionarios municipais en representación do persoal, designados polas seccións sindicais ou pola Xunta de Persoal. Actuará como secretario o da Corporación ou o funcionario municipal no que delegue.

Terá autonomía funcional e un regulamento propio, que será aprobado polo Pleno do Concello.

Os cursos antes mencionados poderanse substituír por cursos organizados ou concertados en escolas publicas e oficiais, como a Academia Galega de Seguridade Pública, a Escola Galega de Administración Pública ou outras escolas e institucións públicas debidamente recoñecidas.

## CAPÍTULO II. NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO

## Artigo 22

1. Sen prexuízo das funcións sinaladas no artigo 14 deste regulamento, a Policía Local exercerá primordialmente funcións de prevención, impedindo coa súa presenza uniformada a comisión de feitos delituosos.

2. A actuación policial basearase na:

a. Acomodación ás directrices e obxectivos decididos polo municipio.

b. Polivalencia no exercicio das súas funcións.

c. Autonomía e responsabilidade no exercicio das funcións, xa se exerzan de forma individual ou en parella policial.

d. Transparencia na prestación do servizo, dando conta aos superiores xerárquicos das actuacións policiais e dos resultados dos dispositivos que se establezan.

**Artigo 23**

1. O servizo da Policía Local estará coordinado cos restantes servizos municipais e cos doutras institucións. Existirá unha mutua coordinación e información recíproca entre a Policía Local e as demais forzas e corpos de seguridade na elaboración dos plans e actividades de seguridade conxunta no marco da Xunta Local de Seguridade.

2. En materia de coordinación da actuación das distintas policías locais de Galicia estarase ao disposto nos artigos 12 e seguintes da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia.

3. O servizo da Policía Local funcionará as vintecatro horas do día e abranguerá a totalidade do territorio municipal.

4. O Concello, por proposta do/a xefe do corpo, elaborará un esquema organizativo do corpo policial, con indicación dos cometidos e medios asignados, respectando os principios organizativos fixados anteriormente.

**Artigo 24**

Nas distintas unidades do corpo distribuiranse as funcións entre os distintos empregos e compoñentes de tal xeito que en todo momento exista un único responsable diante da xefatura.

As substitucións accidentais, salvo resolución expresa en contra, corresponde exercelas ao compoñente do corpo máis antigo da categoría inmediata inferior.

**Artigo 25**

A Policía Local, como corpo xerarquizado, utilizará sempre, para calquera asunto que afecte ao servizo, o conduto regulamentario da maneira seguinte:

1. Calquera compoñente do corpo poderá dirixir informe, pedimento ou queixa a calquera superior xerárquico, incluída a Alcaldía.

2. O informe, pedimento ou queixa deberá realizalo a través dos seus inmediatos superiores xerárquicos.

3. Todo membro do corpo que realice un informe, pedimento ou queixa a un superior xerárquico poderá facelo por duplicado, quedando unha copia selada no seu poder.

4. O anterior enténdese sen prexuízo dos dereitos e competencias que correspondan aos representantes sindicais membros do corpo da Policía Local no exercicio das súas funcións.

**Artigo 26**

Corresponde aos policía o exacto cumprimento das funcións xenéricas que se lles encomenda neste regulamento, así como as específicas do destino concreto que desempeñen, cumprindo puntualmente as ordes dos seus superiores xerárquicos orientadas a esta finalidade.

**Artigo 27**

1. Aquelas ordes que pola súa complexidade, importancia, problemática realización ou calquera motivo análogo poidan orixinar malentendidos ou situacións conflitivas, segundo a valoración do mando, e cando a urxencia dos servizos o permita, serán cursadas por escrito.

2. Se un subordinado crera que algunha orde pode ser obxecto de especial responsabilidade poderá solicitar que se lle dea por escrito.

**Artigo 28**

No servizo, os funcionarios do corpo da Policía Local con mando asumirán sempre o posto de maior responsabilidade e perigo, de habelo, velando para que todo o persoal ás súas ordes observe o cumprimento dos seus deberes.

Instruirán aos seus subordinados teórica e practicamente, poñéndolles de manifesto que a observancia das disposicións se debe practicar por propio convencemento e serán exemplo de puntualidade, disciplina, austeridade e corrección en todos os seus actos.

## TÍTULO III. DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. RÉXIME ESTATUTARIO

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

**Artigo 29**

O réxime estatutario dos membros do corpo da Policía Local estará constituído polos preceptos contidos na Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade que lles sexan

aplicables, polas disposicións deste regulamento, polas normas do réxime local, polas disposicións ditadas para este efecto pola Comunidade Autónoma, polo Estatuto básico do emprego público e demais normas que lles resulten de aplicación.

**Artigo 30**

1.- Consonte o disposto nos artigos 47 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, os membros do corpos da policía local teñen os dereitos e os deberes que lles corresponden como funcionarios do Concello de Santiago de Compostela no marco da especificidade da súa función, de acordo coa lexislación vixente.

2. O Concello outorgaralles a consideración social debida á súa xerarquía e á dignidade do servizo policial, protexerá aos seus funcionarios no exercicio das súas funcións e garantirá o cumprimento dos dereitos recollidos nos artigos 48 a 59 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

## CAPÍTULO II. RECOÑECEMENTOS MÉDICOS PERIÓDICOS PARA A VIXILANCIA DA SAÚDE E DEBER DE RESIDENCIA

**Artigo 31**

1. A vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou a outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos cales se estea exposto.

2. Os exames de saúde realizaranse consonte os criterios recollidos no Decreto 243/2008 do 16 de outubro polo que se desenvolve dita Lei 4/2007, do 20 de abril de

coordinación de policías locais, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, ou norma que os substitúa.

**Artigo 32**

1. Os membros do corpo da Policía Local poderán residir fóra da localidade onde traballan, exceptuados os casos en que por razóns do servizo sexa necesario o deber de residencia na propia localidade.

2. Sen prexuízo do anterior, a localidade onde residan non poderá distar máis de 100 quilómetros respecto á localidade de destino.

3. Non obstante, e con carácter excepcional, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar unha distancia superior á establecida no punto anterior, en función do tipo de traballo,

do número de efectivos, das quendas establecidas e das características das vías de comunicación.

## TÍTULO IV

## CAPÍTULO I. INGRESO, PROMOCIÓN E MOBILIDADE

### Artigo 33

1. A convocatoria das probas de acceso aos diferentes empregos que compoñen as escalas do corpo da Policía Local será realizada polo Concello logo da oferta de emprego público para cubrir as vacantes.

2. As convocatorias rexeranse polos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

3. O sistema de acceso, selección, ingreso, promoción, mobilidade e formación dos funcionarios do corpo da Policía Local e vixiantes municipais rexerase polo establecido na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a dita lei, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, ou normas que os substitúan.

4.- As probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingresos, promoción interna e mobilidade no corpo da Policía Local, regularanse polo establecido na Orde do 28 de xaneiro de 2009, ou na norma que a substitúa.

### Artigo 34

1. Consonte o disposto no artigo 26.1 da Lei 4/2007, o Pleno da Corporación poderá crear a subescala facultativa co fin de reforzar o corpo de Policía Local, ao cal lle corresponderá desempeñar tarefas de cobertura e apoio ás funcións policiais nas especialidades que se consideren oportunas segundo as peculiaridade propias da súa organización e funcionamento.

2. Os/as integrantes da subescala facultativa serán persoal funcionario de carreira do Concello e cubriran prazas de técnicos ou especialistas de distinto rango, nivel de titulación e especialización.

3. A determinación do número de prazas, o acceso a elas, os requisitos de titulación, as probas da oposición, a selección, ingreso, promoción, mobilidade e formación deste funcionariado da subescala facultativa rexerase polas determinacións contidas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e no Decreto 243/2008, do 16

de outubro, polo que se desenvolve a dita lei, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, ou normas que os substitúan.

## CAPÍTULO II. PREMIOS E DISTINCIÓNS

### Artigo 35

1. Os membros do corpo da Policía Local poderán ser premiados, distinguidos, felicitados ou condecorados polos actos de especial transcendencia e mérito realizados na prestación do servizo, así como polo mantemento durante a vida profesional dunha conduta exemplar.

2. As mencións honoríficas sinaladas no parágrafo anterior constituirán mérito destacado na fase de concurso para os ascensos e faranse constar nos expedientes persoais.

### Artigo 36

A felicitación, pública ou privada, faraa o Alcalde ou Alcaldesa, por propia iniciativa ou por proposta do concelleiro/a delegado/a ou do/a xefe do corpo, a aqueles membros do corpo que se distingan durante a prestación do servizo ou teñan unha actuación destacada ou especialmente meritoria.

### Artigo 37

Serán recompensados co galón de méritos aqueles compoñentes do corpo que se distingan especialmente polas súas virtudes profesionais e humanas.

O galón de méritos consistirá nun galón prateado rectangular colocado na manga esquerda.

### Artigo 38

A concesión da medalla de servizos distinguidos do corpo da Policía Local de Santiago de Compostela outorgarase a aqueles compoñentes do corpo que se distingan na realización dalgún acto heroico ou xeneroso, con grave risco para a súa vida.

### Artigo 39

A concesión da medalla do corpo da Policía Local de Santiago de Compostela, outorgarase polo mantemento durante a vida profesional dunha conduta exemplar ou polos méritos contraídos ao longo dun período de tempo; poderán ser distinguidas con

esta condecoración persoas físicas ou xurídicas que non pertenzan ao corpo da Policía Local.

A medalla do corpo da Policía Local de Santiago de Compostela só poderá ser concedida unha vez ao mesmo funcionario.

**Artigo 40**

A medalla de permanencia entregarase anualmente aos policías locais, calquera que sexa a súa categoría, cando cumpran trinta anos de servizo no corpo e teñan unha traxectoria profesional excepcional, sen que consten antecedentes desfavorables no seu expediente persoal ou pendentes de cancelar.

**Artigo 41**

1. O procedemento para a concesión dos distintos premios e distincións iniciarase de oficio. As propostas serán formuladas pola xefatura do corpo e serán sometidas á valoración e informe da Comisión de Valoración que para este efecto se creará e que estará formada polo/a xefe da Policía Local, os titulares de cada unha das unidades operativas do corpo, o/a director/a de área, un funcionario/a designado polo departamento de persoal, que exercerá as funcións de secretario/a  con voz e sen voto, sendo o seu presidente o/a director/a de área.

A Comisión de Valoración formalizará a correspondente proposta que será elevada ao Alcalde ou Alcaldesa ou ao concelleiro/a delegado/a que, se así o considera, poderá solicitar as aclaracións e datos que considere procedentes en relación coa proposta presentada.

A proposta será elevada ó Pleno da Corporación quen outorgará os premios ou distincións correspondentes.

O prazo máximo de duración do procedemento de concesión será de tres meses, entendéndose denegatoria a falta de resolución, comunicación e notificación expresa.

2. Non terán carácter acumulativo para a concesión das distintas distincións aqueles actos xa considerados con anterioridade para o outorgamento doutras distincións. Porén, as circunstancias xa coñecidas e non consideradas para a concesión dalgunha das distincións non poderán ser tomadas en conta para un novo procedemento, agás que vaian acompañadas de novos feitos que poidan ser valorados como méritos.

3. As distincións e recompensas levarán consigo a súa acreditación documental a través dos diplomas correspondentes.

4. A entrega das distincións e dos diplomas correspondentes realizarase nun acto público solemne no que se dará lectura do acordo e que terá lugar no Pazo de Raxoi, sede do Concello.

## TÍTULO V

## CAPÍTULO I. UNIFORMIDADE E DISTINTIVOS EXTERNOS DE IDENTIFICACIÓN

### Artigo 42

1.- O policía local debera presentarse en todo momento en perfecto estado de uniformidade e aseo persoal, mantendo en bo estado de conservación tanto o vestiario como os equipos que lle foron entregados ou encomendados para o seu uso ou custodia.

Deberán vestir o uniforme regulamentario cando estean de servizo, agás nos supostos de dispensa previstos na Lei orgánica de corpos e forzas de seguridade e naqueles casos excepcionais nos que o Alcalde ou Alcaldesa ou o concelleiro/a delegado/a autoricen o contrario, nos específicos que afecten a determinados lugares de traballo ou por necesidades do servizo nos termos establecidos na lexislación vixente. Neste suposto deberán identificarse co documento de acreditación profesional.

### Artigo 43

O Concello dotará ao persoal do corpo da Policía Local da uniformidade correspondente para a mellor prestación do servizo, e levará a cabo a súa renovación cando, polo estado ou características de cada prenda, sexa conveniente e necesario. En todo caso, a renovación das pezas de uniformidade axustarase aos prazos contidos no anexo I deste Regulamento.

### Artigo 44

Existirán dous tipos de uniformidade: de traballo, que será distinto en verán e en inverno, e de gala ou representación. O catálogo de pezas en ambos os dous tipos é común para todos os corpos da policía local.

Por resolución do/a xefe do corpo mudarase a uniformidade de traballo nas distintas estacións.

### Artigo 45

En canto ao deseño, características e demais condicións técnicas das pezas que compoñen a uniformidade, así como das insignias e divisas, estarase ao disposto no Decreto 60/2010, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais en materia de uniformidade, a acreditación e medios técnicos, e máis concretamente á Orde do 22 de xullo de 2010, pola que se establece a descrición e características das distintas prendas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos da policía local, ou normativa que os substitúa.

## CAPÍTULO II. ACREDITACIÓN PROFESIONAL

### Artigo 46

Todos os membros do corpo da Policía Local deberán ser dotados dun documento de acreditación profesional que será común para todos os corpos da policía local de Galicia e que consistirá nun carné profesional e nunha placa-emblema, ambos os dous regulados no Decreto 60/2010, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

## CAPÍTULO III. MEDIOS TÉCNICOS

### Artigo 47

1. Os medios técnicos son os aparellos, elementos e sistemas que o persoal do corpo da Policía Local utiliza para cumprir mellor coas súas obrigas.

2. Estes medios poderán ser para uso individual ou de dotación colectiva, pero todos eles deberán cumprir coas características ou especificacións técnicas a que obriguen as normas vixentes.

### Artigo 48

O Concello facilitará ao persoal do corpo da Policía Local os medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do seu servizo que se relacionan no Decreto 60/2010, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policías locais en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

### Artigo 49

O Alcalde ou Alcaldesa ou o concelleiro/a delegado/a poderán decidir, de xeito motivado, os servizos que se presten sen armas, sempre que non supoñan un risco racionalmente grave para a vida ou a integridade física do funcionario ou de terceiras persoas. Non obstante, os servizos na vía pública e os de custodia prestaranse sempre con armas.

**Artigo 50**

En canto aos elementos de configuración externa e o deseño para a marcacións e rotulación dos vehículos a disposición da policía local estarase ao regulado na Orde do 29 de decembro de 2010 da Consellería de Presidencia e Administración Pública.

## CAPÍTULO IV. IMAXE CORPORATIVA

**Artigo 51**

1. A imaxe corporativa dos corpos de policía local será única e homoxénea, de maneira que se constitúa no símbolo identitario destes corpos.

2. Utilizarase tanto nos carteis da sinalización exterior e interior de oficinas ou dependencias policiais como na documentación profesional, distintivos externos de uniformidade, vehículos e medios técnicos en que resulte indicado o seu uso, con fin de facilitar aos cidadáns unha mellor información e recoñecemento.

3. O seu símbolo gráfico, o logotipo, as variables cromáticas e tamén a súa tipografía determínanse na Orde do 22 de xullo de 2010, pola que se establece a descrición e características da imaxe corporativa dos corpos de policía local.

## TÍTULO VI. SEGUNDA ACTIVIDADE

**Artigo 52**

A segunda actividade é unha situación administrativa especial que ten como obxecto garantir a axeitada aptitude psicofísica dos integrantes do corpo da Policía Local de Santiago, en tanto permanezan en activo, asegurando a eficacia do servizo.

**Artigo 53**

O pase do persoal funcionario do corpo da Policía Local de Santiago á situación de segunda actividade, producirase por:

a) Cumprimento das idades segundo a escala a que pertenza a súa categoría profesional e que serán as seguintes:

Escala superior e técnica: aos 62 anos de idade
Escala executiva: aos 60 anos de idade
Escala básica: aos 58 anos de idade

b) Diminucións das condicións psicofísicas para o desempeño da función policial.

c) Embarazo e lactación.

Os termos, condicións e procedemento para pasar a esta situación de segunda actividade rexerase polo disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, no Decreto 243/2008, de 16 de outubro, que desenvolve a mencionada lei, modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril, e, supletoriamente, polo previsto na lexislación vixente en materia de función pública. Exceptúase da súa aplicación a subescala facultativa.

**Artigo 54**

Unicamente procederá a declaración de segunda actividade desde a situación de servizo activo e permanecerase nela ata pasar á xubilación ou a outra situación que non poderá ser a de servizo activo, salvo que a causa da situación de segunda actividade sexa por embarazo, lactación ou insuficiencia das aptitudes psicofísicas e que tales circunstancias desaparezan.

**Artigo 55**

O procedemento para o pase do persoal funcionario do corpo da Policía Local de Santiago á situación de segunda actividade, por cumprimento das idades a que fan referencia estas normas, iniciarase de oficio e será comunicado desde o Departamento de Persoal do Concello ao funcionario interesado coa antelación suficiente, que en ningún caso será inferior aos tres meses anteriores ao cumprimento da idade establecida, co fin de que o interesado poda solicitar, se así o considera conveniente, a prórroga no servizo activo sen que se produza interrupción neste.

A orde de prelación das solicitudes que se presenten para a adscrición a postos de segunda actividade será a seguinte:

a) En primeiro lugar, por razón de enfermidade:

En atención ao grao de incapacidade.
En igualdade de condicións pola antigüidade no emprego.

En caso de igualdade na antigüidade o de maior idade.

b) En segundo lugar, por razón de idade:

O de maior antigüidade no emprego
En igualdade de condicións o de maior idade.

**Artigo 56**

Se o sinalado no artigo anterior non fose posible ao non existir postos vacantes de segunda actividade, o funcionario encontrarase en espera de destino en segunda actividade, prorrogándose a situación administrativa de servizo activo con determinación das funcións e tarefas a desempeñar, e terá preferencia nos postos de segunda actividade que vaian quedando vacantes. A orde de prelación das solicitudes será a mesma que se recolle no artigo anterior destas normas.

**Artigo 57**

1. A situación de segunda actividade deberá figurar no documento de acreditación profesional do persoal funcionario.

2. O funcionariado en situación de segunda actividade no propio corpo da Policía Local poderá prestar o servizo co uniforme regulamentario.

3. Os postos de segunda actividade non incluídos no corpo da Policía Local ou en funcións de seguridade, desempeñaranse sen uniformidade e sen armamento.

**Artigo 58**

1. O persoal funcionario que se encontre na situación de segunda actividade poderá desempeñar, de acordo coa súa formación e categoría, preferentemente na área de seguridade e axeitadas á súa experiencia e capacidade, entre outras, as seguintes funcións, segundo os postos de traballo que veña desempeñando:

- Para o posto de intendente, inspector principal e inspector:

a) Planificación e relacións externas.
b) Tarefas de carácter administrativo.
c) Xestión documental.
d) Apoio técnico e loxístico.
e) Elaboración de informes.
f) Información á cidadanía.

g) Outras tarefas semellantes, acordes coa súa categoría profesional e aptitude psicofísica.

- Para o posto de oficial:

a) De carácter administrativo.
b) Xestión documental.
c) Apoio técnico e loxístico.
d) Investigación.
e) Elaboración de informes.
g) Outras tarefas semellantes, acordes coa súa categoría profesional e aptitude psicofísica.

- Para o posto de policía:

a) Control de acceso de persoas á Casa do Concello.
b) Requisa de paquetería e correspondencia.
c) Control do sistema de vídeo-vixilancia externo.
d) Xestión e control dos medios técnicos do corpo:

1. Vehículos e material relacionado con eles.
2. Sistemas de transmisión e telecomunicacións.
3. Vestiario e equipamento.

e) Asistencia e apoio a traballos non operativos relacionados coa investigación de accidentes de tráfico e outras actividades relativas á seguridade viaria.

f) Tarefas administrativas.

1. Atención ao público.
2. Apoio na tramitación de licenzas, permisos, autorizacións e sancións administrativas.
3. Apoio na análise estatística e nas tarefas informáticas.

En xeral, os postos de segunda actividade estarán reservados para o desenvolvemento de todas aquelas actividades técnicas de asesoramento, instrumentais de xestión e apoio da actividade policial ou relacionadas con ela, de características similares ás expresadas nos parágrafos anteriores, sempre que estas non impliquen actuacións policiais operativas.

2. O Alcalde ou Alcaldesa ou o concelleiro/a en quen delegue poderán requirir, motivadamente, ao persoal funcionario do corpo da Policía Local en situación de segunda actividade para o cumprimento de funcións operativas polo tempo mínimo

necesario, cando concorran razóns excepcionais de seguridade cidadá que supoñan as dúas circunstancias seguintes:

a) Que sexan imprevisibles.

b) Que sexan de tal magnitude que non poidan resolverse polos medios policiais operativos ordinarios.

De xeito inmediato, comunicarase á unidade directiva con competencia en materia de coordinación os requirimentos efectuados e as razóns excepcionais que os motivan.

A designación de persoal funcionario para a realización dos ditos servizos comezará polos que pasaron á situación de segunda actividade por razón de idade e, na orde cronoloxicamente inversa á de seu pase. Terase en conta, se é o caso, a especial protección que poida ser esixible nos supostos de segunda actividade derivados de situacións de embarazo e lactación.

3. Ao persoal funcionario que teña que realizar os servizos enumerados neste artigo dotaráselle de uniformidade e dos medios necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

**Artigo 59**

Co fin de que se poidan desenvolver do xeito máis eficaz posible as funcións inherentes ao novo posto de traballo derivado do pase á situación de segunda actividade e así facilitar a integración do funcionariado, o Concello propiciará as accións formativas que se consideren necesarias e nas cales o persoal afectado deberá participar.

**Artigo 60**

Na situación de segunda actividade, agás cando a súa causa fose o embarazo ou a lactación, non se poderá participar en procedementos de promoción interna ou concursos de traslados, salvo que no momento de pasar a esta situación administrativa se estea desenvolvendo algún destes procedementos. Neste caso, deberase paralizar o dito pase ata a finalización do proceso de promoción ou mobilidade.

Os funcionarios que se presenten a probas de ascenso non poderán solicitar o pase á segunda actividade ata que rematen os ditos procesos.

**Artigo 61**

Durante a permanencia na situación de segunda actividade, o persoal funcionario gozará das prestacións sociais e axudas que poidan corresponder aos policías locais en situación administrativa de servizo activo.

**Artigo 62**

1. Corresponde á Xunta de Goberno Local ditar as resolucións de pase á situación de segunda actividade e, se é o caso, as resolucións de reingreso no servizo activo. As resolucións deberán ser expresas e motivadas.

2. Unha vez adoptada a resolución para o pase á situación de segunda actividade, comunicarase á unidade directiva competente en materia de coordinación de policías locais para que tal circunstancia sexa anotada no Rexistro de policías locais de Galicia.

**Artigo 63**

1. O Concello fixará, coa relación de postos de traballo, os postos de traballo de segunda actividade e precisará os que poidan ser cubertos con persoal nesta situación.

2. A relación de postos de traballo determinará para cada posto a función, o horario, a situación, o perfil necesario, a formación adecuada e calquera outra circunstancia. Estas definicións poderán cambiarse e adaptarse con base nas necesidades.

**Artigo 64**

1. No mes de setembro de cada ano, o/a xefe da Policía Local remitirá ao Departamento de Persoal do Concello un estudo organizativo sobre os posibles destinos que poidan ocupar policías en situación de segunda actividade e unha relación coa previsión do persoal que por razón de idade podería pasar a esta situación ao ano seguinte.

No mes de decembro anterior ao ano en que se vaia producir o pase do persoal funcionario á situación de segunda actividade, e logo de escoitar á Xunta de Persoal, o Concello, motivadamente, co fin de optimizar os seus recursos, e logo do informe da concellaría competente en materia de seguridade, poderá limitar para ese ano e por categoría o número de funcionarios que poidan acceder á situación de segunda actividade por razón de idade, prorrogando a permanencia no servizo activo dos que, en orde inversa á data en que cumpran a idade, excedan da cota así fixada.

No mes de xaneiro publicaranse os postos vacantes de segunda actividade co obxecto de que aqueles funcionarios que se atopan xa ocupando un posto deste tipo poidan solicitar un cambio de destino.

2. No suposto anterior, ao persoal funcionario ao que non se lle poida asignar un posto en segunda actividade prorrogaráselle a permanencia no servizo activo ata que queden vacantes postos catalogados como de segunda actividade ou ata que se amplíe o número destes postos.

3. Así mesmo, o Concello, logo de comunicalo á consellería competente en materia de seguridade, poderá aprazar o pase á situación de segunda actividade por sucesivos períodos dun año cando exista solicitude expresa do interesado, e sempre que medie informe do tribunal médico.

**Artigo 65**

O Concello creará un tribunal médico para a avaliación da diminución das condicións psicofísicas da policía local nos termos do previsto na lexislación aplicable.

**Artigo 66**

O pase á situación de segunda actividade non suporá ningunha diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas.

O tempo transcorrido na situación de segunda actividade será computable para os efectos de perfeccionamento de trienios e dereitos pasivos.

## TÍTULO VII. RÉXIME DISCIPLINARIO

**Artigo 67**

O réxime disciplinario do persoal funcionario do corpo da Policía Local de Santiago rexerase polo disposto na Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, consonte o establecido na disposición final sexta da dita norma e polo Decreto 94/1991 de 20 de marzo, Reglamento del Régimen Disciplinario del Personal Funcionario de Galicia, no que non contradiga a anterior.

**Artigo 68**

O réxime disciplinario establecido nestas normas enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os funcionarios, a cal se fará efectiva na forma que determine a lei.

**Artigo 69**

O órgano competente para a imposición das sancións por faltas tipificadas como moi graves, graves ou leves na lexislación aplicable, será a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da posible delegación ao abeiro do previsto na normativa de réxime local, agás a consistente na separación do servizo.

## TÍTULO VIII

## CAPÍTULO I. AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL

### Artigo 70

1. O Concello poderá acordar o incremento transitorio do seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía. Este incremento non superará o 50 por cento do persoal funcionario da policía local, no podendo tampouco ter unha duración de máis de catro meses.

Para isto deberase tramitar o correspondente expediente, do que terá que darse conta á consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia.

2.- Excepcionalmente, ao abeiro do disposto no parágrafo 7 do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, a consellería competente en materia de seguridade, en determinados casos debida e obxectivamente xustificados, poderá permitir a contratación dun número de auxiliares superior 50 por cento do persoal funcionario da policía local, e/ou por unha duración superior aos catro meses, que en todo caso non pode superar os seis meses dentro do ano natural.

O procedemento para a obtención desta autorización será o contido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, ou norma que o substitúa.

3. Os auxiliares da policía local desempeñarán funcións de apoio e de auxilio aos membros do corpo de Policía Local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

4. A selección farase seguindo criterios semellantes aos fixados para os integrantes dos corpos de policía local na Lei 4/2007, no Decreto 243/2008 que a desenvolve (modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril) e na Orde do 28 de xaneiro de 2009, ou normas que os substitúan.

5. Para o acceso a auxiliar de policía local requirirase a certificación de ter superada a ensinanza secundaria obrigatoria ou o título de graduado escolar ou equivalente, correspondentes ao grupo C2.

6. Para poder exercer as funcións sinaladas, os auxiliares terán que superar previamente un curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública.

7.- A contía das retribucións básicas dos auxiliares da policía local será a que legalmente corresponda consonte a adscrición destas prazas ao grupo C2. O complemento de destino asignarase aos auxiliares da policía local tendo en conta o grao de ingreso no grupo ao que corresponden legalmente.

8. A uniformidade dos/as auxiliares de policía local, de acordo co previsto no artigo 96 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, será a mesma do persoal do corpo de Policía Local, en función das súas necesidades, da época en que sexan contratados e segundo determine a xefatura da Policía Local, pero distinguiranse nos seguintes aspectos:

- Levarán a lenda "auxiliar de policía local" tanto na parte dianteira dereita do peito da peza de que se trate como centrada nas costas.
- Non levarán distintivos nas ombreiras.

9. O seu carné profesional será semellante ao do persoal de policía local e nel substituirase a categoría por auxiliar de policía local. O Concello facilitaralles un número de identificación ao cal precederá a letra A.

10. Non terán placa-emblema metálica, que se substituirá por un modelo específico en material plástico ou semellante, que irá impreso, pegado ou cosido na peza de que se trate.

11. Non poderán levar armas, pero si os medios de dotación que considere o Concello ou a xefatura do corpo de acordo coas súas concretas funcións.

**Disposición Adicional Única**

A descrición, contido e funcións das distintas unidades operativas e seccións en que se estrutura e organiza o corpo da Policía Local establecerase por Decreto da Alcaldía; e asemade o anexo no que se recollen os criterios para a renovación das pezas da uniformidade, poderá modificarse tamén mediante resolución do/a alcalde/sa

**Disposicións transitorias**

**Primeira.** De acordo co establecido na disposición transitoria primeira do Decreto 243/2008, que desenvolve a Lei 4/2007, os corpos de policía creados con anterioridade á súa entrada en vigor teñen un prazo de sete anos desde esta para adaptarse ás esixencias previstas no seu artigo 28 a respecto das categorías e ao número de efectivos

cos que deberán contar, á estrutura de cada escala e ao número de categorías de cada unha delas, así como á obriga de crear categorías en función da poboación e do número de efectivos. Este prazo remata o 24 de novembro de 2015, polo que a dita adaptación deberá levarse a cabo de xeito progresivo ata o cumprimento do devandito prazo.

**Segunda.** O prazo para que o Concello se adapte ás previsión e cambios contidos na Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas prendas de uniformidade do corpo da Policía Local e dos auxiliares da Policía Local, así como a súa imaxe corporativa, será de dous anos desde a entrada en vigor do Decreto 60/2010 que desenvolve a Lei 4/2007. O mesmo prazo, que rematou o 17 de maio de 2012, será aplicable en relación coa dotación de medios técnicos prevista nesta derradeira norma; agás no relativo ós vehículos que este prazo de adaptación se amplía ata o 17 de maio de 2.013.

**Terceira.** Os funcionarios que cumpriran, no momento da entrada en vigor da Lei 4/2007 de coordinación de policías locais, a idade mínima establecida na mesma para o pase á situación de segunda actividade irán accedendo a ela de xeito gradual. O Concello deberá regularizar a situación no prazo de 5 anos a contar desde a entrada en vigor da dita lei. Este prazo rematou o 23 de maio de 2012.

**Cuarta.** Os expedientes disciplinarios que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor deste regulamento seguiran regulados polas disposicións anteriores, salvo que as actuais sexan máis favorables ao expedientado.

**Disposición final.**

En todo o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na Lei 7/1985, de bases do réxime local, na Lei 7/2007, de 12 de abril EBEP, na Lei Orgánica 2/1986, de corpos e forzas de seguridade, na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, na normativa que a desenvolve e nas demais disposicións que sexan de aplicación.

**Disposición derradeira**

No momento da entrada en vigor deste regulamento quedará derrogado o Regulamento do corpo de Policía Local de Santiago do ano 1990 e todas cantas normas se opoñan ao establecido nel.

**ANEXO**

Criterios para a renovación das pezas da uniformidade

1. Uniformidade ordinaria:

a) Polo de manga corta: 1 ano.
b) Polo de manga longa: 1 ano.
c) Pantalón: 1 ano.
d) Zapatos: 1 ano.
e) Botas e botas de auga: 2 anos.
f) Calcetíns e medias: 1 ano.
g) Xersei: 4 anos.
h) Suéter polar: 2 anos
i) Cazadora tipo polar: 4 anos.
j) Chaquetón: 4 anos
k) Camiseta interior térmica: 1 ano.
l) Cubre pantalón: 2 anos
m) Gorra de béisbol: 2 anos.
n) Cinto: indefinido.
ñ) Colo tipo polar: 2 anos.
r) Guantes técnicos: segundo a homologación.
o) Chaleco reflectante: segundo a homologación.

2. Uniformidade de unidades de motorista:

a) Casco integral: Segundo homologación.
b) Casco semintegral: Segundo homologación.

3. As pezas específicas da uniformidade de gala terán una renovación indefinida, en todo caso suxeita ao principio xeral da súa necesidade ou conveniencia.

**5. SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADE PÚBLICA SECUNDARIA DE PROFESOR ASOCIADO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DON FRANCISCO REYES SANTIÁS.**

Manifesta o Sr. Alcalde que este punto se retira da orde do día da sesión.

**6. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 2013-CTO. EXTRAOR-09. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE SERVICIOS Y MATERIALES, SA.**

A proposta da concelleira-delegada de Educación, do pasado día 11 deste mes, en relación co presente asunto, ten o seguinte contido:

**“I.- EXPOSICION DE MOTIVOS.**

Con data de 7 de febreiro do ano en curso, a Concelleira Delegada de Educación, dictou orde de servizo o Sr. Xefe do Departamento de Educación de ista Administración municipal, co seguinte tenor literal:

“Tendo coñecemento da remisión pola Intervención Xeral Municipal dos expedientes:

1. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) (A-28781151) por prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

2. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A., por servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: “A Galiña Azul Polígono del Tambre”, a “Galiña Azul San Roque” e “A Galiña Azul Tras Parlamento” correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Tendo en conta o desposto no artículo 59.2.e) do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de 21 de decembro do 2011.

Tendo en conta o informe do Interventor Xeral Municipal do mes de xaneiro do ano en que andamos incorporado a aqueles expedientes.

Dese traslado dos referidos expedientes a Dirección da Área Económica os efectos pertinentes.”

Na mesma data a referida Concelleira Delegada de Educación, dirixe escrito a Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación, co seguinte tenor literal:

SRA. CONCELLEIRA DE FACENDA, ORZAMENTOS E CONTRATACIÓN.

**ASUNTO: SOLICITUDE DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Tendo en conta que na actualidade se ven tramitando, na modalidade de “anticipado de gastos”, o expediente de contratación da “Xestión do Servizo da Escola infantil municipal de Salgueiriños”, debendose formular nas próximas datas pola mesa de contratación proposta de adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que o contrato vixente para a prestación de tales servicios, encontrase en situación de prórroga, remantando a mesma o próximo día 23 de abril.

Tendo en conta que o día da data non recaeu aprobación inicial dos orzamentos municipales para o ano en que andamos, e que os mesmos no entrarían en vigor na data de vencemento de aquela prórroga, non contando en consecuencia o contrato que se esta a tramitación con necesaria dotación orzamentaria.

E polo que se solicita disa Concellería:

A incoación de expediente de modificación do orzamento vixente para o ano 2013, para suplemento da partida orzamentaria 020.32101.22703 na cuantía de 206.425,00 euros para dar cobertura o contrato indicado.

Asemesmo se participa que con esta mesma data se dictou orde de servizo para dar traslado a esa Concellería dos expedientes:

1. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) (A-28781151) por prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

2. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A., por servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: "A Galiña Azul Polígono del Tambre", a "Galiña Azul San Roque" e "A Galiña Azul Tras Parlamento" correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

por si fora conveniente por razons de economía procedimental a sua acumulación a incoación solicitada.

En base a ilo, a Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación, en uso das atribucions que lle confiren as Bases de Execución do Orzamento en vigor, dictou resolución administrativa de inicio de expediente, co seguinte tenor literal:

**DECRETO**

Visto o escrito da Sra. Concelleira Delegada de Educación e Normalización Lingüística, polo que se da traslado da seguinte documentación:

1. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) (A-28781151) por prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de

Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

2. Facturas emitidas pola empresa Servicios e Materiales, S.A., por servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: “A Galiña Azul Polígono del Tambre”, a “Galiña Azul San Roque” e “A Galiña Azul Tras Parlamento” correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Tendo en conta a inexistencia de aplicación orzamentaria específica para la recoñecemento das debedas contraídas por ista Administración municipal documentadas nas facturas anteriormente referidas e visto o informe do Sr. Interventor Xeral Municipal sobre a situación de ditas facturas e gastos a que se refiren, de conformidade coa base 10ª das de execución dos orzamentos municipais en vigor, veño en RESOLVER:

Incoar expediente de créditos extraordinarios por importe total de 677.412,91 euros, para recoñecemento da debeda coa empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA), polos seguintes conceptos:

* Prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

* Servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: “A Galiña Azul Polígono del Tambre”, a “Galiña Azul San Roque” e “A Galiña Azul Tras Parlamento” correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Financiar os créditos extraordinarios con baixas por anulación das aplicacións orzamentarias que de seguido se indican, sendo as mesmas susceptibles de anulación sin que ilo supoña unha perturbación no funcionamento do servizo o que se encontran adscritos o créditos correspondentes.

a),- Aplicación dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE CTO. EXTRAORDINARIO |
|---|---|---|
| 020-32100-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza colegios | 628.313,43 euros |
| 020—32102-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza E. infantis | 49.099,48 euros. |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

b).- Orixe dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE BAIXA ANULACIÓN |
|---|---|---|
| 020-33402-48901 | Normaliz. Lingüística.Outras Transferencias | 1.555,00 euros |
| 040-34900-48901 | O.A.Deportes.Outras Transferencias non nominativas | 3.575,00 euros. |
| 070-17200-48901 | Me. Ambiente.Outras Transferencias non nominativas | 5.440,00 euros. |
| 110-43100-48901 | Comercio. Outras Transferencias | 44.702,00 euros. |
| 110-43200-47900 | Turismo.Transferencias Correntes a Empresas Privadas | 30.000,00 euros. |
| 120-92402-48901 | Relacións Veciñais. Outras Transferencias non nominativas. | 72.000,00 euros. |
| 130-33601-48901 | Protc.Patrim.Hco e A. Transferencias non nominativas | 44.200,00 euros. |
| 140-23100-48001 | Acción social.Subv.ctes.a Inst.sen fins de lucro. | 100.000,00 euros |
| 140-23200-48901 | Muller. Transferencias non nominativas. | 17.000,00 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios. | 12.825,14 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.(Intendente) | 34.356,43 euros |
| 090-13200-12006 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 2.994,24 euros |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino de funcionarios. | 4.737,48 euros. |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino funcionarios.(Intendente) | 15.373,44 euros. |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico de funcionarios | 11.103,00 euros |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico funcionarios (Intendente) | 43.309,80 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios e laborais fixos | 11.143,08 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios laborais fixos (Intenden. | 21.767,76 euros |
| 130-15900-12010 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios. | 45.043,06 euros |
| 130-15900-12006 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 9.934,56 euros. |
| 130-15900-12100 | Vivenda e Urbanismo. Complemento de destino | 18.389,52 euros. |
| 130-15900-12101 | Vivenda e Urbanismo. Complemento Especifico | 47.466,12 euros |
| 130-15900-16000 | Vivenda e Urbanismo.S.Social funcionarios e laborais fixos | 30.655,20 euros. |
| 140-23900-12010 | O.A.Servizos Sociais.Retrib. Basicas Funcionarios | 11.067,32 euros. |
| 140-23900-12006 | O.A.Servizos Sociais. Retrib.Basicas Funcionarios. Trienios | 1.933,20 euros. |

| | | |
|---|---|---|
| 140-23900-12100 | O.A.Servizos Sociais.Complemento de destino de funcionarios. | 4.199,16 euros. |
| 140-23900-12101 | O.A.Servizos sociais. Complemento Especifico de funcionarios. | 8.726,64 euros. |
| 140-23900-16000 | O.A.Servizos Sociais. S.Social Funcionarios e Laborais Fixos | 8.412,72 euros. |
| 110-43101-13000 | Mercado.Retr.Básicas Persoal Laboral Fixo | 15.503,04 euros |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

De acordo co disposto no artigo 21.6 del Real Decreto 500/90, de 20 de abril, a presente modificación orzamentaria se consideran incluidos nos créditos iniciais do orzamento que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación deba rexir para o actual exercicio económico do 2013, polo que unha vez iste último intre en vigor a presente modificación deberá ser obxecto de anulación nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais.

Santiago de Compostela a 14 de febreiro do 2013.
A CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA, PRESUPOSTOS
E CONTRATACIÓN.

Asdo.: Cecilia Sierra Rey.”

Na sustantación do expediente incorpórase “informe complementario” do Xefe de Servizo de Educación, na medida en que algúns dos gastos documentados nas facturas de referencia, xa tiñan sido informados no ano en que os mesmos foron realizados por iste servizo municipal, esto e, o ano 2012,, e incluso chegaron a ser sometidos en dito exercicio económico o órgano municipal competente, esto e, a Xunta de Goberno Local, sin que ista adoptara acordo expreso de aprobación dos gastos, o que motivou a iniciación do expediente que agora se está a tramitar.

Finalmente, o expediente foi remitido o departamento de Intervención o día 20 de febreiro do ano en curso para informe, si ben iste departamento municipal o no constar a preceptiva proposta de acordo, - necesaria por imperativo da Base 10ª das de execución dos orzamentos vixentes -, coa misma data o remite o Departamento de Eduación os efectos de que se formule a necesaria e correspondente proposta.

Todos istes documentos figuran no expediente administrativo o que se incorpora ista proposta que se está a formular.

A Concelleira que suscribe asume as competencias delegadas en materia de Educación, unha vez finalizada a fase de instrucción do presente expediente administrativo;

instrucción u ordenación que se ten levado a cabo nas condicions e con arranxo o que se deixa exposto e segundo se desprende da documentación que conforma o mesmo.

Coa finalidade de evitar perxuicios económicos a ista Administración municipal e a terceiros, quen suscribe entende que procede continuar a tramitación do expediente iniciado, formulando proposta de acordo o órgano municipal competente, esto e, o Pleno da Corporación.

Do exame da documentación incorporada o expediente, resulta palmario que pola empresa Servicios y Materiales, S.A teñense realizado unhas prestacions a ista Administración municipal, descritas nas facturas que documentan os gastos ocasionados, que teñen determinado a existencia dunha deuda de natureza económica entre este Concello e a referida mercantil.

Tendo en conta que ditas prestacions teñen sido recepcionadas de conformidade polo servicio municipal de Educación tal e como se pon de manifesto no expediente instruido.

Tendo en conta igualmente que no expediente se constata que as débedas e gastos reclamados teñense cuantificado en base a uns precios xa conformados nun contrato anterior resultante dun proceso licitatorio para un obxecto contractual idéntico a natureza das prestacions que deron lugar a débeda agora reclamada e coa misma prestataria, e que polo tanto a sua cuantificación se axustarían a precios de mercado.

Tendo en conta os informes do Sr. Interventor Xeral Municipal de 28 de decembro do ano 2012 e de xaneiro do ano en que andamos, e os sucesivos informes do Sr. Director da Asexoría Xurídica Municipal, nos cales se describen as irregularidades que presidiron a comisión dos gastos en cuestión, as consecuencias orzamentarias que de elo se derivan e o procedemento financieiro a seguir para resarcir a prestataria, por la vía de unha indemnización substitutoria e en base a doutrina do "enriquecimento inxusto" da Administración de tales gastos ocasionados.

Tendo en conta que da documentación obrante no expediente trasluce a posible existencia de discrepancias no funcionamento do servizo municipal de Educación respecto do orixe e circunstancias en que tiveron lugar as actuacions administrativas que ocasionaron as debedas que agora se pretenden satisfacer, e que as mesmas non teñen porque quedar diluidas na presente proposta, dado que, en todo caso, poden ser dilucidadas por la Corporación, si así o estima convinte.

Tendo en conta que a fonte de financiación para facer viable o abono das débedas contraídas, consistentes na anulación das dotacions presupuestarias adscritas a outros servizos municipales, son susceptibles de ser utilizadas para ista finalidad sin que elo

supoña unha perturbación do funcionamento normal do servizo o que se encontran adscritas, tal e como se pon de manifesto na resolución administrativa dictada pola Concelleira de Facenda, Orzamentos e Contratación, dictada por la Concejala de Hacienda, Presupuestos y Contratación e anteriormente transcrita.

A Concelleira que suscribe, no exercicio das competencias que ten atribuidas por delegación, os efectos de continuar a tramitación do expediente instruido e de evitar perxuicios a ista Administración municipal e a terceiros, - tanto a mercantil Servicios y Materiales, S.A. como o persoal dependente da mesma -, formula proposta ante o Pleno da Corporación para resarcir a dita mercantil dos gastos ocasionados nas prestacions que ten feito a ista Administración municipal.

**II.- PROPOSTA DE ACORDO**.

En base o anterior e os efectos de continuación e conclusión do expediente, e cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local e artigo 177.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase o Pleno da Corporación, previo dictamen da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Darse por enterado do informe de disconformidad do Sr. Interventor Xeral Municipal con nota de reparo por inexistencia de crédito e omisión de trámites esenciales nos gastos xerados como consecuencia da prestación de servizos de limpeza pola empresa Servicios y Materiales, S.A. e polos importes que se recollen no citado informe de 25 de xaneiro do ano en que andamos, e solventar o reparo formulado.

2.- Aproba-la modificación presupostaria número 2013-CREEXT-09 polo importe de 677.412,91 euros, co desglose e aplicacions que se reflicten na Resolución da Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratacion de data 14 de febreiro do 2013 e que se reproduce, así como en base a exposición de motivos que se conten na presente proposta, procedendo a habilitación de créditos extraordinarios para recoñecemento de débeda coa empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) polos seguintes conceptos:

* Prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

* Servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: “A Galiña Azul Polígono del Tambre”, a “Galiña Azul San Roque” e “A Galiña Azul Tras Parlamento” correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Financiar os créditos extraordinarios con baixas por anulación das aplicacions orzamentarias que de seguido se indican, sendo as mesmas susceptibles de anulación sin que ilo supoña unha perturbación no funcionamento do servizo o que se encontran adscritos os créditos correspondentes.

a).- Aplicación dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE CTO. EXTRAORDINARIO |
|---|---|---|
| 020-32100-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza colegios | 628.313,43 euros |
| 020—32102-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza E. infantis | 49.099,48 euros. |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

b).- Orixe dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE BAIXA ANULACIÓN |
|---|---|---|
| 020-33402-48901 | Normaliz. Lingüística.Outras Transferencias | 1.555,00 euros |
| 040-34900-48901 | O.A.Deportes.Outras Transferencias non nominativas | 3.575,00 euros. |
| 070-17200-48901 | Me. Ambiente.Outras Transferencias non nominativas | 5.440,00 euros. |
| 110-43100-48901 | Comercio. Outras Transferencias | 44.702,00 euros. |
| 110-43200-47900 | Turismo.Transferencias Correntes a Empresas Privadas | 30.000,00 euros. |
| 120-92402-48901 | Relacións Veciñais. Outras Transferencias non nominativas. | 72.000,00 euros. |
| 130-33601-48901 | Protc.Patrim.Hco e A. Transferencias non nominativas | 44.200,00 euros. |
| 140-23100-48001 | Acción social.Subv.ctes.a Inst.sen fins de lucro. | 100.000,00 euros |
| 140-23200-48901 | Muller. Transferencias non nominativas. | 17.000,00 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios. | 12.825,14 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.(Intendente) | 34.356,43 euros |

| | | |
|---|---|---|
| 090-13200-12006 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 2.994,24 euros |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino de funcionarios. | 4.737,48 euros. |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino funcionarios.(Intendente) | 15.373,44 euros. |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico de funcionarios | 11.103,00 euros |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico funcionarios (Intendente) | 43.309,80 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios e laborais fixos | 11.143,08 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios laborais fixos (Intenden. | 21.767,76 euros |
| 130-15900-12010 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios. | 45.043,06 euros |
| 130-15900-12006 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 9.934,56 euros. |
| 130-15900-12100 | Vivenda e Urbanismo. Complemento de destino | 18.389,52 euros. |
| 130-15900-12101 | Vivenda e Urbanismo. Complemento Especifico | 47.466,12 euros |
| 130-15900-16000 | Vivenda e Urbanismo.S.Social funcionarios e laborais fixos | 30.655,20 euros. |
| 140-23900-12010 | O.A.Servizos Sociais.Retrib. Basicas Funcionarios | 11.067,32 euros. |
| 140-23900-12006 | O.A.Servizos Sociais. Retrib.Basicas Funcionarios. Trienios | 1.933,20 euros. |
| 140-23900-12100 | O.A.Servizos Sociais.Complemento de destino de funcionarios. | 4.199,16 euros. |
| 140-23900-12101 | O.A.Servizos sociais. Complemento Especifico de funcionarios. | 8.726,64 euros. |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| 140-23900-16000 | O.A.Servizos Sociais. S.Social Funcionarios e Laborais Fixos | 8.412,72 euros. |
| 110-43101-13000 | Mercado.Retr.Básicas Persoal Laboral Fixo | 15.503,04 euros |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

De acordo co disposto no artigo 21.6 del Real Decreto 500/90, de 20 de abril, a presente modificación orzamentaria se consideran incluidos nos créditos iniciais do orzamento que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación deba rexir para o actual exercicio económico do 2013, polo que unha vez iste último intre en vigor a presente modificación deberá ser obxecto de anulación nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no artigo 169 TRLRHL o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no BOP, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados podrán interponer reclamacions.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedendose a sua publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da sua publicación.

3.- Aproba-lo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas coa mercantil Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) polo importe total de 677.412,91 euros, con arranxo o seguinte detalle:

* Prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente o mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

* Servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: “A Galiña Azul Polígono del Tambre”, a “Galiña Azul San Roque” e “A Galiña Azul Tras Parlamento” correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

recoñecendo a debeda contraída con Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA) (A-28781151) e aprobando unha indemnización substitutiva a favor de dita mercantil polo

importe total de 677.412,91 pola débeda contraída polas prestacions de referencia e documentada nas facturas que se relacionan de seguido:

a).- Facturas limpeza, conserxería e control das instalacions dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela de xuño a decembro do 2012:

| **DATA** | **NUM.FACTUR** | **IMPORTE** | **CONCEPTO** |
|---|---|---|---|
| 30/06/2012 | 56 B/12 | 88.473,73 | Serv.Limpez e control instal. Centros Pub.Educac.Infantil y Primaria. Xuño/2012 |
| 31/07/2012 | 66 B/12 | 88.473,73 | Id. Xullo/2012 |
| 31/08/2012 | 78 B/12 | 88.473,73 | Id. Agosto/2012 |
| 30/09/2012 | 87 B/12 | 90.723,06 | Id. Setembro/2012 |
| 31/10/2012 | 98 B/12 | 90.723,06 | Id. Outubro/2012 |
| 30/11/2012 | 109 B/12 | 90.723,06 | Id. Novembro/2012 |
| 30/12/2012 | 119b/12 | 90.723,06 | Id. Decembro/2012 |
| **TOTAL** | | **628.313,43** | |

b).- Facturas por servicios de limpieza prestados en las Escuelas Infantiles correspondientes al año 2012.

| **DATA** | **NUM.FACTUR** | **IMPORTE** | **CONCEPTO** |
|---|---|---|---|
| 30/01/2012 | 03 B/12 | 1.331,82 | Servizo Limpeza Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre Xaneiro/12 |
| 30/01/2012 | 04 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul S. Roque" Xaneiro/2012 |
| 30/01/2012 | 05 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Xaneiro/2012 |
| 28/02/2012 | 12 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre" Febreiro/2012 |
| 28/02/2012 | 13 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Febreiro/2012 |
| 28/02/2012 | 14 B/12 | 1.412,89 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Febreiro/2012 |
| 30/03/2012 | 22 B/12 | 1.331,82 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Marzo/2012 |
| 30/03/2012 | 23 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Marzo/2012 |
| 30/03/2012 | 24 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Marzo/2012 |
| 30/04/2012 | 34 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Abrill/2012 |
| 30/04/2012 | 35 B/12 | 1.312,54 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul San Roque".Abril/2012 |
| 30/04/2012 | 36 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Abril 2012 |
| 31/05/2012 | 45 B/12 | 1.331,82 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Pol Tambre. Maio/2012 |
| 31/05/2012 | 46 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Maio/2012 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 31/05/2012 | 47 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Maio 2012 |
| 30/06/2012 | 58 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre" Xuño/2012 |
| 30/06/2012 | 59 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Xuño/2012 |
| 30/06/2012 | 60 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Xuño/2012 |
| 31/07/2012 | 68 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Xullo/2012 |
| 31/07/2012 | 69 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Xullo/2012 |
| 31/07/2012 | 70 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Xullo/2012 |
| 31/08/2012 | 80 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol Tambre. Agosto/2012 |
| 31/08/2012 | 81 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Agosto/2012 |
| 31/08/2012 | 82 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Agosto/2012 |
| 30/09/2012 | 89 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Setembro/2012 |
| 30/09/2012 | 90 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Setembro/2012 |
| 30/09/2012 | 91 B/12 | 1.448,80 | Id. Esciola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Setembro/2012 |
| 31/10/2012 | 100 B/12 | 1.365,67 | Id.Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre". Outubro/2012 |
| 31/10/2012 | 101 B/12 | 1.345,90 | Id.Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Outubro/2012 |
| 31/10/2012 | 102 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Outubro/2012 |
| 30/11/2012 | 111 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre", Novembro/2012 |
| 30/11/2012 | 112 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Novembro/2012 |
| 30/11/2012 | 113 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento".Novembro/2012 |
| 30/12/2012 | 121 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre". Decembro/2012 |
| 30/12/2012 | 122 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Decembro/2012 |
| 30/12/2012 | 123 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Decembro/2012 |
| **TOTAL** | | **49.099,48"** | |

Sobre a proposta emitiu o seguinte informe o Sr. Interventor de Fondos Municipais, o día 11 deste mes:

**"ASUNTO: MODIFICACION PRESUPOSTARIA NÚMERO 2013-CTO.EXTRAOR-09. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E RECOÑECEMENTO**

**EXTRAXUDICIAL DE CREDITO A FAVOR DE SERVICIOS Y MATERIALES, S.A., POLO IMPORTE DE 677.412,91 EUROS”**.

Incoado por Resolución da Concelleira Delegada de Facenda, Presupostos e Contratación de data 14 de febreiro do ano en curso, recíbese nesta Intervención Xeral, expediente de modificación de créditos presupostarios, número 2013-CTO.EXTRAOR-09, que se financia con cargo a baixas de crédito de gastos de partidas do Presuposto vixente, e presentada a proposta de modificación que inclúe memoria xustificativa, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional (na actualidade estatal), emítese o seguinte informe:

**1.- Lexislación aplicable.**

O expediente que se tramita contén créditos extraordinarios por un importe global de 677.412,91 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Presuposto de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación presupostaria encóntrase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRHL) e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 10ª das de execución do Presuposto vixente. As baixas por anulación que por importe de 47.000,00 euros se propoñen como medio de financiamento neste expediente encontran a súa regulación no artigo 177.4 TRLRHL e artigo 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**2.- Descrición da modificación de crédito proposta.**

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales se proxecta este tipo de modificación de créditos, requisitos.

En síntese tales requisitos concrétanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podendo demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Presuposto de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar

no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso dos dotacións de créditos extraordinarios, e iso no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non podendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a proposta que se eleva ao Pleno da Corporación incluída no expediente que se informa, inclúe as aplicacións orzamentarias a crear ex novo ("créditos extraordinarios"), con indicación dos gastos e necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón, consistentes na dotación de créditos para recoñecemento de débedas contraídas coa mercantil Servicios y Materiales, S.A. por importe de 677.412,91 euros e abono de indemnización substitutiva a favor da mercantil polo citado importe. Iste recoñecemento extraxudicial de crédito que se inclue na proposta, levase a cabo en base o contido do artigo 60.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril e base numero 8ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

Polo que respecta o orixe dos gastos que determinan o recoñecemento de tales obrigas, as irregularidades cometidas nas actuacions administrativas que determinaron a sua comisión, as consecuencias xurídicas e orzamentarias derivadas das actuacions administrativas levadas a cabo nesta Administración municipal en relación a tales gastos, a posibilidade de recurrir o procedemento excepcional de recoñecemento extraxudicial de crédito é en fin os pronunciamentos e actos de control interno e fiscalización diste órgano interventor, remitome os informes que figuran no expediente de data 28 de decembro do 2012 e os más recentes do mes de xaneiro do ano en que andamos.

Polo demais, indicar que una vez sexa, se e o caso, adoptado acordo polo órgano competente, remitirase a ista Intervención Xeral procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.

**3.- Recurso financeiro utilizado.**

Proponse como medio de financiamento deste expediente de modificación presupostaria, a minoración do crédito presupostario nas aplicacions orzamentarias que de seguido se indican:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE BAIXA ANULACIÓN |
|---|---|---|
| 020-33402-48901 | Normaliz. Lingüística.Outras Transferencias | 1.555,00 euros |
| 040-34900-48901 | O.A.Deportes.Outras Transferencias non nominativas | 3.575,00 euros. |
| 070-17200-48901 | Me. Ambiente.Outras Transferencias non nominativas | 5.440,00 euros. |
| 110-43100-48901 | Comercio. Outras Transferencias | 44.702,00 euros. |
| 110-43200-47900 | Turismo.Transferencias Correntes a Empresas Privadas | 30.000,00 euros. |
| 120-92402-48901 | Relacións Veciñais. Outras | 72.000,00 euros. |

| | | |
|---|---|---|
| | Transferencias non nominativas. | |
| 130-33601-48901 | Protc.Patrim.Hco e A. Transferencias non nominativas | 44.200,00 euros. |
| 140-23100-48001 | Acción social.Subv.ctes.a Inst.sen fins de lucro. | 100.000,00 euros |
| 140-23200-48901 | Muller. Transferencias non nominativas. | 17.000,00 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios. | 12.825,14 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.(Intendente) | 34.356,43 euros |
| 090-13200-12006 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 2.994,24 euros |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino de funcionarios. | 4.737,48 euros. |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino funcionarios.(Intendente) | 15.373,44 euros. |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico de funcionarios | 11.103,00 euros |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico funcionarios (Intendente) | 43.309,80 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios e laborais fixos | 11.143,08 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios laborais fixos (Intenden. | 21.767,76 euros |
| 130-15900-12010 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios. | 45.043,06 euros |
| 130-15900-12006 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 9.934,56 euros. |
| 130-15900-12100 | Vivenda e Urbanismo. Complemento de destino | 18.389,52 euros. |
| 130-15900-12101 | Vivenda e Urbanismo. Complemento Especifico | 47.466,12 euros |
| 130-15900-16000 | Vivenda e Urbanismo.S.Social funcionarios e laborais fixos | 30.655,20 euros. |
| 140-23900-12010 | O.A.Servizos Sociais.Retrib. Basicas Funcionarios | 11.067,32 euros. |
| 140-23900-12006 | O.A.Servizos Sociais. Retrib.Basicas Funcionarios. Trienios | 1.933,20 euros. |
| 140-23900-12100 | O.A.Servizos Sociais.Complemento de destino de funcionarios. | 4.199,16 euros. |
| 140-23900-12101 | O.A.Servizos sociais. Complemento Especifico de funcionarios. | 8.726,64 euros. |

| | | |
|---|---|---|
| 140-23900-16000 | O.A.Servizos Sociais. S.Social Funcionarios e Laborais Fixos | 8.412,72 euros. |
| 110-43101-13000 | Mercado.Retr.Básicas Persoal Laboral Fixo | 15.503,04 euros |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

As baixas por anulación como medio de financiamento se admite nesta modalidade de modificacións presupostarias, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como na Base 12ª das de execución dos Presupostos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requirido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa, neste caso parcial, do crédito presupostario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sen que iso ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao cal se encontra adscrita a dotación a dar de baixar, extremo iste sobre o que se pronuncia a resolución administrativa de incoación do expediente ditada pola Concelleira de Facenda, Presupostos e Contratación ; non se fai mención no expediente dunha forma expresa ao segundo requisito que establece a normativa para que a utilización deste recurso sexa factible, isto é, que os créditos a dar de baixa non se encontren comprometidos, tal omisión valídase neste informe ao comprobarse que efectivamente os créditos a dar de baixa non se encontran nesta fase de execución do gasto.

Polo demais, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Por outro lado, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio presupostario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**4.- Estabilidade presupostaria.**

En canto á incidencia dá modificación proposta en termos de estabilidade presupostaria cabe indicar que ou financiamento dá presente modificación non xera inestabilidade, xa que, tanto, a aplicación que é obxecto de aumento (capítulo VI do estado de gastos), como a que é obxecto de minoración (capítulo II do estado de gastos) teñen a consideración de operacións non financeiras, polo que non procede efectuar axuste ningún.

**5.- Modificación del Presupuesto prorrogado.**

Os presupuestos vixentes o día da data son os interinamente prorrogados do exercicio económico do 2012.

Tanto o TRLRL (artigo 150.6) como o RP (artigo 21.5) admiten que o presuposto prorrogado poida ser obxecto das modificacions previstas na Lei. As modificacions e axustes realizados sobre o Presupuesto prorrogado se entenderán efectuadas sobre o Presuposto definitivo, esto e, o aprobado para o exercicio, salvo que o Pleno disponga no propio acordó de aprobación diste último que determinadas modificacions ou axustes se consideren incluidos nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse aquilas modificacions e axustes realizados durante o período de prorroga.

A prórroga terá efectos ata a entrada en vigor do novo presuposto. O presupuesto que, no seu caso, se aprobé para o exercicio terá sempre efectos dende o día 1 de xaneiro.

**5.- Tramitación e aprobación do expediente.**

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos Presupostos, é dicir:

1.- Proposta con Memoria xustificativa do Concelleiro/a Delegado/a que teña ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexa responsable dos correspondentes programas.

2.- Informe preceptivo do Interventor.

3.- Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.

5.- Non encontrándose previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).

6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, logo de inserción no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante o devandito prazo ante o Pleno.

7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; no caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

8.- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no "Boletín Oficial" da Provincia, ademais de no Taboleiro de Anuncios da Corporación.

9.- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda.
A remisión realizarase simultáneamente ao envío ao "Boletín Oficial" a que se refire o apartado anterior.

10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición, se ben a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación. Conforme á Base 10ª das de execución do Presuposto municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do Presuposto e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, para efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio."

Dona Cecilia Sierra expón que hoxe se presenta ó Pleno da Corporación a proposta da concelleira de servizos sociais con competencia en familia, educación, muller e igualdade, benestar social e maiores, de recoñecemento e pago de facturas correspondentes á prestación de servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago entre os meses de xuño a novembro de 2012, e a factura de decembro de 2012, por un importe de 628.313,43 euros, así como as emitidas por servizos de limpeza prestados nas escolas infantís Galiña Azul do Polígono do Tambre, San Roque e Trás

Parlamento de 2012, por un importe de 49.099,48 euros. Todas as facturas foron emitidas pola empresa Servicios y Materiales, SA, SERMASA.

Lembra a concelleira que cando o partido popular accedeu ó goberno municipal o 1 de xullo de 2011, debíanselle á empresa 45 facturas por un importe de máis de 830.000 euros, detalle que hoxe non parecen ter en conta os concelleiros da oposición.

A xestión deste expediente consta de varias fases:

Primeiro: inicio de expediente por parte da concelleira de educación para asignar crédito e proceder ao pago das facturas. Con data 7 de febreiro de 2012 dase traslado á concellaría de facenda da solicitude de inicio de expediente de modificación orzamentaria para facer fronte a ditas facturas.

Segundo: decreto da concelleira delegada de facenda para financiar os créditos extraordinarios. Efectivamente, con data 14 de febreiro se aproba por Decreto da Concelleira de Facenda dita modificación orzamentaria, a 2013-CREX-09, que consiste en detraer créditos de partidas do capítulo IV por importe de 318.472 euros e do capítulo I, por 358.940,91 euros, co que o montante total da modificación ascende a 677.412,91 euros.

O día 20 de febreiro de 2013, ao non existir dentro do expediente proposta de aprobación das facturas por parte da concelleira de educación, este devólvese por incompleto ao centro xestor á espera de incorporar dita proposta de aprobación.

Terceiro: proposta de aprobación dos créditos extraordinarios por parte da concelleira delegada de educación, que se produce o día 11 de marzo de 2013.

Cuarto: ditame favorable da Comisión de facenda, que se levou a cabo tamén o día 11 de marzo.

Quinto: Aprobación na Xunta de Goberno Local o día 14 de marzo deste ano.

Sexto: Aprobación plenaria e aceptación da proposta da concelleira delegada de educación, tanto da aprobación como do pago das facturas, que se realizará previsiblemente no día hoxe.

No expediente constan todos os informes técnicos pertinentes, básicamente o do xefe de servizo do departamento de educación, e o do interventor municipal.

Ademais, queda constancia na proposta da concelleira delegada de que a conclusión resultante da documentación presentada é que o servizo efectivamente se veu prestando

correctamente, e baixo as condicións e prezos estipulados no anterior contrato. Ademais, co obxecto de causar o menor dano posible aos cidadáns, á administración, e á empresa que presta os servizos, débese proceder ao recoñecemento e pago de ditas facturas.

Por outra parte, e en paralelo á tramitación da modificación orzamentaria, tamén se incluiron os créditos suficientes para facer fronte a estas obrigas no proxecto do orzamento para o ano 2013. Desta forma, no momento no que o orzamento de 2013 entre en vigor, as partidas das cales se detraeu o crédito volven a cubrirse polo mesmo importe inicial.

O criterio do grupo de goberno sempre foi e é o de causar o menor quebranto posible dentro do funcionamento normal do Concello, así como a realización das actividades normais por parte das distintas concellarías, por iso a concelleira quere deixar ben claro que esta é unha situación provisional, e que tanto as subvencións non nominativas como as partidas do capítulo I, volverán a dotarse de crédito unha vez que entre en vigor o novo orzamento do ano 2013. É dicir, en ningún momento se eliminarán créditos de persoal nin as transferencias afectadas, e isto é algo no que insistiron os grupos da oposición, ben por descoñecemento, porque os portavoces son novatos en certos procedementos económicos da administración, ben por demagoxia política sen precedentes, dando a entender á opinión pública, e o que é máis grave, aos funcionarios municipais e ás asociacións compostelás, feitos que non son certos en absoluto.

Don Rubén Cela intervén a seguir, e di que hoxe, case rematado o mes de marzo, tráese a este pleno para a súa aprobación unha modificación do orzamento prorrogado para poder realizar un recoñecemento extraxudicial de crédito e poder pagar os servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago correspondentes co período xuño-decembro do ano pasado por un importe de 628.313,43 euros, e coa limpeza das escolas infantís da Galiña Azul correspondentes a todo o ano 2012, por un importe de 49.099,48 euros. É dicir, existe unha débeda coa empresa concesionaria do servizo de 677.412,91 euros, sen que mediase ningún procedemento de contratación polo medio, ou como di un dos informes do sr. Interventor aos que a concelleira de facenda facía referencia, baixo un vicio administrativo de nulidade radical.

Non era sen tempo, e aínda que sexa tarde, mal e a rastras, o BNG se congratula de que por fin se inicie a resolución dun problema que nunca debera existir, e que dende logo, unha vez que existiu, debera resolverse fai tres meses. Iso non está en absoluto de acordo con todo o proceso e coa forma no que se soluciona finalmente. A concelleira fala de que o criterio foi o de crear o menor quebranto posible, pero a verdade é que os membros do goberno foron uns malos xestores ao non calcular o remate do contrato e da súa prórroga, e ao non ter preparado en tempo e forma un novo concurso público

para non paralizar a realización do servizo,  mantendo un servizo dende o mes de xuño ata o momento mes de abril, é dicir, case un ano, sen respaldo contractual.

O goberno municipal dou mostras de irresponsabilidade ao non recoñecer o traballo realizado e proceder a facer efectivo un recoñecemento extraxudicial de crédito no mes de decembro, como si fixeran con outros expedientes similares, como o da empresa ISS, e sen nin tan sequera dar unha explicación razoable, de por qué a unhas empresas si se puideron recoñecer e ás outras non, co consecuente agravio comparativo que iso supuxo.

Segue o partido popular sen explicar porque non veu isto ao pleno anterior, ocasión na que si se presentou a modificación relativa á gardería de Salgueiriños, por certo, outra chapuza motivada por non ter aínda aprobados os orzamentos, nin previsión de que se aproben no mes de abril cando remata a prórroga dese contrato. Por fin, despois de certo baile de competencias, formal ou informal, entre varios dos concelleiros do grupo de goberno, a Sra. Castelao asina, e a pregunta é obrigada: ¿ que foi o que cambiou do mes de decembro ao mes de marzo? ¿ por que isto non se podía asinar no mes de decembro, e porque si se pode asinar no mes de marzo?.

O concelleiro amosa o fondo desacordo do BNG coa xestión deste asunto, e coa maneira de solucionalo finalmente, no que ten que ver co que de onde se retraen os recursos para poder abonar estas facturas. Evidentemente, a cantidade adebedada -case 700 mil euros- require dun esforzo importante, e o concelleiro entende que o traballo se realizou e que hai que pagalo, iso non ten discusión algunha, agora ben,  unha vez que o goberno, pola súa incompetencia e falta de responsabilidade, non o fai no exercicio 2011, onde existía crédito para tal efecto, teno que facer no exercicio seguinte, e para iso deberían estar aprobados os orzamentos de 2013, pois senon, hai que proceder a retirar fondos doutras partidas, aínda que sexa de xeito temporal, ata a aprobación definitiva dos orzamentos de 2013.

O goberno recorta recursos para pagar esta débeda practicamente de todos os departamentos-de normalización, deportes, medio ambiente, comercio, turismo, relacións veciñais, protección do patrimonio, muller, vivenda, urbanismo, seguridade-, pero ao BNG o que máis lle preocupa é o que ten que ver cos servizos sociais, 100.000 euros, e coas partidas adicadas aos traballadores e traballadoras públicas.

En resumidas contas, pensa o sr. Cela que se actuou sen previsión e cunha falta de rigor evidente, e en vez de asumir os problemas de fronte, tentouse sempre desviar a culpabilidade cara a terceiros, foran traballadores públicos ou mesmo cara á empresa, chegando a afirmar públicamente que quen ten que pagar aos traballadores é a empresa, e dando a entender que o concello nada tiña que ver cos impagos aos traballadores. Evidentemente,  paga a empresa, pero para pagar hai que cobrar, ou cando menos ter

unha garantía xurídica de que nalgún momento se procederá a ese pagamento, cousa que non acontecía. Todo isto provocou graves prexuízos, cando menos para o Concello, para a empresa, para os traballadores, e para a imaxe de Santiago.

A señora Sierra pedía que se valorase o esforzo que facía o grupo de goberno con esta solución, pero o grupo municipal do BNG o único esforzo que valora é o dos traballadores e traballadoras que tiveron que ir a traballar regularmente pero que non cobraron regularmente, e o da paciencia case infinita da veciñanza de Santiago. Tamén a concelleira anunciaba o pasado día 5 de febreiro que isto estaría resolto en dúas ou tres semanas, e pedía responsabilidade aos grupos da oposición, solicitando que non plantexaran alegacións a esta modificación orzamentaria. Avanza o concelleiro que non o farán, a pesares de que non sexan os concelleiros populares os máis indicados para pedir responsabilidades neste asunto, e a pesar de que existen motivos máis que xustificados para que o BNG plantexara alegacións, e motivos moito máis que xustificados para que hoxe votaran en contra, por responsabilidade política absteranse na votación e non formularán alegacións, se hoxe existe un compromiso claro, formal e público da Sra. Sierra a respecto de que vamos a ter novos orzamentos ao longo deste ano 2013, nos que se repoñan as partidas afectadas pola modificación, tanto as de hoxe como as do anterior pleno referidas á gardería de Salgueiriños, porque unha cousa son os feitos, e outras cousas son as promesas.

Así, o goberno municipal facía a presentación dos orzamentos o pasado día 3 de xaneiro, volvía a presentalos o día 23 de xaneiro, e hoxe, ás portas do mes de abril, non hai coñecemento dos mesmos. Polo tanto, se hoxe se fai patente o compromiso de existencia de orzamentos e de que se restituirán esas partidas, o Bloque Nacionalista Galego non realizará alegacións, por responsabilidade e en aras de que a solución final a este culebrón poida chegar o antes posible, porque dende logo os damnificados son sempre os máis débiles, os que menos culpa teñen disto, que son os traballadores e traballadoras da limpeza, e os traballadores e traballadoras conserxes dos centros públicos de Santiago.

Dona Marta Álvarez-Santullano toma o uso da palabra, e manifesta que por fin, tres meses despois tráense a aprobación as facturas da empresa Sermasa, e alguén terá que dar unha explicación máis concreta desta tardanza e sobre de todo das súas consecuencias.

O 31 de maio de 2012 tería que estar traballando a nova empresa adxudicataria do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria, e alguén terá que dicir de quen é a responsabilidade de que case un ano despois aínda estea sen adxudicar este contrato. Espera a concelleira que non se lle bote outra vez a culpa aos traballadores deste concello.

O grupo municipal socialista fixo un listado de preguntas na Comisión Informativa de Facenda, e entendendo que moitas eran moi precisas, se solicitou a súa contestación antes da celebración deste pleno, porque a postura do seu grupo hoxe dependía das respostas das mesmas, resposta que, por suposto, non chegou.

Alguén terá que explicar porqué este expediente non foi aprobado na Xunta de Goberno Local do día 28 de decembro de 2012, na que si se trataron outros recoñecementos de crédito, como os referidos á empresa de limpeza ISS, ou á de telefonía móbil e fixa. As consecuencias serían totalmente diferentes das que temos hoxe, pois en ningún dos dous casos había contrato, pero de terse aprobado en decembro si existiría consignación orzamentaria para facer fronte a esas facturas, como poñen de releve os diferentes informes de intervención municipal. As razóns de por qué non se aprobaron o 28 de decembro claréxanse nos informes técnicos, e así, por unha banda, debeuse a que non se tivera convocado a comisión informativa de facenda, como obrigan as bases de execución do orzamento do ano 2012, aprobadas polo goberno municipal, e pola outra porque o expediente carecía dunha sinatura na súa proposta, o que tamén é de carácter obrigado como consecuencia das bases de execución do orzamento. O goberno municipal preferiu non convocar a comisión, nin asinar a proposta, sabendo cales eran as consecuencias, porque así o indicaban os informes técnicos, que tamén indicaban que a sinatura podería vir da concelleira delegada, pero tamén, de quen ostenta a competencia en orixe, do propio alcalde e a súa vez anterior concelleiro de educación, como indican as propias bases do orzamento, e o informe do interventor de 25 de xaneiro de 2013.

Ninguén conformou estas facturas, como obrigaban as bases de execución do orzamento municipal, pero hai que dicir que o día 28 de decembro o expediente sometido a acordo da Xunta de Goberno Local contaba con todos os informes técnicos aos que se refería tamén a concelleira de facenda na súa intervención, xa contaba naquel momento cos informes do servizo de educación, xa contaba naquel momento con máis dun informe da asesoría xurídica, e xa contaba naquel momento co informe do Sr. Interventor. Hoxe temos cumprida resposta ás consecuencias da falta de asunción de competencias e de responsabilidades por parte deste goberno naquela data, e así detráense 358.000 euros do capítulo de persoal sen dar conta á mesa de negociación, que sumados aos recortes do Plan de Axuste previstos para este ano -salvo que o goberno os modifique segundo a proposta unánime das seccións sindicais deste concello- e sumado á proposta en relación á gardería de Salgueiriños, que foi aprobada no pleno pasado, suman máis dun millón de euros.

O goberno tivo cartos no capítulo I para duplicar as prazas de habilitados nacionais, para cubrir direccións de áreas que estaban vacantes e xefaturas de servizos con funcionarios doutras administracións, incrementando substancialmente o capítulo de persoal de forma irresponsable. O balance da súa política de persoal é de creación de

prazas ad hoc, recortes dos dereitos dos traballadores, modificación das súas condicións de traballo á baixa, e nula capacidade de negociación cos representantes dos traballadores do Concello. Non detrae o goberno nesta proposta ningunha cantidade das partidas de Alcaldía, publicidade ou protocolo, esas das que tanto falaron na lexislatura pasada, e que priorizaban cando estaban na oposición e se falaba de recortes. Un exemplo máis da incoherencia do grupo popular é que predican unha cousa e fan exactamente a contraria. Fan desaparecer a partida completa, 100.000 euros de subvencións non nominativas a entidades sen ánimo de lucro de servizos sociais, cando se lles ten escoitado por activa e por pasiva que para o goberno os servizos sociais eran unha prioridade, pero na práctica, en canto poden recortan ós que máis están a sufrir esta crise. A concelleira de facenda dicía que garantizaba que as partidas se ían repoñer, e non será o grupo socialista o que o poña en dúbida, pero se Dona Cecilia Sierra tivera respondido a tempo as preguntas que se formularon por parte do grupo municipal socialista na comisión de facenda, sabería que xa moitas delas se referían precisamente ó compromiso de volver a incorporar esas cantidades cando se procedera á aprobación do orzamento.

Baléiranse partidas adicadas a comercio e turismo, piares desta cidade, cuns datos cada día máis negativos, e tamén ás subvencións non nominativas. Por outra banda, falaba a Sra. Sierra de portavoces novatos e de demagoxia política, demagoxia que non se ve por ningures, porque hoxe os grupos da oposición van facer un exercicio de responsabilidade, e porque aínda que os portavoces dos grupos da oposición sexan novatos na corporación, teñen cada ún deles unha longa traxectoria profesional que non debía de ser nin tan sequera posta en cuestión.

Manifesta tamén a Sra. Santullano que a concelleira de facenda afirmaba que os grupos da oposición estaban a enganar á opinión pública e aos funcionarios, pero pensa que a Sra. Sierra nin coñece nin valora ós traballadores se pensa que son unhas marionetas manexadas polos grupos da oposición, e é evidente que á cidadanía non a manipula ninguén.

Remata a súa intervención a concelleira dicindo que o grupo municipal socialista hoxe, por coherencia e por responsabilidade co que mantivo durante estes tres meses, e a pesares de que o corpo lles pida outra cousa bastante diferente, vaise abster na votación, e coa mesma coherencia non vai presentar alegacións no período de exposición ao público.

Dona Cecilia Sierra responde en relación coa intervención do sr. Cela que os orzamentos en breve serán aprobados inicialmente nun pleno extraordinario, que dará lugar a que se presenten as alegacións que os grupos estimen oportunas.

O grupo de goberno recibiu unha herdanza moi complicada, porque non se limitan as débedas a unha soa empresa, senon a moitas, cuns períodos medios de pago de dez e cinco meses, de cifras pendentes de pago de máis de catorce millóns de euros, pendentes de recoñecer seis millóns, e no caixón máis de cinco millóns.

Con respecto ao exercicio de responsabilidade, efectivamente todos os concelleiros deberían facelo, e o goberno evidentemente está a facer as cousas ben e como corresponde, e está pagando a unha empresa que prestou os seus servizos, non como o goberno anterior, que deixou xoias enriba das mesas e nos caixóns cando o partido popular entrou no goberno.

A seguir, a concelleira dá lectura a unha factura “polos traballos de acondicionamento e reforma de local para equipo de pin pon a Arteal no multiusos de San Lázaro” , por orde do concelleiro de obras, data de pedido verbal do concelleiro de xuño de 2009, data de remate das obras de outubro de 2009, importe sen IVE 39.788,57 euros, e incluíndo o IVE, 46.650,51 euros, e se pregunta cal é o informe correspondente dos servizos de intervención municipal, que non é outro que o reparo suspensivo porque non se acredita ante a intervención a existencia previa de relación contractual que sustente as obrigas que se referencian, nin acto administrativo de soporte de ditos encargos. Esta é a forma que tiña o goberno anterior de facer as cousas, actuando irresponsablemente en moitas cuestións. Pola contra, o equipo actual é responsable e paga os servizos que se prestan, e veuse obrigado a pedir un préstamo de doce millóns de euros para pagar o que o anterior goberno non pagou no seu momento. Cando o novo goberno se fixo cargo do Concello, as demoras nos pagamentos eran de máis dun ano, e se tiña ás empresas en situación desesperada, pois había facturas sen pagar dende o ano 2000.

Con respecto ás cerca de corenta preguntas que lle fixeron na Comisión de Facenda, di que esta mesma mañá comprometeuse coa Sra. Santullano a ter a resposta para o Luns, compromiso que mantén.

Por outra banda, menciona a Sra. Sierra un caso extremo que atopou o novo goberno, o de transportes Mosquera, que estaba sen contratos e sen remuneración dende finais do ano 2009, co prexuízo que iso podía causar non só dende o punto de vista económico á empresa, senón tamén de seguridade para as persoas que collen todos os días a liña 7 de Aríns. Esa é a realidade da xestión anterior e a da xestión actual, e esta última amosa que o grupo de goberno resolve os problemas con responsabilidade.

Don Rubén Cela, pola súa banda, di que oxalá sexa como di a señora concelleira, e a aprobación dos orzamentos para 2013 sexa inminente, porque dende logo esa sería unha boa noticia para todo o mundo. Sen embargo, alberga o concelleiro algunha dúbida de que así sexa, pois o señor alcalde anunciaba o ano pasado que o inicio da tramitación deses orzamentos ia ser en outubro de 2012, e que si ou si ian estar aprobados antes do

31 de decembro do ano pasado, e se facía unha presentación deles o día 3 de xaneiro. Hai que pensar que pasaron practicamente tres meses dende a presentación duns orzamentos que supostamente xa estaban feitos, sen que se dea ningunha explicación sobre se hai algún problema ou non. Se non o hai, non entende o concelleiro porque non se traen de inmediato, e se o hai, tampouco entende porque non se da ningunha explicación ao respecto. Oxalá se traian canto antes, porque será unha boa noticia, e oxalá que cando se traian eses orzamentos, as partidas orixinarias que hoxe se tocaron para facer esa modificación de crédito para poder responder á continuidade da gardería de Salgueiriños, se repoñan ó estado inicial.

Di a seguir o Sr. Cela que a autocrítica non é precisamente unha das virtudes deste grupo de goberno, pero unha cousa é non facer autocrítica e outra cousa é que despois de todo este proceso a concelleira de facenda veña aquí diga que o están facendo todo moi ben respecto deste caso, porque ao concelleiro se lle ocorren múltiples calificativos para poder cualificar todo o proceso destes servizo de limpeza e conserxería dos colexios públicos de Santiago de Compostela, e dende logo ningún é que as cousas se están a facer moi ben, cando houbo traballadores, cando houbo familias que por culpa de non ter cumprido co seu cometido como concelleiros/as dun grupo de goberno, se foron algún mes a casa sen cobrar a súa nómina, o cal non é motivo nin para estar orgulloso, nin dende logo para facer ostentación de que se están a facer as cousas moi ben.

En calquera caso, di o concelleiro que na súa intervención a Sra. Sierra non contestou a pregunta que para el era fundamental, e é exactamente que é o que cambiou dende o mes de decembro ao mes de marzo. No mes de decembro o goberno tivo enriba da mesa a posibilidade de facer esa convalidación, ese recoñecemento extraxudicial de crédito, e polo tanto, a empresa SERMASA puido ver satisfeitas as súas débedas con esta administración, como as tivo a empresa ISS, e a principios do mes de xaneiro cobrar todo o que se lle adebedaba dende o mes de xuño ao mes de decembro. Iso non foi así, e ó non obter ningunha explicación, o concelleiro pregunta que é o que cambiou para que no mes de marzo non haxa ningún problema, á parte, evidentemente, das responsabilidades e da sinatura. Dende logo, hai unha cuestión que cómpre ter presente, e que é que para gobernar hai que asinar, e se non se quere asinar non se pode gobernar.

Por tanto, o mínimo que se pode pedir ó goberno é un tanto de autocrítica, e cando menos pedir desculpas ás persoas damnificadas por esta situación, que dende logo son as que menos responsabilidade e menos culpa tiveron en todo este proceso.

Por último, indica o concelleiro que cando moitas veces fala de responsabilidades políticas con respecto ás diferentes causas xudiciais que están abertas, sempre fai mención a unha cuestión que para el é importante, e é que as imputacións para o concelleiro non son o substantivo ou fundamental, e que outra cousa serán os motivos e

as consecuencias que teñen no día a día. Este é un claro exemplo das consecuencias que teñen no funcionamento ordinario determinado tipo de cuestións que non teñen que ver coa xestión do día a día deste concello, e a ninguén se lle escapa que se non estiveran ese tipo de cousas polo medio, isto sería unha cuestión absolutamente ordinaria que non tería ningún problema na súa resolución, nin tería provocado os prexuízos a terceiros que se teñen provocado, e dende logo non teriamos un culebrón dende fai catro meses con este asunto.

Congratúlase o concelleiro de que finalmente o problema se resolva o antes posible, e reafírmase no seu compromiso non só de absterse hoxe na sesión, senon tamén de non plantexar alegacións a esta modificación.

Dona Marta Álvarez-Santullano di pola súa banda que o Sr. Alcalde amósase sorprendido polo exercicio da responsabilidade do que hoxe fai gala a oposición, porque despois de oír as declaracións da Sra. Sierra ten claro que o goberno non sabe nin o que é a responsabilidade.

A concelleira creu que se ía debater o punto 5 da orde do día do Pleno do día 21 de marzo, que di así: modificación orzamentaria número 2013-CRET. EXTRAORDINARIO-09. Créditos extraordinarios e recoñecementos extraxudicial de crédito a favor de Servicios y Materiales, SA, pero a verdade é que unha vez máis parece que o asunto que hoxe se trae a aprobación é outro.

A verdade é que a Sra. Sierra tiña unha oportunidade fantástica de explicar, non só aos membros da Corporación, senon tamén ás persoas que están hoxe no salón escoitando, que é o que pasou con ese expediente, sen embargo adicou toda a súa intervención a falar de algo que non tiña nada que ver co punto que temos hoxe aquí. Non dou unha data concreta para presentación dos orzamentos, non dixo porque non se aprobou o prego de condicións en prazo, e cales foron as razóns de non facelo, nin porque non se aprobou ese expediente o día 28 de decembro, pese a advertencia dos informes técnicos que non facelo tería unhas consecuencias negativas. A seguir, a concelleira pide información sobre cal foi a data de presentación da factura á que se refiriu a Sra. Sierra.

Tamén falou a concelleira de facenda na súa intervención da herdanza recibida, pero non o fixo de nada do que atañe a este punto. E así, como falaba de contratos verbais, tamén vai falar deles a Sra. Santullano, e di que se xunta neste expediente a acta da Xunta de Goberno de 28 de decembro de 2012, que di o seguinte en referencia ao informe "indemnización substitutiva e recoñemento da débeda á empresa SERMASA" :

"vista e analizada a documentación que conforma o expediente, que está constituída por un informe do señor xefe do departamento municipal de educación, informe xurídico do señor director da asesoría xurídica municipal, informase o seguinte:

“As actuacións levadas a cabo determinan un suposto de contratación irregular na medida en que os servizos prestados unha vez vencido o contrato, se levan a cabo sobre a base dunha contratación verbal, o cal esta expresamente prohibido polo artigo 28 do Real Decreto Lexislativo, etc., etc.....

...As consecuencias destas contratacións verbais consistentes no encargo destas prestacións prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido para iso e das súas formalidades é a nulidade absoluta de tales actuacións, e polo tanto, a inexistencia de vínculo contractual do que se poidan derivar obrigas para as administracións.”

Para Dona Marta Santullano, non fai falta ler nada máis para falar das contratacións verbais, e aproveita a ocasión para facer por primeira vez algo novidoso, como darlle os parabéns a unha concelleira do goberno municipal -Dona María Castelao- por cumprir co seu traballo, xa que asinou a proposta que hoxe se trae a aprobación, e a noraboa porque tivo a sorte de que non lle fixeron a faena de ter que defender este punto pertencente ao ámbito dunha concellaría á que acaba de chegar fai quince días.

Finalmente, a concelleira afirma que este expediente que hoxe se somete á aprobación é un exemplo claro da profesionalidade dos traballadores municipais -que cumpriron e tiveron todos os informes o día 28 de decembro-, e da incapacidade do goberno municipal.

Intervén por último o Sr. Alcalde, que solicita da concelleira de economía e facenda que coa maior brevidade posible faga un relatorio de todos os contratos nos que aparece contratación verbal do señor Rama, e xunto con iso, os pagos pendentes a esta mesma empresa no momento en que o grupo popular se fixo cargo do goberno, como pode ser o caso citado de Transportes Mosquera, cunha débeda moi superior ós trinta mil euros, sen consignación orzamentaria, a diferenza do caso que tratamos, no que si había consignación.

De conformidade coa proposta transcrita con anterioridade, o informe do Sr. Interventor de fondos municipais, e o dictame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do pasado día 18, o Pleno da Corporación acorda por 12 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 11 abstencións, dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG:

1.- Darse por enterado do informe de disconformidade do Sr. Interventor Xeral Municipal con nota de reparo por inexistencia de crédito e omisión de trámites esenciales nos gastos xerados como consecuencia da prestación de servizos de limpeza

pola empresa Servicios y Materiales, S.A.  e polos importes que se recollen no citado informe de 25 de xaneiro do ano en que andamos, e solventar o reparo formulado.

2.- Aprobar a modificación presupostaria número 2013-CREEXT-09 polo importe de 677.412,91  euros, co desglose e aplicacións que se reflicten na Resolución da Concelleira Delegada de Facenda, Orzamentos e Contratacion de data 14 de febreiro do 2013 e que se reproduce, así como en base a exposición de motivos que se conten na presente proposta, procedendo a habilitación de créditos extraordinarios para recoñecemento de débeda coa empresa Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) polos seguintes conceptos:

* Prestación de servicios de limpeza, conserxaria e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente ao mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

* Servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: "A Galiña Azul Polígono do Tambre", a "Galiña Azul San Roque" e "A Galiña Azul Tras Parlamento" correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Financiar os créditos extraordinarios con baixas por anulación das aplicacions orzamentarias que de seguido se indican, sendo as mesmas susceptibles de anulación sen que iso supoña unha perturbación no funcionamento do servizo o que se encontran adscritos os créditos correspondentes.

a).- Aplicación dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE CTO. EXTRAORDINARIO |
|---|---|---|
| 020-32100-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza colegios | 628.313,43 euros |
| 020-32102-22710 | R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza E. infantis | 49.099,48 euros. |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

b).- Orixe dos fondos:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE BAIXA ANULACIÓN |
|---|---|---|
| 020-33402-48901 | Normaliz. Lingüística.Outras Transferencias | 1.555,00 euros |
| 040-34900-48901 | O.A.Deportes.Outras Transferencias non nominativas | 3.575,00 euros. |
| 070-17200-48901 | Me. Ambiente.Outras | 5.440,00 euros. |

| | | |
|---|---|---|
| | Transferencias non nominativas | |
| 110-43100-48901 | Comercio. Outras Transferencias | 44.702,00 euros. |
| 110-43200-47900 | Turismo.Transferencias Correntes a Empresas Privadas | 30.000,00 euros. |
| 120-92402-48901 | Relacións Veciñais. Outras Transferencias non nominativas. | 72.000,00 euros. |
| 130-33601-48901 | Protc.Patrim.Hco e A. Transferencias non nominativas | 44.200,00 euros. |
| 140-23100-48001 | Acción social.Subv.ctes.a Inst.sen fins de lucro. | 100.000,00 euros |
| 140-23200-48901 | Muller. Transferencias non nominativas. | 17.000,00 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios. | 12.825,14 euros. |
| 090-13200-12010 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.(Intendente) | 34.356,43 euros |
| 090-13200-12006 | Seguridade e Orde Pub. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 2.994,24 euros |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino de funcionarios. | 4.737,48 euros. |
| 090-13200-12100 | Seguridade e Orde Pub.Complemento de destino funcionarios.(Intendente) | 15.373,44 euros. |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico de funcionarios | 11.103,00 euros |
| 090-13200-12101 | Seguridade e Orde Pub.Complemento especifico funcionarios (Intendente) | 43.309,80 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios e laborais fixos | 11.143,08 euros |
| 090-13200-16000 | Seguridade e Orde Pub.S.Social funcionarios laborais fixos (Intenden. | 21.767,76 euros |
| 130-15900-12010 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios. | 45.043,06 euros |
| 130-15900-12006 | Vivenda e Urbanismo. Retribucións básicas de funcionarios.Trienios | 9.934,56 euros. |
| 130-15900-12100 | Vivenda e Urbanismo. Complemento de destino | 18.389,52 euros. |
| 130-15900-12101 | Vivenda e Urbanismo. Complemento Especifico | 47.466,12 euros |

| | | |
|---|---|---|
| 130-15900-16000 | Vivenda e Urbanismo.S.Social funcionarios e laborais fixos | 30.655,20 euros. |
| 140-23900-12010 | O.A.Servizos Sociais.Retrib. Basicas Funcionarios | 11.067,32 euros. |
| 140-23900-12006 | O.A.Servizos Sociais. Retrib.Basicas Funcionarios. Trienios | 1.933,20 euros. |
| 140-23900-12100 | O.A.Servizos Sociais.Complemento de destino de funcionarios. | 4.199,16 euros. |
| 140-23900-12101 | O.A.Servizos sociais. Complemento Especifico de funcionarios. | 8.726,64 euros. |
| 140-23900-16000 | O.A.Servizos Sociais. S.Social Funcionarios e Laborais Fixos | 8.412,72 euros. |
| 110-43101-13000 | Mercado.Retr.Básicas Persoal Laboral Fixo | 15.503,04 euros |
| | TOTAL | 677.412,91 euros |

De acordo co disposto no artigo 21.6 del Real Decreto 500/90, de 20 de abril, a presente modificación orzamentaria se consideran incluídos nos créditos iniciais do orzamento que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación deba rexer para o actual exercicio económico do 2013, polo que unha vez este último intre en vigor a presente modificación deberá ser obxecto de anulación nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais.

En cumprimento do previsto no artigo 169 TRLRHL o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no BOP, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

3.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas coa mercantil Servicios e Materiales, S.A. (SERMASA) polo importe total de 677.412,91 euros, con arranxo o seguinte detalle:

* Prestación de servicios de limpeza, conserxaría e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela nos meses de xuño a novembro do ano 2012 e factura polos mesmos servizos correspondente ao mes de decembro do mesmo ano. Importe: 628.313,43 euros.

* Servicios de limpeza prestados nas Escolas Infantís: "A Galiña Azul Polígono do Tambre", a "Galiña Azul San Roque" e "A Galiña Azul Tras Parlamento" correspondientes o ano 2012. Importe: 49.099,48 euros.

Recoñecendo a débeda contraída con Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA) (A-28781151) e aprobando unha indemnización substitutiva a favor de dita mercantil polo importe total de 677.412,91 pola débeda contraída polas prestacións de referencia e documentada nas facturas que se relacionan de seguido:

a).- Facturas limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela de xuño a decembro do 2012:

| **DATA** | **NUM.FACTUR** | **IMPORTE** | **CONCEPTO** |
|---|---|---|---|
| 30/06/2012 | 56 B/12 | 88.473,73 | Serv.Limpez e control instal. Centros Pub.Educac.Infantil y Primaria. Xuño/2012 |
| 31/07/2012 | 66 B/12 | 88.473,73 | Id. Xullo/2012 |
| 31/08/2012 | 78 B/12 | 88.473,73 | Id. Agosto/2012 |
| 30/09/2012 | 87 B/12 | 90.723,06 | Id. Setembro/2012 |
| 31/10/2012 | 98 B/12 | 90.723,06 | Id. Outubro/2012 |
| 30/11/2012 | 109 B/12 | 90.723,06 | Id. Novembro/2012 |
| 30/12/2012 | 119b/12 | 90.723,06 | Id. Decembro/2012 |
| **TOTAL** | | **628.313,43** | |

b).- Facturas por servicios de limpieza prestados en las Escuelas Infantiles correspondientes al año 2012.

| **DATA** | **NUM.FACTUR** | **IMPORTE** | **CONCEPTO** |
|---|---|---|---|
| 30/01/2012 | 03 B/12 | 1.331,82 | Servizo Limpeza Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre Xaneiro/12 |
| 30/01/2012 | 04 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul S. Roque" Xaneiro/2012 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 30/01/2012 | 05 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Xaneiro/2012 |
| 28/02/2012 | 12 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre" Febreiro/2012 |
| 28/02/2012 | 13 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Febreiro/2012 |
| 28/02/2012 | 14 B/12 | 1.412,89 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Febreiro/2012 |
| 30/03/2012 | 22 B/12 | 1.331,82 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Marzo/2012 |
| 30/03/2012 | 23 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Marzo/2012 |
| 30/03/2012 | 24 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Marzo/2012 |
| 30/04/2012 | 34 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Abrill/2012 |
| 30/04/2012 | 35 B/12 | 1.312,54 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul San Roque".Abril/2012 |
| 30/04/2012 | 36 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Abril 2012 |
| 31/05/2012 | 45 B/12 | 1.331,82 | Id. Escila Infantil "A Galiña Azul Pol Tambre. Maio/2012 |
| 31/05/2012 | 46 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Maio/2012 |
| 31/05/2012 | 47 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Maio 2012 |
| 30/06/2012 | 58 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre" Xuño/2012 |
| 30/06/2012 | 59 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque" Xuño/2012 |
| 30/06/2012 | 60 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Xuño/2012 |
| 31/07/2012 | 68 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Xullo/2012 |
| 31/07/2012 | 69 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Xullo/2012 |
| 31/07/2012 | 70 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Xullo/2012 |
| 31/08/2012 | 80 B/12 | 1.331,82 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol Tambre. Agosto/2012 |
| 31/08/2012 | 81 B/12 | 1.312,54 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Agosto/2012 |
| 31/08/2012 | 82 B/12 | 1.412,89 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Agosto/2012 |
| 30/09/2012 | 89 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre". Setembro/2012 |
| 30/09/2012 | 90 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Setembro/2012 |
| 30/09/2012 | 91 B/12 | 1.448,80 | Id. Esciola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Setembro/2012 |
| 31/10/2012 | 100 B/12 | 1.365,67 | Id.Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre". Outubro/2012 |
| 31/10/2012 | 101 B/12 | 1.345,90 | Id.Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Outubro/2012 |
| 31/10/2012 | 102 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento" Outubro/2012 |
| 30/11/2012 | 111 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol. Tambre", Novembro/2012 |
| 30/11/2012 | 112 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Novembro/2012 |
| 30/11/2012 | 113 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil “A Galiña Azul Tras Parlamento”.Novembro/2012 |
| 30/12/2012 | 121 B/12 | 1.365,67 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Pol.Tambre". Decembro/2012 |
| 30/12/2012 | 122 B/12 | 1.345,90 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul San Roque". Decembro/2012 |
| 30/12/2012 | 123 B/12 | 1.448,80 | Id. Escola Infantil "A Galiña Azul Tras Parlamento". Decembro/2012 |
| **TOTAL** | | **49.099,48.** | |

## 7. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde, do día 7 deste mes, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda designar á concelleira Dona María Castelao Torres como representante do Concello de Santiago no Patronato da Fundación Down Compostela, en substitución de Dona Paula Prado del Río.

**8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

A proposición presentada á que se refire o presente asunto da orde do día, ten o seguinte contido:

"O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla maioría en Galiza.

A devandita proposta legal inspírase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional "exprés" pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo "evitar duplicidades". Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindíbel do entramado institucional actual. Porén, introdúcense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois deseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser allea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acaído á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción da seguinte

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

1. Instar ao Goberno do Estado a:
a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.
d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos

2. Enviar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP."

Don Rubén Cela inicia o debate explicando que o grupo municipal do BNG quixo traer hoxe a pleno este asunto relativo á reforma da Lei de Bases por consideralo absolutamente transcendental para o futuro no curto prazo da administración local, e polo tanto, para o futuro inmediato deste concello.

Para o seu grupo, a modificación da Lei de Bases de Réxime Local mediante a aprobación do anteproxecto de Lei de Racionalización e sostibilidade da administración local, é un dos pasos cara atrás máis importantes no ámbito normativo que se levan producido dende a transición. Pretende mudar aspectos fundamentais sobre o que eran e o que facían as administracións locais, pola vía da imposición e sen o máis mínimo consenso, e para iso só hai que ver as reflexións e as propostas que se realizan dende ámbitos tan pouco sospeitosos como a propia FEGAMP, onde hai unha maioría de concellos do Partido Popular, na propia FEMP, ou incluso as propias aportacións a este debate dende a Xunta de Galicia.

Dende o BNG considérase que é importante que todos os grupos con representación nesta Corporación poidan fixar posicións sobre algo que vai afectar -e moito- a este concello. No caso de que existise coincidencia, poderíase facer chegar á administración xeral do Estado a disconformidade do Concello como corporación, coa forma, e sobre todo co fondo deste anteproxecto de lei.

O anteproxecto aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto, evidentemente, nos de menor tamaño, que son a maioría dos trescentos quince que compoñen o noso país. Este anteproxecto inspírase, segundo a súa propia exposición de motivos, na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional que no seu día fixeron de xeito exprés e pactado, tanto o partido Socialista como o Partido Popular, e que implica un ríxido límite de actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras das rendas e das riquezas. Precisamente de Bruxelas veu esa imposición desa reforma exprés da Constitución Española, e desa reforma exprés veu a Lei de Estabilidade orzamentaria, e de leis como a Lei de Estabilidade Orzamentaria veñen anteproxectos deste tipo da reforma da Lei de Bases.

Para o BNG, a intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos Concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda

que disfrazado do eufemismo de “evitar duplicidades”, e non hai verdadeiramente intención nin diso nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial, que é o ente máis prescindible do entramado institucional actual. Pola contra, o que si que fai este anteproxecto é introducir mecanismos que avocarán ao deterioro, e mesmo á supresión da prestación de servizos básicos polos Concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre de todo, as persoas con menos recursos. Unha boa mostra diso é o que acontece no ámbito dos servizos sociais, como se pode ver na disposición adicional décima, ou no ámbito da educación, na décimo quinta, onde figura sorpresivamente que será a Xunta de Galiza quen centralice todo o que ten que ver coas escolas infantís -o que non ve mal-, pero terán que seguir sendo os concellos os que abonen os custos de mantemento desas escolas que xestionará directamente a Xunta de Galiza.

Ademais, pensa o concelleiro que esta reforma reforza o centralismo, pois deseña un réxime xurídico organizativo homoxéneo da maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. É evidente que un concello como o noso, con douscentos vinte quilómetros cadrados, con máis de douscentos núcleos e asentamentos de poboación nas diferentes parroquias, con máis de mil quilómetros de pistas, ten unha visible diferenza con realidades municipais doutras Comunidades Autónomas, como pode ser a de Madrid, ou a de Murcia.

O BNG nunca considerou acertado o plantexamento da actual Lei de Bases, precisamente por este motivo, por ser allea á realidade de Galiza tanto nas dinámicas sociais como na tendencia á uniformización cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son tan claramente diferentes. Agora, con esta proposta, o que se fai é dar unha nova volta de torca e se pecha calquera posibilidade para que Galiza deseñe un mapa local acaído á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade, trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A seguir, o Sr. Cela dá lectura a un parágrafo da exposición de motivos deste anteproxecto, que no que ten que ver coa privatización di:

“Finalmente para favorecer a iniciativa económica privada, evitando intervencións administrativas desproporcionadas, limítase o uso de autorizacións administrativas para iniciar unha actividade económica a casos nos que a súa necesidade e proporcionalidade queden claramente xustificadas. Así mesmo suprímense monopolios municipais que viñan herdados do pasado e que recaen sobre sectores económicos puxantes na actualidade”.

Isto significa, para o concelleiro, que hoxe moitos dos instrumentos dos que se ten dotado este Concello con esta normativa en vigor non poderían existir, sexa XADE, sexa INCOLSA ou sexa TUSSA.

Esta reforma consagra ademais a máis absurda das duplicidades do actual mapa institucional do Estado Español, que é a persistencia das Deputacións Provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición.

O traslado ás Deputacións de determinados servizos locais é dende o seu punto de vista un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás Deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinado tipo de servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación, que naqueles que teñen unha clara base local.

En definitiva, afirma o concelleiro que están diante dunha proposta que no caso de aprobarse coa súa redacción actual o que significaría sería menos autonomía local, menos democracia, menos e peores servizos públicos, máis recentralización, máis peso das deputacións, máis privatizacións e relegación do sector público, e máis Ministerio de Economía intervindo directamente na política de Santiago.

Por todo isto, o que propón o grupo municipal do BNG hoxe a este pleno é instar ao Goberno do Estado a:

Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.

Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.

E por último, instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio, co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos.

Manifesta o Sr. Alcalde que hai unha emenda de adición do grupo socialista que pasa a seguir a defender Don Francisco Reyes Santiás. O concelleiro explica que o que o grupo socialista propón é unha emenda de adición relativa á proposta de resolución da proposición que ten presentado o BNG e que acaba de facer o primeiro turno da súa defensa o seu voceiro. A emenda consiste en engadir á última das propostas dous puntos que serían os seguintes:

"Reafirmar a autonomía local e a transcendencia do papel dos concellos na igualdade de oportunidades, a democracia e a cohesión social, elementos que permitiron vertebrar o territorio e prestar servizos esenciais e básicos descentralizados e de proximidade para a cidadanía, e ademais enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado, grupos Parlamentarios no Parlamento Galego, Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP."

Tras a intervención do Sr. Alcalde dicindo que o BNG acepta a emenda, intervén de novo o Sr. Reyes, que afirma que estamos nunha época na que son un pouco máis frecuentes que noutras as mencións á necesaria reforma do réxime local. Sen dúbida foi a crise económica a que se atopa detrás desta intensificación na apelación de reforma das estruturas locais. Vólvense a escoitar, xa que logo, os nunca esquecidos- por permanentes- reproches ao excesivo número de municipios, tendo en conta a escasa poboación de moitos deles, ou ó papel anticuado ou inadecuado das provincias con mención ata dun hipotético aforro mil millonario que a adopción dalgunhas decisións políticas levarían consigo.

Esta permanente achega de argumentos para a reforma do réxime local permite relativizar a trascendencia do actual debate, máxime cando en realidade non se está aportando ningunha idea. Engade o concelleiro que non hai nada novidoso no actual debate sobre a reforma do réxime local, e que polo menos obsérvase o que ha ter lugar de xeito regular durante a vida posconstitucional española.

Os argumentos nesta cuestión escoitáronse moitas veces, e quizás o único novidoso neste momento é a desvaída consideración económica e sobre todo, e iso si que é distinto, o situar a reforma do réxime local como unha das medidas necesarias para a superación da crise económica do noso país; En todo caso, o concelleiro quere chamar a atención sobre o pouco adecuado que é vincular a reforma do réxime local coa crise económica, e postular esta modificación como unha das formas de reacción contra a

devandita crise. Pensa que isto é, sen paliativos, un erro, posto que independentemente da crise económica, a modificación do mesmo ten que ser pensable e operativa para unha situación de non crise, como a que inevitablemente se producirá algún día. Dito doutra forma, a problemática do réxime local, como de calquera elemento do goberno territorial do Estado, é intemporal, e as crises económicas nun sistema capitalista preséntanse dunha forma periódica e respondendo a unhas concretas causas.

Cuestión distinta é que se poida alcanzar unha maior eficiencia mediante a reforma das estruturas locais, e que iso nunha situación de crise poida cooperar, polo conseguinte aforro, á superación da mesma, pero en calquera caso, calquera tipo de reforma no réxime local pensable e xa que logo perdurable, parece incomprensible coas marxes temporais dunha situación de crise, e tamén é relativamente presumible que os seus efectos, económicos sobre todo, pero tamén doutra índole, se percibirán xa fóra da mesma. Ata é perfectamente posible que a curto prazo, e pola connatural complexidade que alcanzan as modificacións dos niveis territoriais do Estado, puidese non apreciarse nos primeiros tempos de aplicación da reforma ningún aforro económico como consecuencia da mesma.

O que cree o concelleiro que será ademais altamente aventurado, e dende logo equivocado, é imputar ás actuais estruturas do réxime local calquera responsabilidade no xurdimento da crise económica, e non hai tal, aínda que a máis dun, é posible que por furtar outro tipo de responsabilidades, lle puidese resultar agradable defender e convencer a outros de tal conclusión.

Non cabe esquecer, por outra banda, que a Constitución de 1978, no seu artigo número 2, recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran, e que nos seus artigos 140 e 141 garante a autonomía dos municipios e das provincias para a xestión do seus respectivos intereses.

A autonomía para ordenar e xestionar unha parte dos asuntos públicos é o que declara a carta europea da autonomía local ( CEAL), e afástase así a CEAL da liña que vincula a autonomía local á regulación de intereses propiamente locais para vinculala ao concepto máis amplo de intereses públicos, non referidos especificamente a ningún nivel territorial, senón a todos eles. Con este modo de proceder non se está recoñecendo o carácter político dos entes locais non meramente administrativos ou de prestación de servizos propiamente locais.

A autonomía que ven referida ás competencias e aos medios necesarios para o cumprimento da súa misión, á xestión de intereses, presupón obviamente que con carácter previo se lle atribúen competencias na materia en concreto, e conforme sinala o artigo 4 da CEAL, tras declarar que teñen competencia en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade, o exercicio das

competencias públicas debe incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas aos cidadáns.

Non é menos certo que a grande diversidade da tipoloxía municipal non debe considerarse como algo negativo, senón como un reflexo da realidade en canto ao asentamento da poboación no noso país.

A supresión de municipios non modifica esa realidade, pois os asentamentos de poboación seguirán sendo os mesmos teñan ou non a consideración xurídica de municipios, coas dificultades que iso entraña para a prestación dos servizos aos que todos os cidadáns teñen dereito tamén. Os municipios, con independencia do seu tamaño, deben ser respectados como institución política básica de participación dos cidadáns na xestión dos intereses públicos. Son tamén, e sobre todo, expresión da vontade política dos seus veciños. A realidade actual é que os concellos están facendo fronte ás crecentes demandas cidadáns por ser a administración máis próxima e máis accesible, e asumen a obrigación sen a transferencia das competencias e recursos para levalas axeitadamente á práctica.

O sistema competencial das entidades locais debe conectarse necesariamente co finanzamento do seu exercicio, e para iso deberán respectarse varios criterios, como por exemplo que as leis que supriman ou modifiquen calquera atributo de percepción municipal, provincial ou insular, que mingüe os ingresos das facendas locais, arbitrarán as medidas de compensación que impidan que as dispoñibilidades das entidades locais vexan diminuídas ou reducidas as súas posibilidades de crecemento futuro, e como regra xeral, que as transferencias que se recoñezan ás entidades locais por outras administracións públicas teñan carácter incondicional. Ditas administracións só poderían establecer subvencións finalistas cando circunstancias excepcionais ou de interese xeral debidamente motivadas así o requiriran. En todo caso, este financiamento condicionado non debería superar o 10% do total das transferencias económicas que o Estado ou a Comunidade Autónoma destine ao financiamento local.

É certo que os concellos españois necesitan dunha nova regulación completa que aborde a realidade da vida municipal e resolva cuestións pendentes, como a convivencia, a transparencia como principio inspirador de todo o funcionamento político, o réxime dos seus órganos de goberno, a determinación das súas competencias, e o réxime dos electos. Para o partido socialista é vital o respecto á autonomía municipal recoñecida constitucionalmente e base do noso sistema político, e que se debe traducir na liberdade para decidir cal é a fórmula máis idónea para prestar os servizos públicos, sempre que se faga selección dende parámetros de eficiencia e respecto ás normas de estabilidade orzamentaria. Agora ben, estes principios non poden ser coartados, nin se pode dicirr ao 76% dos municipios españois que están prestando servizos de forma mancomunada e

que ademais o están a facer de forma económica, eficaz e eficiente, que por imposición do goberno central se suprimen as mancomunidades.

Prosegue o Sr. Reyes indicando que debemos introducir racionalidade nos salarios, retribucións e compensacións de alcaldes e concelleiros, e a isto cabería engadir a regulación dos grupos políticos municipais, non só para limitar as contías percibidas, senón tamén para asegurar o contido mínimo de dereitos que posibiliten o exercicio responsable da oposición política e o control do grupo de goberno. Ademais, o Partido Socialista apoia dende sempre as históricas reivindicacións da FEMP no sentido de incluír a institucionalización da federación na nova Lei, así como a súa participación no Consello de Política Fiscal e Financeira en representación das entidades locais.

Por último, indica que é evidente, polo anteriormente manifestado, que o grupo municipal socialista vai votar a favor da proposición presentada e defendida polo Bloque Nacionalista Galego.

Dona María Pardo Valdés intervén a continuación, e indica que en momentos de dificultade como os que vivimos, onde son moitas as familias que se ven sometidas a grandes esforzos, e millóns as persoas que pasan auténticos sacrificios nas súas profesións, traballos, nas súas relacións persoais, e na súa vida, as administracións públicas non poden permanecer alleas a este enorme esforzo colectivo, e menos que ningunha a administración local, que é a máis próxima aos cidadáns. Nestas circunstancias é cando máis falta fai unirse nun esforzo común e solidario para mellorar as condicións de vida de todos os cidadáns.

A administración pública debe ter sempre como obxecto ser unha administración máis próxima, máis eficiente, máis eficaz e máis transparente. A sostenibilidade das contas públicas é un compromiso irrenunciable dentro da necesidade de garantir a prestación de servizos públicos de calidade a longo prazo, e por iso é imprescindible adelgazar as estruturas administrativas e reforzar a un tempo deste modo os mecanismos de control do gasto, reforzando o espírito de servizo e a exemplaridade que debe imperar na acción pública de funcionarios e cargos eleitos.

Neste sentido, parece imperativo que as empresas públicas e outros organismos autónomos deban garantir, así mesmo, a súa solvencia e sostenibilidade, ou en caso contrario, desaparecer e deixar paso a outros modelos de xestión cando estes criterios deixen de cumprirse.

En Santiago xa se ven actuando así, e por exemplo a disolución de EMUVISSA obedeceu no seu día a uns criterios de eficiencia, sendo esta disolución a opción lóxica e correcta no momento no que a empresa, ante a crise inmobiliaria, deixou de cumprir a función para a que tiña sido creada, propiciando o actuar así importantes aforros para a

Corporación Municipal, fondos que deste modo puideron sen empregados e destinados a mellorar outros servizos prestados aos cidadáns.

Pero máis alá destas declaracións de intencións, a reforma da Lei de Bases de Réxime Local, unha vez complete a tramitación regulamentaria e entre en vigor, demostrará ser unha reforma profunda, de calado, e que ofrecerá aos cidadáns unha administración nova e tan necesaria. Nela resolverase a preocupación, tantas veces expresada, sobre as competencias impropias e o gasto duplicado, e para iso se delimita a cláusula xeral do artigo 25.1. Ademais suprímese o artigo 28, polo que os municipios podían facer actividades complementarias  propias doutras administracións públicas sen máis. Agora moitas destas competencias poderán ser delegadas nas administracións locais, nos concellos, pero atendendo aos requisitos de non duplicidade, transparencia e xeración de aforros netos. Ao posibilitar a compensación de débedas pendentes entre a administración local e rexiona,l permitirase practicar retencións nos tributos do Estado, asegurando dese modo a xestión financeira dos municipios. Buscarase a avaliación continua de resultados, mediante indicadores de xestión que permitirán garantir a cobertura ao cidadán nos casos de insuficiente capacidade de prestación de servizos de carácter obrigatorio, reforzando esta capacidade cando sexa preciso mediante servizos centralizados de ámbito provincial que permitan a xeración de economías de escala.

Os mecanismos de delegación competencial se convertirán nunha ferramenta básica para a xestión dos servizos, dándose cabida así por lei ao principio de “unha administración, unha competencia”, co único e claro obxectivo de mellorar o servizo aos cidadáns. Garantir a estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financeira das administracións locais non é unha moda, senon unha necesidade imperiosa, e non de agora, senon dende os comezos da humanidade, pois aquelas sociedades que non seguiron esta máxima desapareceron por ser insostibles no tempo.

O acceso ilimitado ao crédito bancario barato, e os avultados ingresos polo urbanismo da última década, demostraron ser un espellismo, e aqueles recursos deberon ser empregados no seu momento para emprender as reformas que agora nos vemos forzados a acometer. Son por iso irrenunciables os criterios de eficiencia e rentabilidade na xestión pública, mantendo a calidade do servizo, e delegando na iniciativa privada, que é a sociedade, aquelas actividades que deste modo poidan ser cubertas con maior eficiencia. Proponse, en definitiva, a necesaria actuación pública na provisión de servizos económicos, pero co requisito da sostenibilidade.

No mesmo sentido, as entidades locais só poderán exercer competencias impropias cando non se poñan en risco financeiro as competencias propias, non haxa duplicidades das competencias autonómicas, e se garanta a sostibilidade financeira das novas competencias.

En todo o ata aquí manifestado subxace ademais a idea da profesionalización da xestión pública, dende o compromiso e a necesaria reivindicación do traballo que realizan concelleiros e alcaldes. Profesionalízase a función do persoal directivo, limitando o soldo dos alcaldes das corporacións locais, así como o réxime de exclusividade e o número de persoal de confianza ao servizo dos cargos públicos, algo no que xa se adiantou o equipo de goberno de Santiago de Compostela.

A xestión orientada a resultados será posta a disposición dos cidadáns, proporanse uns criterios obxectivos e transparentes para a medición do custo dos servizos, que poderán ser consultados e comprobados de maneira sinxela por calquera cidadán. Lembra a concelleira que o anteproxecto de lei elaborado polo Ministerio de Facenda posúe, como é natural, un carácter provisional, e é unha base de partida que precisará de desenvolvemento, e sen dúbida se enriquecerá coas aportacións dos municipios, das comunidades autónomas, e doutros actores do ámbito político e social. Ademais, chegado o seu momento, durante a tramitación parlamentaria esta imperfección actual do texto, propia do seu carácter preliminar, non debe limitar o apoio á iniciativa, que non só é necesaria, senón urxente, máis ben, polo contrario, debe incentivar á colaboración de todos para conxuntamente conseguir a mellor reforma posible do noso municipalismo. É o momento de ser construtivos, pensar no interese común dos españois sen perder de vista as singularidades territoriais de cada Comunidade, pois só deste modo lograremos unha boa reforma.

A FEGAMP e a Xunta de Galicia xa expresaron o seu interese por colaborar na redacción definitiva da reforma, abrindo para iso un proceso de negociación co goberno de España que recolla as inquedanzas dos concellos galegos, que son a delimitación dos espazos competenciais de cada administración, un sistema xusto de financiación municipal que teña en conta a dispersión e o envellecemento da poboación, e a existencia dun elevado número de núcleos de poboación, así como unha táboa salarial que favoreza a autorregulación das retribucións nas entidades locais.

Don Rubén Cela recoñece que o grupo de goberno de Santiago é máis papista que o papa, porque nun momento no que hai múltiples alcaldes do Partido Popular, onde hai institucións de maioría do Partido Popular que están a facer un cuestionamento claro, rotundo e firme do fondo deste anteproxecto de lei, entende que aquí e agora non se fai.

A Federación Galega de Municipios e Provincias, á que facía referencia a sra. Pardo, vese obrigada a manifestar a súa disconformidade co anteproxecto de lei plantexado polo goberno, e é máis, a Xunta de Galicia ven de presentar todo un paquete de alegacións diante dun texto no que o goberno acadou algo que non é nada doado, como poñer de acordo a opcións políticas moi diferentes sobre o mala e o mal plantexada que está esta reforma da lei de bases.

A concelleira facía referencia ás graves dificultades económicas e á necesidade de revisar a arquitectura institucional no Estado Español, pero asegura o concelleiro que para acadar este fin este non é o proxecto acaído para racionalizar nin optimizar nada. A Sra. Pardo afirmaba que era necesario adelgazar, pero o que fai este anteproxecto é engordar, cebar artificialmente unha institución absolutamente caduca, como son as deputacións provinciais, atribuíndolles novas competencias, para as que nin están preparadas, nin van prestar os servizos mellor que determinados concellos, e o que se intenta pola porta de atrás é precisamente forzar determinadas fusións no ámbito municipal que non se conseguen pola porta de adiante.

Pensa o concelleiro que no fondo ésta é unha reforma profundamente ideolóxica, de feito cree que hai poucos anteproxectos de lei que teñan unha carga ideolóxica tan fonda, coa aplicación ademais de dous dos principios fundamentais do Partido Popular, consagrando, con rango de lei, algúns dos grandes dogmas neoliberais, e por outra parte, posibilitando unha volta de torca nun intento evidentisimo de recentralización. A este anteproxecto só lle falta rescatar a figura dos gobernadores civís.

En calquera caso, hai un aspecto na intervención da Sra. Pardo co que está de acordo o concelleiro, e é que esta lei o que non toca é o que precisamente había que tocar, que é o problema de fondo, que non son as duplicidades, senon o modelo de financiación da administración local no Estado Español, un modelo absolutamente insuficiente e inxusto, pois como se manifestou con anterioridade, non ten sentido que este anteproxecto fale de fixar uns baremos para a prestación de determinados servizos que serán iguais para todo o estado español, cando aquí temos unha situación de envellecemento, de dispersión, ou outros criterios que non son homologables a outras realidades. Ao que se vai proceder é a unha uniformización absolutamente irracional e artificial.

Por último, fai o concelleiro referencia a unha das  últimas afirmacións da Sra. Pardo, con respecto ao ámbito das privatizacións, e di que unhas das primeiras cousas que fai a lei é inviabilizar que os concellos se poidan dotar de determinado tipo de instrumentos cos que poder, entre outras cousas, combater os efectos desta crise. Non sabe o concelleiro se a Sra. Leis considera que INCOLSA é un instrumento interesante ou non, pero o que é indubitado é que con esta lei aprobada, Incolsa nunca se podería crear. O que hai que defender agora, dende logo, é a autonomía local deste concello a crear unha empresa dese tipo se o estima oportuno, e isto é o que non vai permitir este anteproxecto se se aproba nestes termos, e quen di INCOLSA, di TUSSA, di Xade, ou di outro tipo de instrumentos. Por último, nega o concelleiro a afirmación da Sra. Pardo de que polo feito de privatizar un servizo, ese servizo é máis económico, e máis eficiente, pois nin é máis eficiente, nin necesariamente máis económico .

Don Francisco Reyes relata que cando en novembro de 2011 se produciu a vitoria electoral do Partido Popular, o goberno entre as súas primeiras promesas anunciou o seu propósito de afrontar a reforma do marco regulador das entidades locais, e dende sé parlamentaria o partido socialista ofreceu toda a vontade de acadar consensos dende o diálogo e a colaboración para levar adiante esta tarefa.

O certo é que entre as medidas reformadoras, o goberno incluía no apartado de reformas locais a eliminación de duplicidades e a delimitación das competencias da administración local, co fin de garantir a sostibilidade do seu financiamento, anunciando que as competencias se estratificarían por tramos de poboación, para deste xeito facilitar a agrupación de municipios, e xa que logo, reducir o número dos mesmos, de modo que só tivesen esa consideración os que alcanzasen un determinado limiar de poboación.

No texto do proxecto, o goberno volveu a renunciar a afrontar con profundidade e seriedade a reforma que merece e necesita o goberno e a administración locais, e as modificacións redúcense por unha banda a engadir a coletilla reiterativa do respecto á lei de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira e por outra a engadir o artigo dedicado aos servizos mínimos obrigatorios, nun apartado realmente preocupante, que facilita o desapoderamento das competencias municipais aos concellos de menos de vinte mil habitantes, e que parece conducir de forma inexorable á privatización da xestión de servizos locais, utilizando como instrumento ás deputacións provinciais, baixo a apariencia de mellora de eficiencia e o suposto reforzamento das mesmas.

As primeiras dúbidas xorden con rapidez, e a primeira pregunta é por que se sinalou a fronteira do desapoderamento nos municipios de menos de vinte mil habitantes, e que estudos avalan o que ese sexa o tamaño óptimo para a análise da eficiencia de calidade nos servizos públicos.

A proposta do goberno mestura conceptos e sinala o número de vinte mil sen explicar que esta referencia de poboación copiouse dos estudos nórdicos de prestación de servizos públicos de sanidade e educación, porque alí os prestan as entidades locais. Este modelo nada ten que ver coa realidade do ámbito de actuación dos concellos españois. Con esta importación do límite poboacional de vinte mil habitantes, inténtase desapoderar e deixar baleiros a 7.720 dos 8.116 municipios. Con este intento de furtar de competencias a estes 7.720 municipios quérese identificar municipio pequeno con derrochador ineficiente, pero coas cifras na man, as conclusións son ben distintas. Da cantidade total da débeda pública viva a 31 de decembro de 2011, que roldaba os 800 mil millóns de euros, só vinte e oito mil correspondían aos concellos españois, sendo ademais esta débeda case na súa totalidade xerada polos grandes municipios, liderada esta posición, por certo, polo Concello de Madrid, con case sete mil millóns. De feito, na lista dos 50 municipios máis endebedados de España todos eran dos catalogados grandes, é dicir, contaban con máis de cincuenta mil habitantes, e pola contra, dos tres

mil municipios que non teñen contraído nin un só euro de débeda municipal, eses son sempre municipios pequenos.

Agora ben, o que si persigue de forma clara o texto é negar a autonomía política dos municipios españois, determinando que o modo de exercer as competencias e prestar os servizos locais será decidido polo goberno de España a través dunha norma regulamentaria, e aparexando como consecuencia, en caso de non superar dita avaliación, o traspaso forzoso das devanditas competencias á Deputación Provincial respectiva, que poderá prestalas a través do uso das fórmulas de xestión indirecta, é dicir, a privatización dos servizos públicos locais a través do desmantelamento das redes municipais.

Isto, en última instancia, reduce a democracia local ao absurdo, pois de nada serve votar a 7.720 alcaldes se eles non van ser responsables de cómo se prestan os servizos e cómo se exercen as competencias, e non se sabe qué papel xogará a valoración do cidadán ante unha mala xestión municipal, e se os responsables últimos dos servizos serán os deputados provinciais de indirecta lexitimidade democrática. Tampouco responde a reforma ó propósito expresado con insistencia de “unha administración-unha competencia”, e moi ao contrario, a modificación proposta dá carta de natureza á existencia de catro administracións intermedias para cubrir a eventualidade de que o municipio non poida prestar as súas, e non resolve o problema da súa convivencia.

Dona María Pardo intervén de novo e di que a proposición que hoxe trae ao pleno o grupo municipal do BNG é unha mostra máis da deriva extremista en que se atopa inmersa agora esta formación, sen dúbida co afán político de diferenciarse doutros grupos de esquerda, e moi especialmente ganarlle a man á esquerda independentista de ANOVA. A esta deriva únese que o 20 de marzo, onte, se presentou unha emenda de adición do PSOE, preocupado- parece- por non perder terreo no voto radical que se disputan estes tres partidos. Sen embargo, os problemas internos do BNG ou a pugna electoral cos membros extinguidos da súa formación, non se debe confundir co interese dos cidadáns, os composteláns, os galegos, e os españois a quen vai dirixida esta reforma.

Así mesmo, sendo lexítimo o posicionamento do interese soberanista do BNG, debérase comprender tamén que o goberno da nación non poida absterse de gobernar para todos os españois, tamén os galegos, e en tanto o marco constitucional sexa o actual, Galicia segue a ser unha comunidade autónoma, e é difícil alcanzar como se obvia esta realidade, algo que parece que debe facer o BNG na súa proposición para que poida axudar aos cidadáns.

O entorno de crise económica no que nos atopamos non fai eticamente defendible dicirlle a alguén en paro a que espere a que chegue a soberanía, e isto non o di a

concelleira, senon o Sr. Aymerich. Hai unha realidade e uns problemas inmediatos, e o BNG ten sete deputados no Parlamento de Galicia, polo tanto parece que teremos que esperar moito antes de que se materialice unha posibilidade realista para o soberanismo independentista. Haberá que avanzar a través dos problemas reais que acucian aos cidadáns, e pódese ser galeguista sen ser independentista, e se pode defender esta afirmación en castelán como fai a concelleira agora, e mentres os concelleiros do BNG non comprendan isto, non terán comprendido a realidade do pobo que aspiran a gobernar.

Por outro lado, pensa a concelleira que as afirmacións realizadas polo BNG na súa proposición non pasan de xeneralidades e imprecisións. É sabido que o grupo popular considera o proxecto presentado perfectible, especialmente atendendo á idiosincrasia de Galicia e da súa estrutura municipal, pero ese non é motivo para retirar o anteproxecto de lei, senon máis ben para traballar construtivamente na plasmación dos intereses galegos. Traballouse en propostas concretas que se materialicen en melloras para a xestión municipal, para a sostibilidade dos servizos públicos, para a atención aos cidadáns, e se estas propostas se poden articular a través do anteproxecto debatido hoxe, aí se poderá atopar o interese e a cooperación do grupo popular, pero se o BNG ven cun escrito cheo de denuncias falaces a defender o soberanismo antes que a construír un mellor municipalismo, e cunha proposta carente de medidas concretas dentro do ámbito de competencias desta administración local, aí atopará a frontal oposición do grupo de goberno, que pensa, por certo, que “chiringuitos os xustos” e sempre que sexan sostibles, non para colocar a ningún amigo.

Respecto ao PSOE e á súa adición *in extremis* á proposición do BNG, ve preferible non facer ningún comentario ante a que considera unha errática política de seguidismo ás iniciativas do BNG e ANOVA-EU, froito sen dúbida, dos seus malos resultados electorais.

Rematado o debate, sométese a proposición, coa emenda do PSdeG-PSOE, a votación, da que resulta que é rexeitada por 11 votos a favor dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 12 en contra dos membros do grupo municipal popular.

## 9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á DEFENSA DO MANTEMENTO DA OBRA SOCIAL DE NOVAGALICIA BANCO.

A proposición presentada á que se refire o presente asunto da orde do día, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Socialista de Santiago de Compostela, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **PROPOSICIÓN**, en base á seguinte

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As Caixas de Aforros son consideradas como fundacións privadas de interese público cun carácter mixto de fundación-empresa, influenciadas polo cambio regulador e a contorna competitiva, e cuxas pautas operativas permiten conceptualizalas como intermediarios financeiros con personalidade xurídica propia.

As Caixas de Aforros desenvolven unha dobre función, a social e a financeira. Ambas actividades están relacionadas e evolucionaron de forma paralela, posto que a obra social responde a unha das súas finalidades fundacionais máis importantes, e a financeira, a través da conta de resultados, converteuse na principal forma de financiamento da tarefa social. En efecto, a achega á obra social é un elemento esencial da misión das Caixas de Aforros desde as súas orixes, aínda cando inicialmente non se contemplara o reinvestimento de beneficios na mesma.

Desde 2012 o novo goberno provocou un proceso de intenso axuste no sistema financeiro ao forzar a realización dunhas provisións e achegas de capital que moi poucas entidades poden cubrir sen botar man da axuda pública. Esta última atópase limitada pola difícil situación da débeda pública española nos mercados, que só achegan novo financiamento ao goberno español a uns tipos de interese moi elevados.

Aínda que persiste en teoría a denominada Obra Social, a crise actual e a necesidade de retribuír aos accionistas dos novos bancos reduciu, cando non eliminou, os excedentes que a financiaban.

Caixa Galicia mantiña catro sedes da súa fundación na Coruña, Ferrol, Pontevedra e Santiago, ademais de centros socioculturais en Lugo, Monforte e Vigo.

A Obra Social é dona de 97 edificios valorados en 344 millóns de euros, entre os que destacan o Palacio dos Condes de Gimondi -os antigos almacéns do Pilar- e a sé da Fundación Caixa Galicia, de case 2.000 metros, situada na Rúa do Vilar.

En 2010 o investimento da obra social foi de 86,03 millóns de euros. Con iso, NCG é o primeiro axente social privado de Galicia. 2.200 empregos "son creados ou mantidos pola obra social", segundo a memoria da caixa de 2010.

Consideramos necesario salvagardar de xeito explícito este compromiso social, mantendo unha porcentaxe dos beneficios das entidades bancarias constituídas a partir da transformación das caixas de aforros para investir en Obra Social.

É por todo o anterior que o Grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte **PROPOSICIÓN:**

PRIMEIRO.- O Concello de Compostela manifesta o seu apoio ao mantemento da Obra Social de NCG, cuxa intensa actividade veuse desenvolvendo en áreas tan importantes como a cultura, o medio ambiente e a solidariedade.

SEGUNDO.- O Concello de Compostela manifesta o seu apoio ao mantemento do emprego dos traballadores de NCG e en particular da súa Obra Social.

TERCEIRO.- O Concello de Compostela insta á Xunta de Galicia a asumir a Obra Social de NCG, ao mantemento do seu patrimonio histórico artístico, a dar continuidade ás actividades da Obra Social nos seus diferentes ámbitos e ao mantemento do emprego dos traballadores da citada Obra Social de NCG.

Don Francisco Reyes Santiás inicia o debate deste asunto explicando que as caixas de aforros son consideradas como fundacións privadas de interese público, cun carácter mixto de fundación-empresa, influenciadas polo cambio regulador e a contorna competitiva, cuxas pautas operativas permiten conceptualizalas como intermediarias financeiras con personalidade xurídica propia.

Entre os trazos distintivos desta personalidade atopábase a súa preocupación polo fomento do ámbito de aforro entre toda a poboación, a súa atención preferente ás economías domésticas e ás PYMES a través da súa estensa rede de oficinas, a concentración do seu negocio nun ámbito xeográfico máis limitado que os bancos, a distribución de parte dos seus beneficios en proxectos de interese social e cultural, ou a contribución ao desenvolvemento das zonas onde están implantadas.

Malia que as grandes empresas están a levar a cabo practicas de responsabilidade social corporativa para compensar a contorna polos custos que se derivan das súas actuacións, e para superar as formulacións económicas tradicionais de maximización de beneficios, a inserción da obra social no núcleo da misión das caixas, e o retorno de parte do seu excedente á sociedade segue a supoñer unha diferenza fundamental.

A indefinición dos dereitos de propiedade nas caixas ten como resultado a distribución dos seus beneficios a partires dunhas canles alternativas ao tradicional reparto de dividendos, así a obra social configúrase como un medio de retorno á sociedade do excedente obtido polas caixas, e permite a prestación de servizos benéficos, culturais ou sociais a grandes capas da poboación. Así pois, as caixas de aforros desenvolveron unha dobre función, a social e a financeira, e ambas actividades estiveron relacionadas e evolucionaron de forma paralela, posto que obra social responde a unha das súas

finalidades fundacionais máis importantes, e a financeira, a través da conta de resultados, convertiuse na principal forma de financiamento da tarefa social.

En efecto, a achega á obra social foi un elemento esencial da misión das caixas de aforros dende as súas orixes, aínda cando inicialmente non se contemplase a reinversión de beneficios na mesma, xa que logo a finalidade última das caixas de aforros foi estender a toda a sociedade os beneficios da súa actividade como empresa, xa sexan na súa vertente mercantil ou en canto á distribución dos resultados obtidos da devandita actividade.

A obra social, reflexo das actividades de responsabilidade social corporativa das caixas, plasmou o compromiso librememente adoptado entre a entidade e os cidadáns co fin de contribuír ao progreso da sociedade, desencadeando un proceso de estreita colaboración entre ambos para lograr maiores cotas de benestar na cultura, medio ambiente, educación, investigación, protección do patrimonio, asistencia social e a sanidade, entre outros.

Dende o ano 2012, o novo goberno provocou un proceso de intenso axuste no sistema financeiro ao forzar a realizar unhas provisións e achegas de capital que só moi poucas entidades poden cubrir sen botar man da axuda pública. Esta última atópase limitada pola difícil situación da débeda pública española nos mercados, que só aportan novo financiamento ao goberno español a uns tipos de intereses moi elevados.

En suma, todos estes cambios legais remataron por asimilar definitivamente o negocio das caixas de aforros ao dos bancos, determinando a súa desaparición efectiva como entidades de crédito diferenciadas, e isto ten efectos tamén sobre as funcións tradicionais destas entidades financeiras. Ainda que persiste en teoría a denominada obra social, a crise actual e a necesidade de retribuir aos accionistas dos novos bancos reduciu, cando non eliminou, os excedentes que financiaban a mesma, e está por ver cal será o contido real da mesma a partires de agora.

A obra social de Novacaixagalicia, que contempla 335 empregos asociados á actividade cultural, asistencial e educativa, está avogada a minguar, e a entidade descoñece polo momento o futuro do seu inxente patrimonio, 97 edificios e innumerables pezas artísticas. O xerente da obra social, Guillermo Brea, comunicou aos sindicatos que coa participación actual do 6,84% que Novacaixagalicia ten no banco que creou, a labor benéfica e cultural podería ser inviable.

A fusión de Caixa Galicia e Caixanova sumaba 130 inmobles, pero o 20% traspasáronse ao banco no acordo de integración. Este inxente patrimonio compóñeno emblemáticos inmobles situados nos cascos históricos das principais cidades galegas.

Prosegue explicando o concelleiro que Caixanova xestionaba catorce centros culturais, ademais de tres bibliotecas, catro centros educativos, cinco clubes de xubilados, unha residencia de estudantes, unha gardería, tres centros de atención ao inmigrante e varias salas de exposicións. En Vigo xestiona ademais unha escola de negocios, e o seu patrimonio esténdese tamén a Portugal, onde reformou as históricas bodegas Calem de Oporto, aínda que éstas non pertencen estritamente á súa obra social, senón á carteira de empresas participadas.

Caixa Galicia mantiña catro sedes da súa fundación na Coruña, Ferrol, Pontevedra e Santiago, ademais de centros socioculturais en Lugo, Monforte e Vigo. O coruñes Teatro Colón, tres centros de novas tecnoloxias, catorce centros de maiores, catro instalacións infantis e xuvenis, e unha sede náutica no porto deportivo de Sanxenxo, completaban a súa carteira de activos na obra social, ó que se suman centros culturais, bibliotecas, máis clubes de xubilados, salas de exposición, puntos de atención a inmigrantes, garderías e residencias de estudantes.

A integración e a posterior creación de Novacaixagalicia Banco, supuxo un estrano reparto desta tarta, e mentres a colección de arte de Caixagalicia quedou en poder do novo banco, a de Caixanova, que se presentaba como a máis importante de arte galega, segue sendo propiedade da obra social.

O banco quedouse coas xoias inmobiliarias, como o cine Fraga de Vigo, e co centro social da Praza Cervantes de Santiago, que no seu momento Xulio Fernández Gayoso calificou como o sono feito realidade, un inmoble de Ginés do século XIX totalmente renovado tamén figura no seu inventario, e obras de Picasso, Kandinsky, Juan Grís, Léger, Miró, Dalí, Chagall, procedentes da colección de Caixa Galicia.

A obra social é dona de 97 edificios valorados en 344 millóns de euros, entre os que destacan o Palacio dos Condes de Guimonde, os antiguos almacéns do Pilar, e a sede da fundación de Caixa Galicia, de case dous mil metros, situada na rúa do Vilar.

No ano 2010, o investimento da obra social de 86 millóns de euros permitiu a Novacaixagalicia ser o primeiro axente social privado de Galicia, e crear e manter 2.200 empregos. Segundo a memoria da Caixa de 2010, o ano pasado contou con 4,3 millóns de beneficiarios en 7.500 actividades, con máis de 4000 colaboracións no 90% dos concellos de Galicia. Posúe a súa propia escola de negocios de 900 alumnos e un terzo do investimento de obra social adicase a acción social. No deporte galego colabora con máis de 96 entidades e en 15 disciplinas, e apoia anualmente unhas cen competicións cuns 50 mil participantes. A cultura lévase un terzo do investimento global, así durante o último xacobeo asinároNse convenios con setenta concellos.

Considera o Sr. Reyes necesario salvagardar de xeito explicito este compromiso social, mantendo unha porcentaxe dos beneficios das entidades bancarias constituídas a partires da transformación das caixas de aforros, para investir na devandita obra social. Por estes motivos expostos con anterioridade, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte proposición:

PRIMEIRO.- O Concello de Compostela manifesta o seu apoio ao mantemento da Obra Social de NCG, cuxa intensa actividade veuse desenvolvendo en áreas tan importantes como a cultura, o medio ambiente e a solidariedade.

SEGUNDO.- O Concello de Compostela manifesta o seu apoio ao mantemento do emprego dos traballadores de NCG e en particular da súa Obra Social.

TERCEIRO.- O Concello de Compostela insta á Xunta de Galicia a asumir a Obra Social de NCG, ao mantemento do seu patrimonio histórico artístico, a dar continuidade ás actividades da Obra Social nos seus diferentes ámbitos e ao mantemento do emprego dos traballadores da citada Obra Social de NCG.

Don Rafael Vilar anuncia que o grupo municipal do BNG vai votar favorablemente a esta proposición, pois comparte o espírito da iniciativa que ten que ver coa preservación da obra social das antiguas caixas, sendo certo que existe unha ameaza que pende sobre o futuro desa obra social e obra cultural, e tamén comparte os termos resolutivos da proposición que foron agora explicados polo señor Reyes.

En todo caso, existen certas discrepancias co discurso que se leva sobre as caixas, derivadas de posicións políticas diverxentes sobre o proceso de restruturación financeira, que acabou coa bancalización das caixas, e tamén cunha maior concentración financeira no Estado Español, e que é un proceso que dende logo o BNG non comparte. De feito, o BNG non apoiou o Real Decreto 9/2009 sobre restruturación bancaria do goberno Zapatero, que dou lugar ao FROB, nin tampouco a modificación da LORCA, lei estatal de caixas pactada por PSOE e PP, e aí está precisamente a raíz do problema do que foi a crónica dunha morte anunciada, que é a perda das caixas para o noso país.

As caixas, como entidades semipúblicas de declarada función social, eran os únicos instrumentos financeiros propios, competencia exclusiva de Galiza como país, pero iso perdeuse por políticas estatais coas que o BNG estaba en contra. Tampouco estaba a súa formación de acordo coa xestión levada a cabo polos seus directivos, que marcharon con indemnizacións millonarias, de feito se presentou hoxe unha moción que trataba a cuestión das participacións preferentes e das obrigas subordinadas, que son dalgunha maneira algunhas das cuestións achacables a esa nefasta xestión das caixas. Aproveita o concelleiro a ocasión para adiantar que mañá posiblemente o FROB, polo tanto o

goberno actual do Partido Popular, vai decretar unha quita, un expolio sobre os cartos de aforradores atrapados nese corralito das participacións preferentes e subordinadas, moitos deles veciños e veciñas nosas.

Prosegue a intervención o concelleiro dicindo que hoxe a entidade resultante desas antiguas caixas segue en fase de restruturación, e os efectos son coñecidos, e moi perniciosos, pois pasan por miles de despedimentos no noso país -máis de 4000-, peches de centos de oficinas -entorno a 900 en Galiza, sobre todo no rural-, e limitacións ó acceso a servizos financeiros básicos a un número importante da poboación do noso país. Aí tamén está incursa a ameaza á continuidade da obra social, que se financiaba nos últimos tempos a través desa participación das antigas caixas na entidade bancalizada, de xeito que apenas o 6,84% era o destinado básicamente para obra social e cultural. Queda no aire tamén un plan de actuación plurianual para esa obra social e cultural ata o ano 2016, que prevía un investimento de 176 millóns de euros.

Por riba, o mal chamado rescate bancario vai facer que esa participación de case o 7% seguramente se reduza a cero, polo tanto, si está en perigo a supervivencia desa rede social e asistencial vinculada á obra social das caixas. No actual contexto das políticas de austeridade e de recorte social, aínda é máis grave que desapareza a obra social da Caixa, porque atendía determinadas situacións de emerxencia social que agora van quedar totalmente desatendidas, e porque empregaba a traballadores vinculados directa ou indirectamente coa existencia da obra social e cultural, e que dende logo hoxe tamén ver perigar os seus postos.

Para o BNG é vital contarmos con institucións financeiras propias e coa obra social e cultural derivada da existencia desas institucións, e unha das interrogantes que se plantexan ten que ver con que vai pasar con esa obra social, quen se vai facer cargo dela, e quen se vai facer cargo dese riquísimo patrimonio cultural das antigas caixas, composto por obras pictóricas e escultóricas de primeirisimo nivel, que deberían ter como destino, cando menos, unha nunha futura pinacoteca nacional, pero tamén poden acabar nun fondo de investimentos das Illas Caimán, o que a toda costa hai que intentar evitar.

O BNG respalda esta proposición de apoio ao mantemento da obra social e ao emprego existente en nova Caixa Galicia, e insta a un compromiso da institución responsable da Xunta de Galiza para que garanta esa viabilidade.

Con todo, engade o concelleiro que dende o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego é importante neste momento impugnar e rexeitar os plans de restruturación bancaria do Banco de España, e da Comisión Europea, que tamén son ameaza para a continuidade da obra social, e denunciar tamén, porque é denunciable, a pretensión do goberno español de centralizar as competencias das fundacións dependentes das Caixas,

de xeito que o centro de decisión acabaría estando en Madrid. Polas razóns anteditas, o concelleiro reitera o voto afirmativo do BNG a esta proposición.

O Sr. Alcalde intervén a seguir e indica que a profusa información que deu o señor Reyes é a do arquivo do País do 7 de outubro de 2011, pero dende entón cambiaron moito as cousas. O seu grupo está de acordo cos dous primeiros apartados da proposición, polo tanto, se o PSdeG acepta que se voten separadamente, conta co seu apoio, non así polo que respecta ó terceiro punto.

Con relación ao punto 1 e o punto 2, o Sr. Currás indica que na exposición de motivos da proposición comézase co concepto da función das caixas de aforros, e comparte a idea de que nas súas orixes foi un elemento fundamental e básico da misión das caixas de aforros a súa obra social. Tamén comparte a idea de que NovaCaixa Galicia é ún dos primeiros axentes culturais e ún dos primeiros axentes de carácter privado polo seu patrimonio, que no que atinxe ós inmobles, abrangue 97 edificios valorados en 344 millóns de euros en 2011.

Dende o grupo popular do Concello tamén cómpre salientar a súa vocación de servizo na educación, na cultura, no deporte, e por suposto tamén na asistencia social ou na colaboración con eventos, e lembra neste senso o sr. Alcalde a capitalidade cultural do ano 2000 ou incluso os anos xacobeos, o que deixa unha fonda marca no tecido socio cultural de Compostela.

No relativo ao punto terceiro, que pide que o Concello inste á Xunta de Galicia a asumir a obra social da Novacaixagalicia, ao mantemento do seu patrimonio histórico-artístico, a dar continuidade ás actividades da obra social nos seus diferentes ámbitos, e ao mantemento do emprego dos traballadores, o grupo popular non vai mostrar o seu apoio. O desacordo deriva de que na exposición de motivos da proposición se afirma que é a función financeira das caixas de aforros a que permite dotar dos recursos necesarios a obra social, pero nas actuais circunstancias económicas de crise, está claro que é moi difícil manter isto, e neste punto fai o sr. Currás un pouco de memoria. Así, di que no marco da restruturación que se levou a cabo no sistema financeiro español no ano 2010, fusionáronse as dúas caixas operativas, o que era Caixa Galicia e Caixa Nova, e fundaron Novacaixagalicia. A recapitalización que foi realizada en 2011 determinou o nacemento dun novo banco, denominado Novagalicia Banco, no cal xa Novacaixagalicia non era accionista, pero sen ter negocio bancario, xa que a súa actividade empresarial era manter a obra social.

Posteriormente Bruxelas autorizou a nacionalización de Novacaixagalicia, e tras a nacionalización, que levou consigo tamén a inxección de capital do FROB, Novacaixagalicia perdeu as súas accións en Novagalicia Banco, quedando ademais fóra da entidade, e consecuentemente, e isto é o máis importante, sen a financiación que

antaño dispoñía a obra social. Partindo desta realidade descrita, Novacaixagalicia, perde a principal e case que única fonte de ingresos ao non ter control do banco que ela mesma fundara, o cal é paradóxico. Ademais, por Resolución da Consellería de Facenda, constatouse a conversión automática de Novacaixagalicia nunha fundación de carácter especial, que é a que existe agora baixo o protectorado da Xunta de Galicia, e que lle permite xestionar a obra social que viña xestionando con anterioridade a caixa hoxe extinta.

Polo tanto, cumprindo a normativa básica estatal e baixo as premisas básicas de operatividade e de eficiencia, o pasado mes de febreiro a Consellería de Facenda nomeu unha comisión xestora paritaria, formada por catro integrantes, o que deixa ben claro que a Xunta de Galicia vai buscar a representatividade social e o consenso para a composición do padroado do que hoxe é unha fundación. A intención é a de esixir unha serie importante de requisitos de cualificación e impedir o acceso ao padroado dos cargos de representación política e altos cargos da administración. Polo tanto, para a futura obra social Novacaixagalicia debe optar pola racionalización, pola volta as súas orixes, priorizando o investimento de carácter social e poñendo en valor o seu importante patrimonio. Estas medidas enmárcanse na austeridade, na eliminación de gasto superfluo, e dende logo na eficiencia.

En resumo, o grupo popular votará a favor dos puntos 1 e 2, pero non do 3, porque porque no encabezamento da propia proposición xa se di de quen depende o financiamento da obra social.

Don Francisco Reyes intervén outra vez, e en primeiro lugar agradece ao Sr. Vilar o apoio á proposición. Avanza que o grupo socialista non ten ningún problema en que se voten por separado as tres propostas que constitúen a proposición. Clarifica que os datos foron extraídos da memoria da obra social das caixas de aforros 2011, da que pensa que teñen bebido tamén, non somentes “El País”, senón todo o resto dos medios de comunicación que quixeron publicar algúns comentarios ao respecto da actividade da obra social do que foron as caixas.

Quere insistir nun dos puntos anteriormente comentados, que é que o investimento de 2.417 millóns de euros das caixas no 2011 supuxo un fluxo económico de 2.358 millóns de euros, fluxo que xerou dinamismo económico, e que é un reflexo da facturación total agregada, realizada por todos os sectores relacionados coa actividade da obra social. Por tanto, pódese afirmar que a obra social provocou un efecto multiplicador da dinamización económica de 1,66, e o diñeiro investido é un diñeiro non somentes ben empregado para asistencia e para cultura, senón tamén para o dinamismo económico. As posibilidades que agora se poden barallar para o financiamento desa fundación poden ser alomenos tres: unha delas, que dos 1.580 millóns de euros de capital do FROB para Novagalicia Banco, a obra social se poida quedar co 30%, co que estariamos a falar de

474 millóns de euros, que é un 4% anual e que darían uns intereses de case 19 millóns de euros ao ano. Outra posibilidade, por exemplo, pasaría porque a Xunta de Galicia se fixera cargo, como propón o seu grupo, da obra social como fundación pública e realizara unha achega ao ano de quince millóns de euros, que ia suponer o 0,5% do orzamento da Xunta. A terceira posibilidade sería que dos beneficios obtidos durante a propiedade estatal, aproximadamente uns cen millóns de euros, se repartira novamente o 30% dos mesmos, por normativa europea, o que supoñería 30 millóns de euros ao ano, e que o trinta por cento dos mesmos se dedicara a obra social, é dicir, uns 9 millóns de euros ao ano.

Polo tanto, solucións existen cando o que se quere é defender a positividade dunha das mellores obras asistencias, culturais, e educativas, en moitos casos, que tivemos na historia do noso país.

Remata as intervencións o Sr. Alcalde que indica que sen dúbida a Xunta de Galicia vai participar na fundación sendo un patrono máis, e nese senso a situación non é a que existía no ano 2010, nin 2011, cando Novacaixagalicia poseia unha participación do 6%, senon que hoxe en día estamos diante dunha fundación especial baixo o protectorado da Xunta de Galicia, que lle vai permitir xestionar a obra social, pero na medida que lle corresponde. O sr. Alcalde querería que a obra social non sufrira en Compostela o que estamos a ver xa co edificio de Cervantes, co edificio do Auditorio do Preguntoiro, coa obra social na Carreira do Conde, e con outros equipamentos.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por unanimidade:

* Manifestar o seu apoio ao mantemento da Obra Social de NCG, cuxa intensa actividade veuse desenvolvendo en áreas tan importantes como a cultura, o medio ambiente e a solidariedade.

* Manifestar o seu apoio ao mantemento do emprego dos traballadores de NCG e en particular da súa Obra Social.

b) Por 11 votos a favor dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 12 en contra dos membros do grupo municipal popular, rexeitar o punto terceiro da proposición presentada polo grupo municipal socialista, consistente en instar á Xunta de Galicia a asumir a Obra Social de NCG, ao mantemento do seu patrimonio histórico artístico, a dar continuidade ás actividades da Obra Social nos seus diferentes ámbitos e ao mantemento do emprego dos traballadores da citada Obra Social de NCG.

**10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á DENEGACIÓN DA RENOVACIÓN DAS AXUDAS ÁS HIPOTECAS.**

A proposición presentada ten o seguinte contido:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Partido Popular vén de denegar a renovación das axudas ás hipotecas, baseándose no artigo **35 do** Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, aplicando unha interpretación de retroactividade das leis. En virtude deste decreto, non só se suprimen as axudas previstas no Plan Nacional de Vivenda para as unidades de nova construción, senón tamén para aquelas que están en proceso de construción e, o que é peor, para as vivendas que xa tiñan concedidas estas axudas.

Na actualidade, a Xunta está a **denegar a ampliación do período de subsidiación por estar suprimida dita axuda** a miles de familias galegas, nun momento de crise como o actual. Estas axudas eran aprobadas por cinco anos, renovables automaticamente cando as familias cumprían os requisitos. A día de hoxe, as familias non teñen coñecemento do que acaba de aprobar o goberno do PP. De forma progresiva, segundo o momento no que venzan as súas axudas, as familias irán vendo incrementadas as súas hipotecas.

No caso concreto de Santiago, este acordo vai afectar a todas as familias que mercaran unha vivenda protexida vencellada ao Plan de Vivenda 2005-2008, é dicir, a todas as familias que adquiriron vivendas acollidas a algún réxime de protección nos barrios da Pontepedriña, O Castiñeiriño, Volta do Castro, Castro de Abaixo, Pontepereda, O Avío, Salgueiriños, Meixonfrío, Villestro, As Cancelas, San Lázaro ou os polígonos 6 e 7 de Fontiñas.

As hipotecas de **máis de 3000 familias** de Santiago vanse a incrementar considerablemente: entre un 40 e un 60 % das súas cotas, o que vai supor unha media de 150 ou 180 € máis ao mes.

O goberno galego do Partido Popular está a mirar para outro lado e sostén que o Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS, é un mero tramitador destas axudas, cando en realidade é o organismo que ten as competencias nesta materia.

É por todo o anterior que o Grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte **PROPOSICIÓN:**

- Que o Concello de Santiago inste ao Goberno da Xunta de Galicia a asumir de inmediato as axudas referidas á ampliación do período de subsidiación do préstamo por adquisición de vivenda protexida vencellada ao Plan de vivenda 2005-2008.

- Que o Concello de Santiago informe a todos os titulares que se vexan afectados por estas axudas ou pola supresión destas axudas a efectos de que poidan adoptar as medidas oportunas."

Dona Mercedes Rosón toma a palabra e explica que a proposición presentada polo seu grupo a pasada semana trata sobre a denegación da renovación das axudas ás hipotecas e das vivendas de protección oficial en Galicia, entendendo que esta decisión tomada dende o goberno do Estado e asumida pola Xunta de Galicia, prexudica considerablemente a miles de familias galegas e de Compostela.

De todos é sabido que en moitísimos concellos galegos se construiron durante os últimos anos, ao abeiro dos sucesivos plans nacionais de vivenda- o Plan de vivenda 2002-2005, o 2005-2008, e o 2009-2012-, miles de vivendas acollidas a algún tipo de réxime de protección. Unha característica común aos sucesivos plans nacionais de vivenda é que as axudas se conceden por un período inicial de cinco anos, renovables automáticamente unha vez comprobado que os concesionarios das mesmas seguen a cumprir os requisitos establecidos cando lles foi outorgada ou concedida esta axuda.

O goberno de España, de forma unilateral, a través dun Real Decreto, o 20/12, publicado no Boletín Oficial do Estado do 14 de xullo de 2012, suprime as axudas de subsidiación de préstamos. Esta decisión supón que non se recoñecerán as solicitudes xa formuladas pero aínda non resoltas pola Comunidade Autónoma, e aínda o que é máis grave polo volumen de familias afectadas, que unha vez cumprido o prazo de cinco anos non serán renovadas as concedidas con anterioridade.

Esta decisión política do Partido Popular afecta a miles de familias galegas, e especialmente de Santiago e Vigo por ser as cidades onde se construiron máis vivendas protexidas, pois paradigmático é o caso de San Paio de Navia, un polígono moi importante da cidade de Vigo onde se acometeu a construcción de case 8 mil vivendas todas ao mesmo tempo, un caso semellante ao que foi Fontiñas no seu momento en Compostela, e despois todos os polígonos que se foron desenvolvendo na nosa cidade nestes últimos dez anos, todos os ensanches do sur da cidade, é dicir, Ponte Pedriña, Castiñeiriño, Volta do Castro, Castro de Abaixo, Pontepereda, xa na zona norte da cidade, o Avio, Salgueiriños, Meixonfrío, As Cancelas, e os polígonos 6 e 7 de Fontiñas, no caso de Santiago de Compostela. Hai outras cidades nas que tamén estes plans de vivenda tiveron moita repercusión, como é o caso do novo Meixoeiro na Coruña, e tantos polígonos e municipios de toda Galicia. Todos eles irán vendo como ao cumprirse ese prazo perderán a axuda do plan nacional de vivenda, e as súas hipotecas

experimentarán unha subida dunha media que vai oscilar entre o 30 e o 60%. É ben coñecido que estamos a falar de vivendas protexidas, e por tanto de familias modestas, moitas delas en paro con nenos ao seu cargo e sufrindo todos os graves problemas que a crise económica está a producir, e esta decisión engadirá a toda esta realidade os gastos derivados desta subida inesperada das súas cotas hipotecarias.

O grupo socialista entende que a Xunta de Galicia está a lavarse as máns ante a situación de millares de familias galegas e composteláns, que a partires de agora verán incrementada a súa hipoteca. O que está a demostrar o goberno autonómico é que os famosos recortes e a súa famosa austeridade que predica constantemente, caen outra vez do lado das persoas menos favorecidas, das persoas máis vulnerables, e que nestes momentos de crise o Presidente e o Goberno da Xunta permitan que miles de familias que teñen adquirido vivendas de protección oficial vexan incrementadas substancialmente as súas hipotecas, só fala do tipo de goberno que temos neste país, nun escenario no que o paro en Galicia e o paro en Compostela medra dramáticamente día a día e mes a mes.

Pensa a Sra. Rosón que cando ún ten todas as competencias ten toda a responsabilidade, e a Xunta de Galicia ten todas as competencias en materia de vivenda.

A situación de miles de familias galegas está, nestes momentos, exclusivamente en mans da Xunta de Galicia e do seu Presidente, por iso dende o grupo municipal socialista se presenta a proposición que estamos a debater, para sinalar claramente cal é o problema, os responsables e a necesaria solución, porque o seu grupo ten o convencemento de que estamos aínda a tempo para facer algo e evitar esta situación de grave desamparo das familias, asumindo as axudas, recurrindo este Real Decreto ante o Estado, e xogando un papel que vai máis aló que o de ser meros tramitadores e meros rexistradores que dan traslado ás familias desta denegación, desta situación, que é o que leva feito nestes últimos meses o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Dende logo, o goberno galego ten que actuar e non mirar para outro lado, e non debe insisitir en dicir que o Instituto Galego de Vivenda e Solo é un mero tramitador destas axudas cando realmente é o organismo que ten as competencias nesta materia.

Por todo iso é polo que o grupo municipal socialista ten a ben presentar a este pleno a seguinte proposición:

Que o Concello de Santiago inste ao Goberno da Xunta de Galicia a asumir de inmediato as axudas referidas á ampliación do período de subsidiación do préstamo por adquisición de vivenda protexida vencellada ao Plan de vivenda 2005-2008.

Que o Concello de Santiago informe a todos os titulares que se vexan afectados por estas axudas ou pola supresión destas axudas a efectos de que poidan adoptar as medidas oportunas.

Don Rafael Vilar apunta que unha vez máis se volve a falar neste pleno de hipotecas, de dereito á vivenda, e sempre a iniciativa dos grupos da oposición. O BNG quere manifestar o apoio a esta proposición que tenta paliar as consecuencias dunha medida inxusta, como é a supresión das axudas do plan estatal de vivenda 2005-2008 con carácter retroactivo. En todo caso, esta é unha medida máis das do goberno do Partido Popular, de D. Mariano Rajoy, que está encadrada na doutrina das políticas de axuste e austeridade que ten unhas consecuencias e resultados coñecidos, como son máis desemprego, máis precariedade, menos salarios e prestacións sociais, pensións máis baixas, e en definitiva, menor capacidade adquisitiva e un empeoramento das condicións materiais de vida de amplas capas da sociedade.

Onte mesmo, Cáritas presentaba o seu informe anual, e unha vez máis constataba que esta crise está xerando máis pobreza e máis desigualdade. Sobre a primeira cuestión, de que a crise xera máis pobreza, se ten falado e reflexionado bastante, pero no que toca á desigualdade téndese a falar menos, malia a súa importancia. O que se di nesa segunda conclusión é que está aumentando a desigualdade social, e polo tanto, a fenda social entre os de arriba e os de abaixo, é dicir, que está concentrada a factura da crise nas rendas máis baixas, e da que estamos a falar é unha medida que fai que se sega a concentrar a factura da crise nos de abaixo, nas clases populares, nos traballadores e traballadoras.

En certo modo sorprende esta medida do goberno de Madrid, instrumentalizada a través do Real Decreto 20/2012, que suprime as axudas á  merca de vivenda, e sorprende por inxusta e ineficaz, ó que se engade o seu carácter retroactivo,  porque estamos a falar de xente traballadora, tamén veciños e veciñas nosas, que adquiriron vivenda ao abeiro dunhas axudas públicas e nunhas determinadas condicións, as marcadas no seu día polo Real Decreto 801/2005 do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns a vivenda. A xente que acabou mercando unha vivenda nestes anos 2005, 2006, 2007 e 2008, é de supoñer que se hipotecaron 30 ou 35 anos, pero agora, no ano 2013, non van poder ter dereito a unhas axudas, nun momento no que resta por pagar probablemente máis do 80 por cento da hipoteca.

No caso da nosa cidade iso vai levar ao desamparo a uns 3000 fogares que van ter que afrontar unha importante suba da hipoteca mensual, por riba en todos os casos dos cen euros, e nalgúns casos bastante máis, e polo tanto eses fogares van ter que detraer diñeiro destinado ao consumo básico, porque tampouco son familias que puideran ter capacidade de aforro para afrontar o pagamento desta vivenda. Sabemos que no contexto actual  hai  moitos fogares de xente traballadora, que pola situación económica

de desemprego, de ERES en marcha, de baixas de salarios, de inexistencia da negociación colectiva, están a perder poder adquisitivo a marchas forzadas. Os datos do Instituto Galego de Estatística son claros ao respecto dos fogares que teñen problemas, ou moitos problemas, para chegar ao fin de mes, que son o 55% en todo o país.

Polo tanto, a medida pode xenerar situacións dramáticas en xente á que lle vai resultar materialmente imposible facer fronte a esa suba que lle supón a cota mensual de hipoteca, e o risco real son os desafiuzamentos, de modo que a xente que non poida pagar, perderá o fogar. Polo tanto, pensa o Sr. Vilar que hai que ter sensibilidade social con estas importantes cuestións que afectan na nosa cidade a máis de tres mil fogares, a xente que vive co xusto e que agora ten que facer fronte a unha suba moi importante da súa hipoteca.

A responsabilidade primeira é obviamente do goberno de Madrid, pero tamén hai unha responsabilidade moi directa da Xunta de Galicia, que ten a competencia exclusiva en materia de vivenda, e polo tanto, de facerse cargo e dar continuidade a esta liña de axudas que son tan necesarias, porque van destinadas a xente traballadora, aos estratos sociais de rendas baixas, para afrontar os pagamentos das súas hipótecas.

Dona Cecilia Sierra di que dende o Partido Popular tamén hai unha sensibilidade moi especial ante unha situación moi complicada para moitos cidadáns, e por iso lles gostaría chegar a un consenso, polo que propón unha emenda in voce, co seguinte contido: “O Pleno do Concello insta á Xunta de Galicia a que estableza novos contactos co Ministerio de Fomento para solicitar que revise os seus criterios de interpretación do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria, e de fomento da competitividade, que deu lugar á supresión das subsidiacións dos préstamos conveniados dos plans de vivenda anteriores ao plan 2009-2012 co fin de non prexudicar aos adquirintes de vivendas protexidas ao amparo de ditos plans”.

A razón de incluir a emenda obedece a que ó seu ver o contido da proposición está confuso, pois se pode interpretar dende múltiples puntos de vista.

Por unha parte, pódese interpretar que o Real Decreto Lei non afecta aos dereitos xa recoñecidos, e si ás novas tramitacións, é dicir, nestes momentos podemos interpretar que as persoas que queiran acollerse á renovación por cinco anos teñen a posibilidade de facelo, con carácter potestativo, pero por outra parte, non está claro dentro da interpretación do Real Decreto Lei que isto sexa ou non posible.

Neste sentido é no que o seu grupo plantexa a emenda á proposta, no desexo de consensuar un acordo común entre todos os grupos.

Por outra parte, matiza a concelleira que non se trata dunha axuda da Xunta de Galicia, pois ven directamente establecida dende o Ministerio de Fomento, se ben o IGVS é o competente para determinar as opcións, e as posibilidades das persoas que o solicitan. Neste senso cómpre lembrar que efectivamente a Xunta de Galicia ten contempladas distintas axudas para facer fronte ás hipotecas por parte das familias e particulares, que en ningún caso se viron diminuídas. Tamén é interesante considerar que nestes momentos as cuotas de amortización das hipotecas, tanto no que respecta ao principal como aos intereses, teñen unha tendencia á baixa, é dicir, por exemplo unha hipoteca de 600 euros o máis probable é que nestes meses se vexa reducida en 150 euros, ou unha hipoteca de 1.600 euros nestes momentos teña unha diminución duns 400 euros, co cal dalguna maneira esta baixada compensa unha posible suba.

Dona Mercedes Rosón di que ao seu grupo tamén lle gostaría ter chegado a un consenso. Comparte a opinión de que o Real Decreto é máis que cuestionable, pero a Xunta de Galicia tivo moito tempo para telo recurrido, pois a norma publicouse no Boletín Oficial do Estado do 14 de xullo do ano pasado, e dende aquela teñen pasado xa moitas cousas. O Decreto está en marcha, e miles de persoas xa recibiron a comunicación de que a súa axuda tiña concluído, polo tanto neste momento, por todas as razóns antes comentadas, e pola situación de extrema gravidade na que se atopan moitisimas fogares e moitisimas familias galegas, o seu grupo mantén a súa proposta de requirir á Xunta de Galicia a que asuma de inmediato as axudas referidas á ampliación do período de subsidiación, porque é a única forma urxente de resolver este problema que afecta a tanta xente.

Dona Cecilia Sierra repite que a Xunta de Galicia ten as súas propias axudas, e a axuda da que estamos a falar desgraciadamente nace nun contexto moi distinto ó da situación actual. Entendendo que por tal razón se fai difícil para a Xunta de Galicia asumir esa nova competencia, o voto do seu grupo vai ser contrario.

Dona Mercedes Rosón indica á súa vez que efectivamente a Xunta de Galicia ten outras liñas de traballo en materia de política de vivenda, cada vez máis pequenas, porque teñen reducido neste último orzamento algo así como o 44% da mesma, pero tamén é verdade que esta situación podía terse corrixido e nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2013 podían terse creado unhas liñas de actuación orzamentaria para poder atenuar este problema que se viña encima a partir do 1 de xaneiro do ano 2013. Segue a pensar que arranxar este problema é unha cuestión de vontade e de sensibilidade, e que aínda estamos a tempo de poder corrixir esta circunstancia, porque a suma de todos os problemas que está a vivir a nosa cidadania, e sobre toda a máis modesta, e a máis vulnerable, vai facer moi difícil abordar un incremento de gasto moi importante. O problema na nosa cidade é moitísimo máis grave do que parece, pois estamos falando no caso de Santiago de Compostela de case tres mil fogares, cun incremento das cotas de hipotecas que pasa de 100 euros mensuais, o que vai alterar considerablemente o día

a día de moias familias, razón pola que o seu grupo se ratifica no contido da proposta presentada.

Rematado o debate, e por 11 votos a favor dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 12 en contra dos membros do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación rexeita a proposición formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á denegación da renovación das axudas ás hipotecas.

**11. DAR CONTA AO PLENO DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS.**

En cumprimento do establecido no artigo 131.5 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, dáse conta ao Pleno da Corporación do informe anual correspondente ao ano 2012 das queixas e suxestións presentadas no Concello, elaborado pola xefatura da sección de atención á cidadanía, e que ten data do 4 de marzo de 2013.

**12. DAR CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE, CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2012.**

De conformidade co informe do Sr. Interventor, do 1 de febreiro deste ano, dase conta ao Pleno da Corporación de que en cumprimento do disposto no artigo 10 do RD Lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos pagos a proveedores, remitiuse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información correspondente ao cuarto trimestre de 2012 relativa á execución do plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 31 de marzo de 2012.

**13. DAR CONTA DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLOS QUE SOLICITA Á XUNTA DE GALICIA SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E DE DIVERSAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dos seguintes acordos, adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2013, polos que se solicitan subvencións para o financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, e para o financiamento de servizos sociais comunitarios básicos:

**a) Acordo de solicitude de subvención para o financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños:**

**“NÚMERO 83.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, DAS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Educación e dos informes do xefe do departamento de Educación e da técnico de Intervención que conta co conforme do Interventor municipal xeral, relativos á solicitude de subvención para o financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños.

Na proposta da concelleira indícase o seguinte:

“Preséntase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local unha proposta para solicitar subvencións á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento das Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueriños.

O financiamento para estas escolas infantís tramitarase de acordo co establecido no DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación (30 de marzo de 2012 -DOG Núm. 63).

No seu artigo 26, relativo ás **funcións dos servizos sociais comunitarios específicos,** sinala que dentro do marco do establecido con carácter xeral no artígo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servicios sociais comunitarios específicos, entre outras, as seguintes:

**f) A atención da primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.**

Polo tanto as escolas infantis municipais obxecto de financiamento neste apartado do Decreto son as de Conxo, inaugurada en outubro do 2002, o das Fontiñas, inaugurada en novembro de 2006 e a de Meixonfrío-Salgueriños, inaugurada en setembro de 2012. As dúas primeiras, con capacidade de 61 prazas para nenos e nenas de 0-3 anos, a xornada completa, distribuídas do seguinte xeito:

Aula 0-1: 8 prazas
Aula 1-2: 13 prazas
Aulas 2-3: 40 prazas

O que fai un total de 122 prazas para xornada a tempo completo.

A Escola Infantíl de Salgueriños ten unha capacidade de 123 prazas para nenos e nenas de 0-3 anos, a xornada completa, distribuídas do seguinte xeito:

Aula 0-1: 24 prazas
Aula 1-2: 39 prazas
Aulas 2-3: 60 prazas

As escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueriños están inscritas no Rexistro Unico de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPS) da Xunta de Galicia, cos números E-0562 C-002, E-0562 C-003, E-0562 C-4, respectivamente.

**A prestación do Servizo destas Escolas realízase mediante contrato por concesión administrativa do servizo público.**

A aportación do concello de Santiago para as escolas infantis municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños é como segue:

- O concello de Santiago de Compostela ten no ano 2013, a correspondente anotación contable por importe de 13.081,71 €, para a xestión da escola infantíl de Conxo dende o 1 de xaneiro ata o 29 de xaneiro de 2013, correspondente ao último mes de contrato.

- O concello de Santiago de Compostela ten no ano 2013, a correspondente anotación contable por importe de 13.882,65 €, para a xestión da escola infantíl das Fontiñas dende o 1 de xaneiro ata o 29 de xaneiro de 2013, correspondente ao último mes de contrato.

- Os contratos de Conxo e das Fontiñas están prorrogados dende o 29 de xaneiro de 2013 ata o 28 de abril de 2013 por importe de:

- Escola Infantil de Conxo: 42.048,33 €

- Escola Infantil das Fontiñas: 44.622,78 €

- Se a licitación realízase antes do 28 de abril, anularíanse os créditos non gastados.

- Que está iniciado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a xestión das escolas infantís de Conxo e das Fontiñas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013. O gasto correspondente á anualidade 2013 é de 320.422,43 €, e está retido con cargo á aplicación orzamentaria 020 32101 22703

- Que o contrato para a xestión da Escola infantíl municipal de Meixonfrío-Salgueriños está prorrogado dende o 1 de xaneiro e ata o día de sinatura do novo contrato, por un importe de 92.586,69 €.

- Que está iniciado o expediente de contratación mediante procedemento aberto para a xestión da escola infantíl de Meixonfrío-Salgueriños, cuio importe no ano 2013 se estima en 206.421,72 €. Isto condicionado á inclusión desta cantidade nos orzamentos do exercizo 2013, actualmente prorrogados.

Os usuarios das escolas infantis municipais contribúen ao financiamento do servizo en función da capacidade económica destas e, para isto, aplícase o réxime de prezos acorde ao Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012), que aproba o réxime de prezos das escolas infantis 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

As tarifas de aplicación das Escolas Infantis municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños son as que se recollen no cadro anexo que se achega.

Deixar constancia que na Orde do 28 de xaneiro de 2013 (DOG nº 23 de 1 de febreiro de 2013), se establece a ampliación de prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2012, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2013 que queda fixado ata o día 5 de marzo de 2013, incluído."

Na súa virtude a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

1.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento das escolas infantis municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños de acordo co DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, como servizos sociais comunitarios específicos.

2.- Aprobar o compromiso deste concello a cofinanciar o mantemento das escolas infantis de titularidade municipal de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños con categoría de servizos sociais comunitarios específicos, de acordo co Decreto 99/201.

A aportación do concello de Santiago para as escolas infantis municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños é como segue:

- O concello de Santiago de Compostela ten no ano 2013, a correspondente anotación contable por importe de 13.081,71 €, para a xestión da escola infantil de Conxo dende o 1 de xaneiro ata o 29 de xaneiro de 2013, correspondente ao último mes de contrato.

- O concello de Santiago de Compostela  ten no ano 2013, a correspondente anotación contable por importe de 13.882,65 €, para a xestión da escola infantil das Fontiñas dende o 1 de xaneiro ata o 29 de xaneiro de 2013, correspondente ao último mes de contrato.

- Os contratos de Conxo e das Fontiñas están prorrogados dende o 29 de xaneiro de 2013 ata o 28 de abril de 2013 por importe de:

Escola Infantil de Conxo: 42.048,33 €

Escola Infantil das Fontiñas: 44.622,78 €

Se a licitación realízase antes do 28 de abril, anularíanse os créditos non gastados.

- Que está iniciado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a xestión das escolas infantís de Conxo e das Fontiñas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013. O gasto correspondente á anualidade 2013 é de 320.422,43 €, e está retido con cargo á aplicación orzamentaria 020 32101 22703.

- Que o contrato para a xestión da Escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueriños está prorrogado dende o 1 de xaneiro e ata o día de sinatura do novo contrato, por un importe de 92.586,69 €.

- Que está iniciado o expediente de contratación mediante procedemento aberto para a xestión da escola infantil de Meixonfrío-Salgueriños, cuxo importe no ano 2013 se estima en 206.421,72€. Isto condicionado á inclusión desta cantidade nos orzamentos do exercizo 2013, actualmente prorrogados.

3.- Solicitar á Consellería de Traballo o 50% do custe total. O 50% restante serían de achega municipal.

4.- A presente solicitude de subvención non implica ningún custo adicional para o concello.

5.- Facer declaración expresa de que as escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas (0-3) teñen unha capacidade total de 122 prazas a xornada completa e que a Escola Infantil de Salgueriños conta con 123 prazas, tamén a xornada completa. De que están inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPS) da Xunta de Galicia, cos números E-0562 C-002, E-0562 C-003, E-0562 C-004, respectivamente e, que reúnen as condicións establecidas na lexislación vixente.

6.- Que os usuarios das escolas infantís municipais contribúen ao financiamento do servizo en función da capacidade económica destas e para isto aplícase o réxime de prezos establecido no Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012), que aproba o novo réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.”

**b) Acordo de solicitude de subvención para o financiamento de servizos sociais comunitarios básicos:**

**“NÚMERO 84.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FAMILIA, BENESTAR SOCIAL, MULLER E EMPREGO RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, ANO 2013.**

Consonte coa proposta da concelleira delegada de Familia, Benesatr Social, Muller e Emprego, e á vista dos informes da xefa de sección de Servizos Sociais que conta co visto e prace da xefa de servizo da Área Social e da técnico de Intervención que conta co conforme do Interventor municipal xeral, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

1.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 63 do día 30 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2.- Aprobar a solicitude de financiamento **para Servizos sociais comunitarios básicos** por unha cuantía de **688.982,60 €.** sobre un orzamento total de **1.580.244,82 €**, e de concederse, tería unha achega municipal de **891.262,22 € o que supón un 56,40 % sobre o orzamento total.**

A solicitude ten o seguinte detalle:

- Persoal: **247.826 €**
- Axuda no fogar:

o Modalidade de prestación básica do plan concertado: **100.000 €**
o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: **337.443,60 €**

- Xestión de programas: **3.146 €**

E segundo se especifica no seguinte resumo:

| PROPOSTA 2013 |
|---|

| ATENCION PRIMARIA | | Achega municipal | SOLICITAR | ORZAMENTO TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **PERSOAL** | | 574.933,82 | 247.826,00 | 822.759,82 |
| **TOTAL PERSOAL** | | **574.933,82** | **247.826,00** | **822.759,82** |
| **AXUDA NO FOGAR** | | | | |
| | Programa básico de axuda no fogar | 167.996,71 | 100.000,00 | 267.996,71 |
| | Programa de axuda no fogar para persoas dependentes valorados | 144.618,69 | 337.443,60 | 482.062,29 |
| **TOTAL AXUDA NO FOGAR** | | **312.615,40** | **437.443,60** | **750.059,00** |
| **PROGRAMAS** | | | | |
| **1.- APOIO COLECTIVO NECESIDADES ESPECIFICAS** | | | | |
| | Intervención con persoas con discapacidade | 567,00 | 567,00 | 1.134,00 |
| **TOTAL APOIO COLECTIVO NECE. ESPECIFICAS** | | **567,00** | **567,00** | **1.134,00** |
| **2.- DINAMIZACION E ANIMACION SOCIOCOMUNITARIA** | | | | |
| | Apoio Sector asociativo | 3.146,00 | 3.146,00 | 6.292,00 |
| **TOTAL DINAMIZACIÓN E ANIMACION SOCIOCOMUNITARIA** | | **3.146,00** | **3.146,00** | **6.292,00** |
| **TOTAL PROGRAMAS** | | **3.713,00** | **3.713,00** | **7.426,00** |
| **TOTAL ATENCION PRIMARIA** | | **891.262,22** | **688.982,60** | **1.580.244,82** |

A presente solicitude **non implica ningún custe adicional para o Concello**, xa que conta con consignación orzamentaria.

3.- Aprobar o compromiso deste o concello de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2013 na contía de **688.982,60 €** que supón unha porcentaxe do 43,60 % sobre o orzamento total do proxecto, **e unha achega municipal de 891.262,22 €** que supón unha porcentaxe **do 56,40%** sobre o orzamento total do proxecto**.**

4.- Declarar expresamente que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior.

O gasto correspondente á xestión de programas, para o que se solicitan 3.713 €, para un importe total de gasto de 7.426 euros, satisfarase do seguinte xeito:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 140 23900 22699/2012, anualidade 2013 a contía de 1.134,00 euros.

- Con cargo á aplicación orzamentaria 140 23900 22698/2013, a contía de 6.292,00 euros, número de referencia documento RC 22013000066.

**14. DAR CONTA DE EXPEDIENTE INFORMATIVO INVESTIGACIÓN INTERNA XUSTIFICACIÓN REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES POR PARTE DAS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE SANTA MARIÑA DE VERDÍA E MESTRA VICTORIA MÍGUEZ DE VIDÁN, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DE 2012.**

Don Rubén Cela pide formular unha cuestión de orde, para que se lle clarifique exactamente de qué se da conta, que entende que é exclusivamente das tres páxinas que estaban na documentación deste pleno para este punto número 13, ao que eu, secretario, respondo afirmativamente.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2013, dase conta ao Pleno da Corporación do seguinte escrito de conclusións do expediente informativo tramitado co obxecto da xustificación da realización de actividades por parte das asociacións de veciños de Santa María de Verdía e da Asociación Mestra Victoria Míguez de Vidán para a concesión das subvencións de 2012:

**"<u>Primeiro</u>**:- Que dos expedientes analizados e das declaracións obrantes nos mesmos, queda acreditada a existencia de, alomenos, unha factura que non foi emitida pola empresa cuxo nome figura, concretamente a relativa a Gráficas Garabal S.L., circunstancia que se repite nos dous expedientes obxecto da investigación (Asociación de Veciños Mestra Victoria Mïguez de Vidán e Asociación de Veciños Santa María de Berdía). O formato da citada factura non coincide có modelo oficial aportado ao expediente polo representante da entidade mercantil Gráficas Garabal S.L. Tampouco coincide o CIF que figura na factura co CIF desta empresa. Sí son coincidentes en cambio tanto a razón social como o enderezo da empresa.

**<u>Segundo</u>**:- Que a letra manuscrita que aparece nas facturas obrantes na documentación analizada e expedidas polas empresas Gráficas Garabal S.L e Garabal S.L presuntamente corresponden á mesma persona e presuntamente corresponden coa letra que figura na tramitación das solicitudes das subvencións.

**<u>Terceiro</u>**:- Que tal como se puxo de relieve polas declaracións recabadas de D. Victor Manuel Eibes González a persoa que figura no expediente como Presidente da Asociación de Veciños "Mestra Victoria Míguez", (no expediente de puño e letra aparece D. Victor Manuel Eibes García), non ostenta dito cargo, figurando un DNI que non se corresponde có seu, un correo electrónico que no é o seu, unha dirección postal que non corresponde co seu enderezo. D. Victor Manuel Eibes González non recoñece

como súa ningunha das sinaturas que figuran no expediente no que presuntamente utilizouse o seu nome, así como tampouco recoñece como súa as sinaturas que aparecen nas facturas. Queda acreditado igualmente que D. Victor Manuel Eibes González non ten nada que ver dende o ano 2009 coa Asociación de Veciños “Mestra Victoria Mïguez”.

Queda acreditado igualmente que a dirección postal que figura na solicitude da Asociación de Veciños “Mestra Victoria Mïguez” é a correspondente ao Sr. D. Juan de la Fuente Fuentes.

Igualmente é un dato obxectivo que no expediente da Asociación de Veciños “Mestra Victoria Míguez” existe un correo electrónico dirixido dende “cscxestion” a jfuentesf@santiagodecompostela.org. en relación coa convocatoria de subvencións para asociacións veciñais 2012.

**Cuarto**:- Que estos feitos determinan a obrigación de poñer en coñecemento do Sr. Alcalde-Presidente as actuacións que, a xuízo dos que subscriben deberíanse de levar a cabo:

1.- En cumprimiento do dispuesto na Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia, remitir expediente ao Ministerio Fiscal có fín de que analice as circunstancias obrantes no mesmo por si, e no seu caso, tivera lugar a dirimir calquer tipo de responsabilidade.

2.- Poñer en coñecemento do Órgano de control externo correspondente estas actuacións, sen perxuizo do inicio das actuacións administrativas que procedan en defensa do interese municipal.

3.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira Sesión que éste celebre, sea ordinaria ou extraordinaria, das actuaciones realizadas e conclusións derivadas das mesmas, toda vez que foi o Pleno da Corporación, a través de acordo adoptado por unanimidade dos grupos municipales (PP, PSdeG-PSOE e BNG), o que adoptou acordo en Sesión Ordinaria de 28 de Febreiro de 2013 de “proceder á apertura dunha investigación interna relativa á presunta falsificación de facturas xustificativas da realización de actividades por parte das Asociacións de veciños de Santa Mariña de Berdía e da Asociación Mestra Victoria Míguez de Vidán para a concesión das subvencións de 2012”.

## 15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS A:

**- CORRECCIÓN DA DE 26 DE FEBREIRO DE 2013 POLA QUE SE NOMEAN DELEGADOS DA ALCALDÍA.**

**- DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN COMISIÓNS DE INFORME, ESTUDIO E PROPOSTA, DE CARÁCTER PERMANENTE E ESPECIAL E REPRESENTANTES EN ORGANISMOS SUPRAMUNICIPAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, FUNDACIÓNS, SOCIEDADES MERCANTÍS CON PARTICIPACIÓN MUNICIPAL E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.**

Dase conta ó Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía de 26 de febreiro de 2013, pola que se corrixen erros doutra da mesma data que nomea delegados da alcaldía, e da de 12 de marzo de 2013, pola que se designan membros do grupo municipal popular en Comisións de informe, estudio e proposta, de carácter permanente e especial e representantes en organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, sociedades mercantís con participación municipal e consellos sectoriais de actuación municipal.

As citadas resolucións teñen o seguinte contido:

**Resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2013**.

"Ao abeiro do disposto no artigo 105,2 da Lei de Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, polo cal as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

**RESOLVO:**

Rectificar os erros materiais producidos no Decreto desta Alcaldía de data 26 de febreiro de 2013, relativo ao nomeamento de delegados da Alcaldía, de xeito que onde se enumeran as competencias delegadas de **dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdé**s, debe excluírse "Medio Rural", a cal se incluíu erroneamente.

E onde se enumeran as competencias de **Don Francisco Javier Noya Iglesias**, debe excluírse "Servizos de mantemento pavillóns, colexios e garderías".

Por todo o anterior, o texto do Decreto desta Alcaldía de 26 de febreiro de 2013, relativo ao nomeamento de delegados da Alcaldía, quedará como se transcribe de seguido:

"Como consecuencia das renuncias recentemente producidas no equipo de goberno e intentando conquerir unha administración máis eficaz dentro do principio de economía, e unha administración máis áxil e cercana ao cidadán, e en exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do

Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012)

**RESOLVO:**

Nomear **delegados desta Alcaldía** aos/ás concelleiros/as que a seguir se relacionan, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:

**Dna. Reyes Leis Rodríguez, delegar as competencias da ÁREA DE ECONOMÍA**, sendo estas as seguintes: Emprego, Comercio, Turismo, Mercados e Matadoiro Municipal. Primeira Tenente de Alcalde.

**Dna. Cecilia Sierra Rey, delegar as competencias da ÁREA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**, sendo estas as seguintes: Orzamentos, Contratación, Consumo e Informática. Así mesmo, dentro do que indiquen as bases de execución do orzamento, corresponderanse as seguintes competencias:

- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.

- Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.

De acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela coordinará á **concelleira delegada de Réxime Interior e Persoal.**

**Dna. María Amelia González Brandariz**, **delegar as competencias de Réxime Interior e Persoal**. Segunda Tenente de Alcalde.

**Dna. María de los Ojos Grandes Pardo Valdés, concelleira voceira do grupo municipal de goberno, delegar as competencias da ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE**, sendo estas as seguintes: Licenzas e Disciplina Urbanística, Vivenda, Rehabilitación, Cidade Histórica, Sostenibilidade (inclúe Expropiacións, Planeamento, Parques e Xardíns, Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, e elaboración de estudios, xestión e elaboración de pregos dos servizos básicos de Auga, Parques e Xardíns, Lixo e Alumeado, Abastecemento e saneamento de augas) y Sanidade, Patrimonio y Cemiterios. Así mesmo delégase as competencias seguintes:

- As outorgadas a esta alcaldía pola lexislación urbanística, así como as competencias relativas ao exercizo da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa

representación corresponden a eta alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.

- A orde de expedición e visto e prace das certificacións que se xeneren no ámbito da Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especifícamente a outros órganos.

De acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela coordinará ao **concelleiro delegado da Brigada de Vías e Obras e Servizos.**

**D. Juan José de la Fuente Fuentes, delegar as competencias relativas á Brigada de Vías e Obras e Xestión Ordinaria dos Servizos Básicos,** sendo estes os seguintes: Recollida de Lixo, Abastecemento e Saneamento de Auga, Alumeado Público e Limpeza Viaria.

**D. José Luis García Bello, delegar as competencias de ÁREA SEGURIDADE E MOBILIDADE**, sendo estas as seguintes: Mobilidade, Tráfico, Servizo de grúa e ORA, Policía, Bombeiros e Protección Civil. Delégansele así mesmo as seguintes competencia:

- Sancionadora por infraccións cometidas en materia de Tráfico e Seguridade Vial nas vías urbanas deste Concello.

- De outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.

- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadán.

- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.

**Dna. María Castelao Torres, vicevoceira do grupo municipal de goberno municipal, delegar as competencias de ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS,** sendo estas as seguintes: Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maiores. Noméase concelleira Secretaria da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

De acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela coordinará á **concelleira delegada de Xuventude e Normalización Lingüística e ao concelleiro delegado de Deportes.**

**Dna. Rebeca Domínguez Iglesias, delegar as competencias de Xuventude e Normalización Lingüística**.

**D. Adrián Varela Sarandeses, delegar as competencias de Deportes**.

**D. Francisco Javier Noya Iglesias, delegar as competencias da ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, sendo estas as seguintes: Centros Socioculturais, Festas e Actividades Recreativas, Relacións Institucionais, Relacións Veciñais, Relacións co Medio Rural e Atención Cidadá. Terceiro Tenente de Alcalde. Noméase concelleiro Secretario Suplente da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:
Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou áreas respectivas.

- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.

- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicábel.

- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.

- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.

- Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

- No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo Alcalde, titular ou accidental, polo/a Concelleira de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica ás relativas á área sinalada, polo/a Concelleiro/a de Facenda, Orzamentos e Contratación, ás relativas á citada área, e con carácter xeral polos tenentes de alcalde.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado."

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro)."

**Resolución da Alcaldía, de data 12 de marzo de 2013:**

"Vista a recente organización municipal, toma de posesión do Concelleiro Luis Meijide Rodríguez e nova estrutura do Goberno Local, e vista a necesidade de facer nomeamentos en distintas Comisións, Consellos, Consellos de Administración e Órganos de representación, Sociedades Mercantís con participación municipal, Organismos autónomos e Fundacións e, considerando o desposto no artigo 20.1. c da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento Orgánico do Pleno Municipal e, nas facultades que me confire a lexislación vixente, en especial os artigos 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, do réxime local de Galicia.

Por medio da presente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder ó nomeamento nas Comisións, Consellos, Consellos de Administración e Órganos de representación, Sociedades Mercantís con participación municipal, Organismos autónomos e Fundacións de acordo á seguinte relación:

**CONCELLEIROS PARA AS COMISIÓNS DO PLENO E CONSELLOS.**

**COMISIÓN DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS**

| Titulares | Suplentes |
|---|---|
| Dna. Cecilia Sierra Rey | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| Dna. Amelia González Brandariz | |
| D. Luis Meijide Rodríguez | |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias | |
| D. Adrián Varela Sarandeses | |
| D. José Luís García Bello | |
| Dna. Rebeca Domínguez Iglesias | |

| COMISIÓN DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA E MEDIO AMBIENTE | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| Dna. María Pardo Valdés | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| Dna. María Castelao Torres | |
| D. Luis Meijide Rodríguez | |
| Dna. Amelia González Brandariz | |
| D. Juan de la Fuente Fuentes | |
| D. José Luis García Bello | |
| Dna. Cecilia Sierra Rey | |

| COMISIÓN DE ÁREA SOCIAL, CULTURA E SERVIZOS | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| Dna. María Castelao Torres | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| D. Luís Meijide Rodríguez | |
| Dna. Amelia González Brandariz | |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias | |
| D. Adrián Varela Sarandeses | |
| Dna. Rebeca Domínguez Iglesias | |
| D. Juan de la Fuente Fuentes | |

| COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| Dna. Cecilia Sierra Rey | |
| D. Luís Meijide Rodríguez | |
| Dna. Rebeca Domínguez Iglesias | |

| COMISIÓN DE DIRECCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| Dna. María Pardo Valdés | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| Dna. Cecilia Sierra Rey | |

| COMISIÓN ASESORA DO CASCO HISTÓRICO | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| Dna. María Pardo Valdés | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| Dna. Amelia González Brandariz | |
| D. Juan de la Fuente Fuentes | |
| Dna. Rebeca Domínguez Iglesias | |

| CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS | |
|---|---|
| **Titulares** | **Suplentes** |
| Dna. Amelia González Brandariz | **TODOS OS DEMAIS CONCELLEIROS** |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias | |
| D. José Luis García Bello | |

## CONCELLEIROS PARA OUTROS CONSELLOS E ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

| MERCAGALICIA |
|---|
| D. Ángel B.Currás Fernández |
| Dna. Reyes Leis Rodríguez |
| Dna. María Pardo Valdés |

| FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS |
|---|
| D. Luís García Bello |

| AUDITORIO DE GALICIA |
|---|
| D. Ángel B.Currás Fernández |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias |
| D. José Luis García Bello |

| SOCIEDADE ANÓNIMA MIXTA DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EMPRENDEDORAS (UNINOVA) |
|---|
| Dna. Reyes Leis Rodríguez |
| Dna. Cecilia Sierra Rey |

| SOCIEDADE MERCANTIL DE XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS (XADE) |
| --- |
| D. Adrián Varela Sarandeses |
| D. Francisco Javier Noya Iglesias |

| EMPRESA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN SOCIAL (INCOLSA) |
| --- |
| Dna. Reyes Leis Rodríguez |
| Dna. María Pardo Valdés |
| Dna. María Castelao Torres |

| EMPRESA MUNICIPAL DE TRANSPORTE URBANO (TUSSA) |
| --- |
| D. José Luis García Bello |
| Dna. María Pardo Valdés |
| D. Juan de la Fuente Fuentes |

**SEGUNDO.-** Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira Sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## 16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas entre os días 14 de febreiro e 5 de marzo de 2013 (núms. 863 ao 1211), e dos acordos da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela correspondentes ás seguintes sesións:

Sesión ordinaria do día 7 de febreiro de 2013 (Núm. 8).
Sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2013 (Núm. 9).
Sesión extraordinaria urxente do día 15 de febreiro de 2013 (Núm.10).
Sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2013 (Núm. 11).
Sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2013 (Núm. 12).
Sesión extraordinaria urxente do día 1 de marzo de 2013 (Núm. 13).
Sesión extraordinaria urxente do día 4 de marzo de 2013 (Núm. 14).
Sesión extraordinaria urxente do día 6 de marzo de 2013 (Núm. 15).

## 17. ROGOS E PREGUNTAS.

**ROGOS FORMULADOS  POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.**

**1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 5 de marzo de 2013, núm. 57.**

Solicitan que se adopten as medidas oportunas para a eliminación de vertidos, a recuperación da calidade da auga no regato do Cancelón.

**2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 13 de marzo de 2013, núm. 60.**

Solicitan se adopten melloras  de seguridade viaria coa instalación de bandas sonoras, sinais preventivos ou coas medidas que se estimen oportunas para diminuír a velocidade dos vehículos e garantir a seguridade das persoas nas rúas do Tambre e das Mulas.

**3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 14 de marzo de 2013, núm. 66.**

Solicitan que se inste ao Ministerio de Fomento a corrixir a toponimia deturpada na sinalización viaria do municipio, e que utilice o galego ao ser a única forma oficial e legal para designar os nomes dos lugares de Galiza.

**ROGO FOMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-**

**ROGO.-**

**1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 13 de marzo de 2013, núm. 63.**

Solicitan que a documentación das Comisións Informativas e ás ordes do día do s Plenos sexan remitidas aos grupos municipais en soporte informático co fin de aforrar papel.

Dona Elvira Cienfuegos fala do rogo que insta á adopción das medidas necesarias para a eliminación dos vertidos e a recuperación da calidade da auga do Cancelón, e da calidade do seu leito. O  regato ven recibindo vertidos que parecían puntuais, despois periódicos, e en todo caso intermitentes dende fai tempo, e a situación viuse agravada nos últimos tempos. O BNG presentou o rogo o 5 de marzo, cando xa realmente eran moi reiterados os cheiros que se producían do regato, xusto despois de pasada a rúa das Trompas, e supón que a intervención de Aquagest que se viu na prensa por unha incidencia nese lugar, tería solucionado total ou parcialmente os vertidos. En calquera

caso, este  mércores seguia habendo malos cheiros, e entende a concelleira que polo tanto hai que procurar unha solución definitiva, así como a recuperación da canle do río, retirando os sólidos que aínda hai nela, e devolvéndoa ás súas condicións normais. Por outra parte, falamos dunha zona empedrada, dunha zona artificial, na que unha actuación de limpeza non vai ter un impacto ambiental negativo, e urxe acometela porque xa ten unha pátina característica de zonas onde houbo reiteración de materia orgánica, polo tanto roga que se leve a efecto, dado que se trata dunha zona visitada, e utilizada tamén para o paso, e que na súa situación actual ofrece un aspecto moi negativo, á parte da situación máis ou menos insalubre que pode producir  que estean os cheiros xusto a carón dunha zona de esparcimento.

Dona María Pardo, que toma o uso da palabra, agradece á señora Cienfuegos que dera conta desta situación, pois se detectou suciedade a raíz da denuncia, e os técnicos do concello puxéronse sobre o tema, e concluíron cun informe que os restos de suciedade son froito das labores da limpeza que se produce na Praza de Abastos debido ás obras que se están a levar a cabo. Así, dende o Concello se remitiu oficio o día 13 de mazo á xerencia da Praza de Abastos para que á vista destes sucesos se dean as ordes oportunas para que non se produzan máis actuacións que deriven da presencia destes restos de obra no regato.

Para tranquilidade dos veciños, tamén se fixo unha inspección o día 13 de marzo polos inspectores do concello, e no parte correspondente dese día se di: “inspeccionado o regato que discurre polo parque de Belvís non se ve suciedade e a auga baixa limpa”. Ademais, o técnico de medio ambiente deu orde o día 18 de marzo para que se limpase a presión a suciedade que poidera quedar nese lugar.

Dona Elvira Cienfuegos pasa logo á defensa doutro dos rogos formulados polo BNG, que ten que ver coa mellora da seguridade viaria na rúa do Tambre, utilizada por vehículos pesados, cunha velocidade que supera a permitida. Esta é unha zona, ademais, na que está o tanatorio, unha escola infantil e mesmo paradas de buses escolares, de xeito que o paso dos vehículos xera inseguridade nas persoas viandantes. O que o seu grupo roga é que se introduzan as medidas que se entendan oportunas, dende sinais luminosas, bandas sonoras, ou calquera outra que contribúa a diminuir a velocidade dos vehículos e garantir a seguridade das persoas.

Informa Don Luís Bello que tras a presentación do rogo procedeuse o día 20 deste mes á realización de varios controles de radar na zona por parte do equipo de atestados da policía local, e tendo controlado un total 134 vehículos, non se detecta que ningún deles sobrepasase o límite de velocidade marcado na mesma vía, que é de 50 quilómetros por hora, sendo a media de 37 quilómetros por hora. Por esta razón non se considera necesaria a instalación de bandas sonoras, xa que non se aprecia inseguridade para os peóns. De todos os xeitos, en breve procederase a realizar outras accións para facer o

correspondente estudo da situación e adoptar se procede as medidas de calmado de tráfico que se consideren convenientes e acordes cos informes técnicos que se estimen.

Don Rafael Vilar pasa a explicar o último dos rogos formulados polo BNG, que pretende que se restaure a toponimia galega en dúas sinalizacións viarias que hai na Avda. Rodríguez de Viguri, onde aparecen os toponimos deturpados de “Orense” e “La Coruña”. Entende que hai que corrixir o erro e instar aos responsables, o Ministerio de Fomento, para ver se dentro das súas políticas de austeridade se permiten o luxo de corrixir a toponimia deturpada.

Dona Rebeca Domínguez fala agora, e di que o BNG solicita neste rogo que o Concello de Santiago inste ao Ministerio de Fomento a corrixir a toponimia na sinalización viaria ubicada na Avda. Rodríguez de Viguri, por atoparse, segundo aquel grupo, nunha via dependente do Estado. Afirma a concelleira que é difícil acepta-lo rogo, e instar a nada ao Ministerio de Fomento, porque o BNG parte dun dato erróneo, e é que a via onde aparece a sinalización que non cumpre coa normativa sobre toponimia establecida na Lei 3/83, de 15 de xuño de Normalización Lingüística de Galicia, non é de titularidade estatal senon municipal. É certo que foi de titularidade estatal, pero xa non é, e non o é porque se aprobou en Xunta de Goberno de 20 de decembro de 1999 a cesión do Ministerio de Fomento ao Concello dos tramos da estrada nacional 550, entre os que se atopa incluída a Avda. Rodríguez de Viguri, e sendo así, nada lle hai que solicitar ao Ministerio de Fomento.

Prosegue explicando a concelleira que esta vía ten a consideración de vía urbana, en base á concepción que da mesma fan o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, e o Regulamento de Estradas. En consecuencia, a ordenación do tráfico é municipal, tal e como establece asemade o artigo 25.2.b) do Texto Refundido da Lei de Bases de Réxime, polo que a modificación da sinalítica da via corresponde dende 1999, é dicir, dende que a via foi cedida ao Concello, ao municipio. Sendo así, non se entende porque non a corrixiu o bipartito naquel momento, e igual non o fixeron na creencia errada de que a vía non era de titularidade municipal, ou non o fixeron porque non viron os sinais ata esta semana, aínda que levan instalados máis de vinte anos, dende 1992 concretamente, ou non o acometeron por simple deixadez.

O grupo de goberno, dende logo, non vai incurrir en deixadez, e en canto a dispoñibilidade orzamentaria o permita, procederase a facer o que o goberno anterior non fixo no seu momento.

Fala agora o Sr. Alcalde, que di que se deturpa tanto dun lado como do outro, e explica que gobernando neste Concello o BNG, a rúa Pejijo a traduciron como Pexego, pero

non se trataba da froita de oso, senon dunha derivación do latín postigum -porta de entrada-.

Dona Rosario Valledor Puente defende a seguir o rogo do Partido Socialista, relativo a que a documentación das comisións informativas e as ordes dos días dos plenos sexa remitida aos grupos municipais en soporte informático. Explica a concelleira que tendo en conta tanto o aforro económico como a protección do medio ambiente, o grupo municipal socialista presenta este rogo ao pleno para que xa nas comisións informativas e no pleno do mes de abril se proceda a remitir toda a información en soporte informático, non só porque facilita o manexo da documentación, senón tamén polo aforro que conleva de papel, fotocopias, etc.

Intervén para responder ao anterior a concelleira Dona Amelia González, que lembra que xa se facilita por correo electrónico a documentación relativa a Comisións, como a de urbanismo, casco histórico, pero nas ordes e convocatoria, é necesario activar previamente un sistema de notificación electrónica que acredite a data da posta a disposición da persoa interesada do acto obxecto de notificación, e iso ten un custe, e os cartos son os que son. Non obstante, e aínda neste momento de crise, o goberno vai procurar abordar o investimento preciso, pois é a súa vontade e intención avanzar no desenvolvemento da administración electrónica neste concello en todos os ámbitos e servizos posibles, e neste caso por suposto, dado que significa un importante aforro de papel. Engade que antes de nada o que haberá que facer é modificar o regulamento orgánico da Corporación elaborado polo anterior goberno municipal no ano 2007, no que se di que a información estará a disposición na secretaría do órgano colexiado dende o momento da convocatoria, así pois, convida a concelleira aos grupos da oposición a participar na implementación dos cambios para poder abordar este tema.

**18. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

**1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 14 de marzo de 2013, núm. 65.**

Solicítase:

Demandar da Consellería de Educación a dotar do persoal administrativo necesario aos centros educativos de infantil e primaria, de xeito, que de non poder atenderse a totalidade inmediatamente se abra un proceso en función do cal se dote progresivamente en función da poboación escolar atendida.

**2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de marzo de 2013, núm. 70 (urxencia).**

En relación ao copago nos comedores escolares, solicítase:

1. Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

2. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3. Instar á Xunta de Galia a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

**3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de marzo de 2013, núm. 71 (urxencia).**

En relación a demandar unha solución satisfactoria para as familias do alumnado da Casa do Neno, solicítase:

Que o Concello de Santiago lle demande á Xunta de Galiza unha solución satisfactoria para o alumnado da Casa do Neno, adscrito ao CEIP de Fontiñas, e unha mellor planificación que atenda as previsións da matrícula nos vindeiros cursos escolares.

**4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de marzo de 2013, núm. 74 (urxencia). ( non se debate, xa que se considera incluída no anterior asunto número 3)**

Relativa aos afectados polas preferentes e obrigas subordinadas, solicítase:

1. Que o Concello realice as xestións necesarias, tal como se ten feito desde outras administracións locais, para obter toda a información relativa ao número de afectad@s, número de solicitudes de arbitraxe, número de laudos resoltos favorabelmente, total de cartos secuestrados e devoltos aos veciñ@s de Compostela e a súa comarca, e ter unha información real e actualizada da magnitude da estafa e trasladala á plataforma de afectad@s.

2. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros, a través dun procedemento universal e extraxudicial, que dite a anulación de todos os contratos de Participacións Preferentes ou Obrigas Subordinadas d@s clientes de NCG Banco.

3. Instar ao goberno do Estado (presidente Rajoy, ministro De Guindos) para que se adopten as solucións legais oportunas para eliminar as quitas e os canxes por outro tipo de produtos sen liquidez, que supoñan perdas por parte d@s aforradores que sexan titulares de participacións preferentes e obrigadas subordinadas, e que permita acadar a devolución inmediata do 100% do aforro.

4. Prestar por parte do Concello de Compostela asesoramento xurídico a todas aquelas persoas que posúan participacións preferentes e obrigas subordinadas que así o requiran, para poder demandar xudicialmente ás entidades financeiras.

5.Solicitar do Concello de Compostela colaboración na dotación de recursos económicos para sufragar os gastos de aluguer de autobuses para asistir aos distintos actos reivindicativos e manifestacións que os afectados están a realizar por distintas vilas.

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.**

**1.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 13 de marzo de 2013, núm. 64.**

Relativa á reforma do anteproxecto de lei para a racionalización e sostibilidade da administración local, solicitan:

1.- Instar ao goberno do Estado a que:

Os concellos sigan tendo a facultade de continuar prestando este tipo de actividades e servizos denominados impropios.

Que as competencias de benestar social sigan a ser municipais, buscando fórmulas de eficiencia real para os concellos de menos habitantes.

2.- Que se retomen as negociacións coa Consellería de Sanidade para a xestión da área sanitaria da UMAD mantendo o financiamento e a xestión municipal dos programas de prevención.

**2.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 19 de marzo de 2013, núm. 67.**

Relativa á revisión do Plan de Axuste 2012-2022, solicítase:

1.- Instar ao goberno municipal a reconducir as negociacións cos representantes dos traballadores.

2.- Instar ao goberno municipal a aceptar as medidas propostas por unanimidade de todos os representantes dos traballadores do Concello de Santiago de xeito unánime o día 11 de decembro.

**3.- Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 19 de marzo de 2013, núm. 68.**

Relativa aos comedores escolares, solicítase:

1.- O goberno deste concello realizará un estudo para avaliar as consecuencias de aplicar a medida de incremento de prezo de menús escolares e de extensión do copago ás familias usuarias deste servizo nos colexios públicos de Compostela; devandito estudo será presentado ao Pleno da Corporación no Pleno ordinario do mes de abril.

2.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a deixar sen efecto a citada proposta sobre o aumento do custo para as familias dos comedores escolares.

3.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que os usuarios do comedor do colexio público da Sionlla, gocen das mesmas condicións de comedor escolar, en todos os seus aspectos, que os restantes usuarios dos comedores escolares públicos do término municipal de Compostela.

Intervén en primeiro lugar D. Francisco Reyes en defensa da moción relativa ó anteproxecto de lei para a racionalización e sostibilidade da administración local. Indica o concelleiro que os servizos sociais teñen na proximidade, como aceno de identidade, o ámbito ineludible da acción sen a cal se volven ineficientes e ineficaces. Para o seu grupo, a reforma da Lei de Bases de Réxime Local proposta polo Partido Popular supón un erro que vai pasar factura en términos de cohesión social, marxinación e sufrimento aos de sempre.

Particularmente no que respecta ao consumo de drogas, como é coñecido sobradamente, o fin último de toda intervención en drogodependencias e adicións é conseguir que a poboación obxecto dela mellore os seus niveis de saúde, pero non só ésta senón tamén a propia comunidade na que se atopa inmersa adoptando valores, actitudes e patróns de conducta máis saúdables e incompatibles co consumo de drogas.

Se falamos de previsión das adicións, o obxectivo fundamental é conseguir idades de inicio ao consumo cada vez máis tardias en persoas novas non consumidoras, e con respecto ás que consumen de forma esporádica ou experimental, que non cheguen a desenvolver unha drogodependencia. Para iso lévanse a cabo estratexías de información e formación nos diferentes ámbitos da prevención, e partindo desta idea, a comunidade, como contorna social das persoas, é ún dos ámbitos prioritarios da prevención. Por esa razón, a participación das corporacións locais é imprescindible, e por todo o anterior, o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela presenta a seguinte moción:

1.- Instar ao goberno do Estado a que:

Os concellos sigan tendo a facultade de continuar prestando este tipo de actividades e servizos denominados impropios.

Que as competencias de benestar social sigan a ser municipais, buscando fórmulas de eficiencia real para os concellos de menos habitantes.

2.- Que se retomen as negociacións coa Consellería de Sanidade para a xestión da área sanitaria da UMAD mantendo o financiamento e a xestión municipal dos programas de prevención.

Dona Marta Álvarez Santullano, no que atinxe á moción relativa ao plan de axuste, indica que asumir a súa urxencia supón dalgunha maneira respaldar unha proposta unánime dos sindicatos, pois unha vez máis, a relación con eles evidencia a falta de vontade política e de negociación colectiva que ten este goberno.

O día 30 de marzo de 2012, aprobouse o Plan de Axuste, con medidas previstas ao longo dos dez próximos anos, entre o 2012 e o 2022. As medidas de aforro previstas no capítulo de persoal repercutíanse económicamente en tres anualidades, 2012, 2013 e 2014, e a proposta que presentaron no pasado 11 de decembro os sindicatos deste concello foi a de repercutilas ao longo da vixencia do plan.

Di a concelleira que os traballadores públicos están a sufrir os efectos da crise, coa reducción do 5% do seu salario, a supresión da paga extra de nadal, a eliminación de días asuntos particulares, ou o aumento da xornada laboral, e ás medidas adoptadas en Madrid hai que sumar as de colleita propia, que por certo, con moita rigurosidade aplica este goberno municipal, ignorando sistemáticamente o principio de negociación colectiva que debe rexer as relacións entre o goberno e os traballadores.

Este goberno tivo cartos para aumentar as prazas de habilitados nacionais, cubrir direccións de áreas ou xefaturas de servizo, pero non dispuxo de fondos para consolidar e manter os dereitos dos traballadores, como xa se ten falado noutras ocasións. Na

comisión de facenda do pasado lúns detraéronse 358 mil euros do capítulo de persoal, que sumados aos 665 mil previstos no plan de axuste para esta anualidade suman algo máis dun millon de euros.

O pasado día 11 de febreiro a totalidade das seccións sindicais con representación neste Concello presentaron unha proposta de revisión do Plan de Axuste. No propio mes de decembro, segundo noticias de prensa, os servizos económicos confirmaron a súa viabilidade, pero reafirmando que tiñan que facer consultas con outras administracións, como o Ministerio de Facenda, pero dende entón non existen respostas, só silencios.

Afirma a sra. Santullano que esta moción o que pretende é que ante a posibilidade de que algún día non moi lonxano este goberno presente unha proposta de orzamentos, se insta a que se reconduzan as negociacións cos representantes dos traballadores, e que o goberno acepte as medidas propostas por unanimidade dos representantes dos traballadores deste concello, ao entender que facelo é unha cuestión de vontade política.

A seguir, intervén D. Gonzalo Muíños na defensa da urxencia da moción sobre o incremento dos custos para as familias dos comedores escolares. Afirma o concelleiro que os responsables políticos do Partido Popular afixéronse a negar con toda clase de argumentos, aspaventos e desmesuras, ata o mesmo momento en que as están tomando, as medidas de recortes sociais en servizos básicos e as agresións de todo tipo ao estado do benestar e dos dereitos e liberdades, froito de décadas de esforzo e loitas de xeracións.

En definitiva, o goberno da Xunta foi precursor das políticas xerais postas en marcha, tamén dende a súa chegada ao goberno do Estado polo Partido Popular, para erosionar o sistema de educación pública gratuíta e igual para todos que con tanto esforzo a nosa sociedade lograra implantar nas últimas décadas.

Un claro exemplo deste tipo de políticas é o que actualmente se está a levar a cabo na nosa comunidade autónoma, en canto ao gasto en educación e en xeral e máis concretamente nas partidas destinadas a sufragar os gastos de comedor entre as familias máis necesitadas. Este tipo de axudas viñan supor un claro alivio para as maltreitas economias familiares, ao mesmo tempo que garantían que os nenos que proviñan de contornos sociais desfavorecidos recibiran, polo menos unha vez ao día, unha comida que lles permitise dispor dun aporte nutricional mínimo nunha etapa clave para o seu crecemento.

A cidade de Santiago non é allea a esta situación, e perto de duascentas familias veranse gravemente afectadas con estas medidas. ANPAS dos colexios públicos da cidade xa denunciaron esta situación ante os responsables de educación e nos medios de comunicación, considerando absolutamente inxustificada unha subida de prezos nos

servizos de comedor, máxime cando constataron que cos prezos pagos ata agora cúbrese o custo do servizo.

Ante esta situación, o grupo socialista no Concello de Santiago presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción:

1.- O goberno deste concello realizará un estudo para avaliar as consecuencias de aplicar a medida de incremento de prezo de menús escolares e de extensión do copago ás familias usuarias deste servizo nos colexios públicos de Compostela; O devandito estudo será presentado ao Pleno da Corporación no Pleno ordinario do mes de abril.

2.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a deixar sen efecto a citada proposta sobre o aumento do custo para as familias dos comedores escolares.

3.- O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que os usuarios do comedor do colexio público da Sionlla, continúen coas mesmas condicións actuais, e se non, que se lles apliquen  as mesmas condicións  que o resto dos usuarios dos comedores escolares do término municipal de Compostela.

Rematada a exposición, sométese a votación a urxencia na toma en consideración das mocións presentadas polo grupo socialista, que é rexeitada co resultado de 11 votos a favor, dos membros do grupo municipal BNG e PSdeG-PSOE, e 12 en contra, dos membros do grupo municipal popular.

Dona Elvira Cienfuegos, seguidamente, fai a defensa da urxencia das tres mocións presentadas polo BNG. As tres mocións refirense a educación, educación infantil e primaria, así que poderíanse ter integrado nunha, porque todas camiñan cara o mesmo obxectivo, que é o de garantir un ensino público de calidade que serva para avanzar cara unha sociedade máis xusta e máis igualitaria.

Di a concelleira que de todos e todas son coñecidos os sucesivos recortes de que foi obxecto o ensino público nos últimos anos, recortes nos orzamentos dos centros, nas axudas para libros, supresión do prescolar na casa, recortes no número de profesores e profesoras, nos seus salarios, ampliacións dos seu horarios e funcións, etc., etc.

A dotación de persoal administrativo nos centros educativos de infantil e primaria é unha necesidade que ven de lonxe, que non é hoxe discutida por ninguén, e que dou pé a unha reclamación reiterada e permanente dentro dos propios centros educativos. Este é un traballo desenvolvido polo persoal do centro, malia a que nos últimos anos aumentou a súa carga en cantidade, variedade, complexidade e urxencia, polo que require máis

tempo e dedicación que se lle resta ao profesorado para realizar outras funcións e impartir docencia.

Son escasisimos os centros que dispoñen de persoal administrativo, menos do 5%, un persoal prometido polo Partido Popular no seu programa para o acceso á Xunta no ano 2009, sen que ate o momento se tivera avanzado na súa incorporación.

Fai poucos días parece que a Consellería fixo saber a súa vontade de proceder a dotalos, e por esta razón o BNG entendeu que ó grupo de goberno non lle podía causar problema tratar e mesmo aprobar esta moción, que matiza que de non poder abordarse de inmediato esa incorporación se fixera escalonadamente, empezando polos de maior número de alumnado.

A segunda das mocións non ten que ver con respostas a vellas demandas, senón coa retirada de dereitos consolidados dende fai décadas, como é o dereito ao comedor do alumnado que o precisa, pola súa distancia ao centro, ou pola situación económica da familia. A Xunta ven de anunciar que o dereito a comedor vai estar ligado, exclusivamente, á falta de dispoñibilidades económicas das familias, de xeito que só as que están en situacións máis precarias poidan facer uso gratuíto del.

Hai que sinalar que a retirada deste dereito prodúcese no momento en que a sociedade está en peor situación económica, que cada día son máis as familias que sobrepasan o umbral da pobreza, aumenta a emigración, e diminúen os nacementos, de xeito que a poboación galega está en clara diminución, particularmente no medio rural, onde se foron eliminando escolas para concentrar á poboación escolar e agora esa poboación só pode acceder aos servizos se os paga, porque ir comer ás casas resulta inviable.

Hoxe a necesidade de comedor ven determinada en primeiro lugar por razóns de transporte, pero tamén polas condicións económicas, e en xeral polos ámbitos laborais da nosa sociedade, que non permiten a compatibilización da vida laboral  e familiar nos termos que serían necesarios.

Di a concelleira que neste momento en que se veñen de anunciar os cambios, parece urxente solicitar deste Pleno o apoio a instar á Xunta a non establecer un novo copago no servizo de comedores, a garantir o servizo para quen o necesite, e ampliar a gratuídade para quen non dispoña de recursos económicos.

A terceira das mocións ten que ver coa planificación da adscrición do alumnado á rede de centros públicos de infantil e primaria, que neste momento ven de xerar un problema en Santiago coas familias do alumnado da Casa do Neno. Este é un centro de educación infantil que a Xunta adscribiu no curso 2012-2013 ao centro de educación  infantil e primaria das Fontiñas. O centro non conta, como debía saber a Consellería de

Educación, con capacidade para acoller o novo alumnado en primeiro ano de educación primaria, e así se ven de comunicar ás familias, indicándolles que teñen que optar por outro centro. Dado que a situación foi creada pola propia Consellería, o BNG solicita do Pleno que demande á Xunta unha implicación máxima para atopar unha solución satifactoria para as familias que contaban con poder matricular aos nenos e nenas dos centros de Fontiñas e agora vense inesperadamente obrigadas, polo erro de planificación, a incorporarse a outros centros. Esta é unha situación que precisa dunha solución inmediata, xa que o prazo de inscrición abrirá xustamente despois de semana santa.

Rematada a exposición, sométese a votación a urxencia na toma en consideración das tres primeiras mocións transcritas con anterioridade presentadas polo grupo municipal do BNG, que é rexeitada co resultado de 11 votos a favor, dos membros do grupo municipal BNG e PSdeG-PSOE, e 12 en contra, dos membros do grupo municipal popular.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as vinte e unha horas e dez minutos. Dou fe